



PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA DO
DEPARTAMENTO DE
INGLÉS
CURSO 2021-2022

IES A SARDIÑEIRA
A CORUÑA

1. INTRODUCCIÓN	4
2. CONTEXTUALIZACIÓN. O CENTRO E O DEPARTAMENTO DE INGLÉS	4
2.1. Composición do departamento didáctico.	5
2.2. Reunións do departamento.	5
2.3. Libros de texto	5
3.-CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS	6
3.1.- Contribución da materia de inglés ao desenvolvemento das competencias clave.	6
3.2.- Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.	8
3.3.- Rúbrica para a avaliación de competencias	11
4. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	17
4.1. OBXECTIVOS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	17
4.2. Obxectivos da materia para a etapa	19
4.3.1º E.S.O.	20
4.3.1. Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe - 1º ESO.	20
Contidos sintáctico-discursivos	30
4.3.2. Concreción dos estándares de aprendizaxe. Secueciación e temporalización. Grao mínimo de consecución para superar a materia. procedementos e instrumentos de avaliación - 1º E.S.O.	30
Secuenciación e temporalización	31
Estándares de aprendizaxe . Grao Mínimo de consecución para superar a materia.	42
Contidos sintáctico-discursivos (mínimos):	44
4.4. 2º E.S.O.	45
4.4.1. Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe - 2º ESO	45
4.4.2 Concreción dos estándares de aprendizaxe. secuenciación e temporalización. grao mínimo de consecución para superar a materia. procedementos e instrumentos de avaliación - 2º ESO	57
Secuenciación e temporalización.	58
Estándares de aprendizaxe . Procedementos e instrumentos de avaliación	68
Contidos sintáctico-discursivos (mínimos):	71
4.5 3º E.S.O.	71
4.5.1. Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe - 3º ESO.	71
4.5.2. Secuencia de unidades didácticas - 3º ESO	82
4.5.3. Concreción dos estándares de aprendizaxe. temporalización. grao mínimo de consecución para superar a materia. procedementos e instrumentos de avaliación - 3º ESO.	104
Contidos sintáctico-discursivos (mínimos):	108
4.6.4º E.S.O.	108
4.6.1. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE - 4º E.S.O.	109
4.6.2. SECUENCIA DE UNIDADES DIDÁCTICAS - 4º E.S.O.	120
4.6.3. Concreción dos estándares de aprendizaxe. temporalización. grao mínimo de consecución para superar a materia. procedementos e instrumentos de avaliación - 4º ESO	141
Contidos sintáctico-discursivos (mínimos):	145
4.7.PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO	146
4.7. 1. 2º PMAR	146
4.7.1.1. Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe -2º PMAR	146
4.7.1.2. Secuencia de unidades didácticas - 2º PMAR	159

4.7.1.3.	Concreción dos estándares de aprendizaxe. temporalización. grao mínimo de consecución para superar a materia. procedementos e instrumentos de avaliación - 2º PMAR _____	171
	Contidos sintáctico-discursivos (mínimos): _____	175
4.7.2.	3º PMAR _____	176
4.7.2.1.	Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe - 3º PMAR _____	176
	Secuencia de unidades didácticas - 3º PMAR _____	185
4.7.2.2.	Concreción dos estándares de aprendizaxe. temporalización. grao mínimo de consecución para superar a materia. procedementos e instrumentos de avaliación - 3º PMAR _____	202
	Contidos sintáctico-discursivos (mínimos): _____	206
5.	BACHARELATO _____	206
5.1.	Obxectivos do bacharelato _____	206
5.2.	OBXECTIVOS DA MATERIA PARA A ETAPA _____	208
5.3.	1º BACHARELATO _____	208
5.3.1.	Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe – 1º BAC _____	208
5.3.2.	Concreción dos estándares de aprendizaxe. Secuenciación e temporalización. Grao mínimo de consecución para superar a materia. procedementos e instrumentos de avaliación – 1º BAC _____	226
	Contidos sintáctico-discursivos (mínimos): _____	240
5.4.	2º BACHARELATO _____	241
5.4.1.	Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe– 2º BAC _____	241
	Contidos sintáctico-discursivos: _____	253
5.4.2.	Concreción dos estándares de aprendizaxe. Secuenciación e temporalización. grao mínimo de consecución para superar a materia. Procedementos e instrumentos de avaliación– 2º BAC _____	254
	Secuenciación e temporalización _____	255
	Contidos sintáctico-discursivos (mínimos): _____	266
5.5.	AFONDAMENTOS EN 1º e 2º de BACHARELATO _____	267
	Criterios de avaliación Afondamento da lingua inglesa 1º e 2º de BAC. _____	267
6.	METODOLOXÍA DIDÁCTICA _____	268
7.	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS _____	272
8.	CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO _____	273
8.1.	CRITERIOS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN _____	273
8.2.	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. _____	274
8.3.	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN _____	275
8.4.	PROMOCIÓN _____	277
9.	INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE _____	278
10.	ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES _____	280
11.	PROCEDEMENTO DE ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS NO BACHARELATO _____	280
12.	A AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS _____	281
13.	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE _____	281
14.	TEMAS TRANSVERSAIS E EDUCACIÓN EN VALORES _____	283
15.	CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PROXECTO LECTOR _____	286
16.	CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN TIC _____	287
17.	CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN DE CONVIVENCIA _____	287

18.	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	288
19.	MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA	288
19.1.	ENSINANZA SEMIPRESENCIAL OU TELEMÁTICA	290
20.	PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO	291
21.	PLAN DE AMPLIACIÓN E REFORZO	291

1. INTRODUCCIÓN

Os criterios, que o Departamento de Inglés segue para a confección da programación do curso son os marcados pola Inspección:

Concreción dos obxectivos para o curso

Concreción para cada estándar de aprendizaxe

Temporalización

Grao mínimo de consecución para superar a materia

Procedementos e instrumentos de avaliación.

Concrecións metodolóxicas que require a materia

Materiais e recursos didácticos.

Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

Seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Avaliación inicial e medidas a adoptar como resultado delas.

Medidas de atención á diversidade

Elementos transversais

Actividades complementarias e extraescolares.

Trataremos cada un dos puntos referidos con anterioridade de forma extensa e aclaratoria en cada unha das programacións aquí presentadas.

Así mesmo queremos subliñar que os criterios da avaliación xa veñen contemplados en cada unha das unidades e que seguiremos os criterios de cualificación marcados en anos anteriores polos membros do departamento. **O alumnado debe ser informado dende o primeiro día de clase de ditos criterios e deberán estar publicados na páxina web** do centro, xunta os criterios mínimos para unha cualificación positiva na materia.

2. CONTEXTUALIZACIÓN. O CENTRO E O DEPARTAMENTO DE INGLÉS

Esta programación elabórase para o IES A Sardiñeira, un centro público de ensino secundario que no seu PEC defínese como pluralista, tolerante e respetuoso con todas as tendencias culturais, ideolóxicas e relixiosas.

O centro está situado preto do barrio dos Mallos, na cidade da Coruña. É unha zona ben comunicada, preto da estación de ferrocarril e de autobuses, e conta cunha ampla oferta educativa: unha gardería, centros de Educación Primaria, Secundaria e Formación Profesional, e un Museo de Arte Contemporáneo. Existen

ademais boas instalacións deportivas nas proximidades, con piscinas e pistas polideportivas, así coma un centro de saúde.

A maior parte do alumnado de Secundaria procede deste barrio, no que predominan os pequenos industriais e asalariados, sendo o medio socioeconómico medio, e xeralmente cursaron estudos primarios nun dos centros adscritos: Wenceslao Fernández Flórez, Rosalía de Castro, Karbo e Xosé Cornide. Contamos tamén cunha minoría de alumnado procedente do estranxeiro, xeralmente hispano falantes procedentes maioritariamente de América Central e do Sur, e case todos os anos cursan tamén estudos uns poucos alumnos procedentes de países como Marrocos, Gambia, Senegal, Rumanía ou Pakistán.

No centro cursan estudos ao redor de cincocentos alumnos, repartidos en dous edificios, cun claustro de mais de cincuenta profesores.

Ademais do ensino en secundaria e en Bacharelato o noso centro conta con varios ciclos da familia química no que se imparte a materia de **Formulación e preparación de mesturas** en inglés a un 50 %. A coordinación do tratamento bilingüe de dita materia será levada a cabo polo noso departamento, así como a coordinación da materia **Tecnoloxía de 2º de ESO en inglés**.

2.1. Composición do departamento didáctico.

O Departamento de Inglés constará este ano de 3 profesores, dous deles con destino definitivo no centro e un con carácter interino.

NOEMÍ PUGA VIDAL: Xefa do Departamento. Imparte un 2º de Bacharelato, un 1º de Bacharelato, catro 2ºs de ESO (3 grupos + 1 grupo de PMAR), 2 “Afondamentos” de 1º de BAC e dúas horas de coordinación das seccións bilingües.

JOSÉ MANUEL VÁZQUEZ VÁZQUEZ. Imparte tres grupos de 3º de ESO, dous cursos de 4º de ESO, un 1º de Bacharelato e 1 “Afondamento” de 2º de BAC.

EMMA GARCÍA BERTOIA. Tres 1ºs de ESO, un PMAR de 3º de ESO, un 2º de BAC, 1 2º de BAC con Inglés como 2ª lingua estranxeira e un “Afondamento” de 2º de BAC.

2.2. Reunións do departamento.

As reunións do departamento levarémolas a cabo os xoves ás 5:30, de xeito presencial, en modo virtual, ou en calquera recreo convidado para realizar calquera labor de coordinación que sexa pertinente.

2.3. Libros de texto

1º ESO: New Action 1 (Burlington Books)

2º ESO: New Action 2 (Burlington Books)

3º ESO: Smart Planet 3 (Cambridge UP)

4º ESO: Smart Planet 4 (Cambridge UP)

2º PMAR: New Action 2 Basic Practice (Burlington Books)

3º PMAR: Smart Planet 3 Workbook (Cambridge UP)

1º BACH: Trends for Bachillerato 1 (Burlington Books)

2º BACH: Trends for Barchillerato 2 (Burlington Books)

3.-CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

3.1.- Contribución da materia de inglés ao desenvolvemento das competencias clave.

En liña coa Recomendación 2006/962/EC, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, o Real Decreto polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares.

As competencias enténdense como un “saber facer” en calquera contexto académico, social e profesional, e a súa adquisición e condición indispensable para lograr que os individuos alcancen un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional que se axuste ás demandas dun mundo globalizado e a necesidade dunha aprendizaxe continua.

A LOMCE adopta a denominación das competencias clave definidas pola Unión Europea:

CCL - Comunicación lingüística.

CMCT - Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

CD - Competencia dixital. CAA - Aprender a aprender.

CSC - Competencias sociais e cívicas.

CSIEE - Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. CCEC - Conciencia e expresións culturais.

Estas competencias non se cinguen a un nivel específico ou a unha materia. Pola contra todas e cada unha das áreas do currículo posibilitan a adquisición e desenvolvemento de todas elas en todas as etapas e niveis.

A materia de inglés é un area excelente para adquirir, en maior ou menos medida, todas as competencias clave, ben sexa a través de textos orais e escritos, ben a través da súa propia dinámica de traballo na aula:

Competencia en comunicación lingüística

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia dun xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade,

de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Utilizar números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

As competencias científica e tecnolóxica, e partindo do coñecemento da natureza, dos conceptos, principios e métodos científicos fundamentais e dos produtos e procesos tecnolóxicos, así como a comprensión da incidencia da ciencia e a tecnoloxía sobre a natureza, permiten comprender mellor os avances, as limitacións e os riscos das teorías científicas, as aplicacións e a tecnoloxía nas sociedades en xeral. Son parte destas competencias básicas o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para alcanzar obxectivos baseados en probas.

Competencia dixital

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

Competencia para aprender a aprender

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rendibilízase enormemente se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada alumno identifique como aprende mellor e que estratexias o fan máis eficaz. Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entre outras.

Competencias sociais e cívicas

As linguas serven aos falantes para comunicarse socialmente, pero tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes desta.

Este feito favorece a comprensión da realidade social en que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade coma as diferenzas.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

As decisións que provoca a reflexión sobre a propia aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida que a autonomía e iniciativa persoal involucran a miúdo outras persoas, esta competencia obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber axeitadamente aos demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, polo tanto, poder reelaborar as formulacións previas ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

Conciencia e expresións culturais

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, polo tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura. Esta competencia incorpora así mesmo o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.

3.2.- Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.

Comunicación lingüística

Comprende a idea principal e información específica en mensaxes orais, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, transaccións e xestións cotiás do ámbito persoal, público, académico e profesional.

Comprende os puntos principais e detalles relevantes de conversas formais e informais.

Identifica as ideas principais e información relevante de presentacións, charlas, exposicións ou noticias.

Distingue trazos sonoros, acento, ritmo e entoación en contextos variados e identifica a súa intención comunicativa.

Utiliza estratexias para comprender a idea global ou inferir significados non explícitos nun texto oral.

Utiliza recursos lingüísticos como a paráfrase ou a explicación para entender e facerse entender.

Utiliza a lingua estranxeira nas actividades da aula.

Realiza presentacións orais, ben estruturadas e responde a preguntas que se lle poidan formular sobre as súas presentacións.

Desenvólvese en transaccións e xestións cotiás de forma correcta.

Participa en intercambios comunicativos en contextos habituais, e en conversacións sobre temas variados

con fluidez e precisión.

Exprésase correctamente en conversas nas que participa, utilizando estruturas axeitadas e unha pronuncia clara e comprensible.

Ten conciencia das convencións sociais, dos valores e aspectos culturais e da versatilidade da linguaxe en función do contexto e da intención comunicativa.

Identifica a información relevante de instrucións, indicacións ou normas.

Comprende o sentido xeral e detalles específicos de textos en diferentes soportes.

Comprende información relevante en correspondencia de carácter formal e informal en diferentes soportes.

Localiza información específica esencial en material de referencia e estudo.

Busca, recompila e procesa información para comprender, compoñer e utilizar distintos tipos de texto, con intencións comunicativas ou creativas diversas.

Entende as ideas principais de textos xornalísticos, literarios ou de ficción en diferentes soportes.

Infire significados a partir del contexto.

Valora a lectura como fonte de pracer e de coñecemento.

Utiliza estratexias de planificación, textualización, revisión e versión final para compoñer textos.

Completa formularios, cuestionarios ou impresos con información persoal, en diferentes soportes.

Escribe notas, mensaxes, anuncios, posts e correspondencia formal e informal con información relevante e opinións persoais.

Escribe textos de certa complexidade utilizando un léxico adecuado, convencións ortográficas, de puntuación e formato correctos e ben estruturados, en diferentes soportes.

Recoñece os elementos culturais mais relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, e establece relacións entre eles e os da seu propia cultura.

Comprende e utiliza os recursos lingüísticos propios do seu nivel

Domina as estruturas morfo-sintácticas e discursivas necesarias para comprender e expresarse.

Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Ordena e clasifica datos atendendo a un criterio.

Interpreta e representa datos estatísticos en gráficas e táboas.

Resolve crebacabezas, encrucillados e adiviñas.

Mostra respecto polo contorno natural e animal.

Valora e practica os hábitos de vida saudable.

Demuestra espírito crítico na observación da realidade e na análise das mensaxes informativas e publicitarias.

Identifica os problemas ambientais máis relevantes e relaciónaos coas causas e cos seus posibles efectos.

Aplica estratexias propias do método de investigación científica.

Competencia dixital

Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Obtén información en Internet para a resolución de tarefas en inglés.

Realiza presentacións e proxectos en inglés utilizando diferentes soportes e ferramentas dixitais.

Estuda e practica o inglés en soporte dixital.

Utiliza as TIC para establecer relacións sociais de xeito responsable.

Aprender a aprender

Identifica, planifica e aplica os seus obxectivos na realización de actividades, tarefas e proxectos.

Utiliza ferramentas e recursos para resolver dúbidas, ampliar o seu coñecemento e corrixir erros.

Mostra interese por realizar avaliacións para valorar o seu propio progreso e identificar os puntos de mellora.

Identifica e aplica diferentes estratexias para progresar na aprendizaxe de forma autónoma.

Competencias sociais e cívicas

Participa en actividades por parella e grupais con respecto e interese.

Interactúa con educación e atención valorando e respectando a opinión, gusto e preferencias dos seus compañeiros.

Valora e practica o uso do inglés para relacionarse con outras persoas e coñecer outras culturas.

Interésase por e respecta os costumes, normas e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Aplica as estratexias necesarias para realizar as súas tarefas de forma autónoma.

Mostra unha actitude proactiva e positiva na lectura de textos de forma autónoma.

Planifica, organiza e revisa os seus traballos para unha correcta presentación.

Toma conciencia das consecuencias das súas decisións.

Conciencia e expresións culturais

Utiliza elementos e técnicas artísticas na elaboración e presentación dos seus proxectos e exposicións.

Identifica aspectos culturais dos países anglosaxóns e compáraos cos seus mostrando respecto e interese.

Identifica diferentes formas de expresión cultural e mostra interese por ampliar o seu coñecemento.

Mostra interese por propiciar intercambios comunicativos reais con falantes da lingua estranxeira.

3.3.- Rúbrica para a avaliación de competencias

Competencias	Instrumentos para avaliar						Cualificación				
	Observación sistemática	Proba escrita	Proba oral	Interacción	Presentacións	Proxectos	IN	SU	BE	NT	SB
1. Comunicación lingüística											
Estabelece vínculos e relacións construtivas cos demais e co contorno, e achégase a novas culturas, que adquiren consideración e respecto.											
Usa a comunicación lingüística como motor da resolución pacífica de conflitos.											
Expresa e comprende as mensaxes orais en situacións comunicativas diversas e adapta a comunicación ao contexto.											
Produce textos orais adecuados a cada situación, utilizando códigos e habilidades lingüísticas e non lingüísticas, así como regras propias do intercambio comunicativo.											
Busca, recompila e procesa información para comprender, compoñer e utilizar distintos tipos de textos, con intencións comunicativas ou creativas diversas.											
Usa a lectura como fonte de pracer, de descubrimento doutros contornos, idiomas e culturas, de fantasía e de saber.											
Expresa e interpreta diferentes tipos de discurso acordes á situación comunicativa en diferentes contextos sociais e culturais.											
Ten conciencia das convencións sociais, dos valores e aspectos culturais e da versatilidade da linguaxe en función do contexto e da intención comunicativa.											
Le, escoita, analiza e ten en conta opinións distintas á propia.											
Expresa adecuadamente as propias ideas e emocións, e acepta e realiza críticas con espírito construtivo.											
Enriquece as relacións sociais e desenvólvese en contextos distintos ao propio, comunicándose nunha lingua estranxeira, polo menos.											
Accede a diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.											
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía	ásicas										

Produce e interpreta distintos tipos de información, amplía o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, e resolve problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral.																			
Interpreta e expresa con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.																			
Aplica a información a unha maior variedade de situacións e contextos, segue cadeas argumentais, identificando as ideas fundamentais, e estima e axuíza a lóxica e a validez de argumentacións e informacións.																			
Identifica a validez dos razoamentos e valora o grao de certeza asociado aos resultados derivados dos razoamentos correctos.																			
Identifica situacións que precisan elementos e razoamentos matemáticos, aplica estratexias de resolución de problemas e selecciona as técnicas adecuadas para calcular, representar e interpretar a realidade a partir da información dispoñíbel.																			
Utiliza elementos e razoamentos matemáticos para interpretar e producir información, resolve problemas provenientes da vida cotiá e toma decisións.																			
Comprende sucesos, predí consecuencias e mellora e preserva as condicións de vida propia e dos demais; ademais, desenvólvese adecuadamente, con autonomía e iniciativa persoal en diversos ámbitos da vida e do coñecemento.																			
Aplica os conceptos e principios básicos que permiten a análise dos fenómenos desde os diferentes campos de coñecemento científico.																			
Percibe de forma adecuada o espazo físico no que se desenvolven a vida e a actividade humana e interactúa co espazo circundante.																			
Demostra espírito crítico na observación da realidade e na análise das mensaxes informativas e publicitarias, así como uns hábitos de consumo responsábel na vida cotiá.																			
Argumenta racionalmente as consecuencias duns ou outros modos de vida, e adopta unha disposición a unha vida física e mental saudábel, nun contorno natural e social tamén saudábel.																			
Identifica preguntas ou problemas e obtén conclusións baseadas en probas para comprender e tomar decisións sobre o mundo físico e sobre os cambios que produce a actividade humana.																			

Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación a partir da comprensión da natureza e do modo de operar dos sistemas tecnolóxicos, e do efecto que eses cambios teñen no mundo persoal e sociolaboral.																			
Identifica e resolve problemas habituais de software e hardware que poidan xurdir.																			
Organiza a información, procésaa e oríéntaa para conseguir obxectivos e fins establecidos.																			
Resolve problemas reais de modo eficiente, e avalúa e selecciona novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas, a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.																			
É unha persoa autónoma, eficaz, responsábel, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar, utilizar e valorar a información e as súas fontes, contrastándoa cando é necesario. Respecta as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.																			
4. Aprender a aprender																			
Dispón de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.																			
Adquire conciencia das propias capacidades e das estratexias necesarias para desenvolverlas.																			
Dispón dun sentimento de motivación, confianza nun mesmo e gusto por aprender.																			
É consciente do que sabe e de como se aprende.																			
Xestiona e controla de forma eficaz os procesos de aprendizaxe, optimizándoos e orientándoos a satisfacer obxectivos persoais.																			
Saca proveito das propias potencialidades, aumentando progresivamente a seguridade para afrontar novos retos de aprendizaxe.																			
Desenvolve capacidades como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión e a expresión lingüística ou a motivación de éxito.																			
Coñece os diferentes recursos e fontes para a recollida, selección e tratamento da																			

Información, incluídos os recursos tecnolóxicos.																				
Afronta a toma de decisións racional e criticamente, coa información dispoñíbel.																				
Obtén información para transformala en coñecemento propio relacionado cos coñecementos previos e coa propia experiencia persoal.																				
Fixa metas alcanzábeis a curto, medio e longo prazo.																				
Autoavalíase e autorregúlase, é responsábel, acepta os erros e aprende dos, e cos, demais.																				
Ten conciencia, xestiona e controla as propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal.																				
5. Competencias sociais e cívicas																				
Comprende a realidade social na que vive e contribúe á súa mellora.																				
Participa, toma decisións e elixe como comportarse en determinadas situacións.																				
Exerce activa e responsabelmente os dereitos e deberes da cidadanía.																				
É consciente da existencia de distintas perspectivas á hora de analizar a realidade social e histórica do mundo.																				
Dialoga para mellorar colectivamente a comprensión da realidade.																				
Entende os aspectos das sociedades actuais, a súa crecente pluralidade e o seu carácter evolutivo.																				
Dispón dun sentimento de pertenza á sociedade na que vive.																				
Resolve os problemas con actitude construtiva, mediante unha escala de valores baseada na reflexión crítica e no diálogo.																				
Ponse no lugar do outro e comprende o seu punto de vista, aínda que sexa diferente do propio.																				
Recoñece a igualdade de dereitos entre os diferentes colectivos, especialmente entre o home e a muller.																				
Constrúe e pon en práctica normas de convivencia coherentes cos valores democráticos.																				

lles permitan:

Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade.

Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o

medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4.2. Obxectivos da materia para a etapa

Escoitar e comprender información xeral e específica oral en distintas situacións comunicativas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación co falante.

Comunicarse oralmente en situacións habituais de forma comprensible, axeitada e con certo nivel de autonomía.

Ler e comprender textos diversos dun nivel axeitado ás capacidades e intereses do alumnado co fin de extraer información xeral e específica, e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.

Escribir textos sinxelos con fins diversos sobre distintos temas utilizando recursos axeitados de cohesión e coherencia.

Utilizar eficazmente os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.

Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionando sobre o propio proceso de adquisición da lingua e transferindo á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.

buscar, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito na lingua estranxeira utilizando todos os medios ao seu alcance, (bibliotecas, tecnoloxías da información e a comunicación e as estratexias de aprendizaxe).

Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas distintas evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.

Manifestar unha actitude receptiva e de autoconfianza na propia capacidade de aprender e usar a lingua

estranxeira.

Coñecer os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, establecer relación entre aspectos culturais deses países e os propios rexeitando estereotipos negativos.

4.3.1° E.S.O.

4.3.1. Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe - 1° ESO.

INGLÉS 1° de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. Comprensión de textos orais		
B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: Uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. Uso dos coñecementos referenciais sobre o	B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes	PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas sobre temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado. PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata. PLEB1.3. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e
INGLÉS 1° de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
tema. Identificación de palabras clave. Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.	do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos	información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez.

<p>Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece.</p> <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</p>	<p>orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar formal, que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais escolares e da familia ou do propio campo de interese, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</p> <p>B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis salientables en conversas sinxelas reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, gustos ou sensacións físicas moi básicas, expresadas pausadamente e con boa articulación, e que se poidan escoitar de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito.</p> <p>B1.5. Recoñecer as fórmulas máis habituais de contacto social e as normas de cortesía máis sinxelas e comúns para a súa idade, e as utilizadas máis habituais para iniciar e terminar o discurso.</p> <p>B1.6. Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, articulados pausadamente e con claridade, e con apoio de imaxes moi redundantes.</p>	<p>PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa.</p> <p>PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito.</p> <p>PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez.</p>
<p>Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción</p>		
<p>B2.1. Estratexias de produción: – Planificación. – Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da</p>	<p>B2.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións de cando en vez.</p> <p>B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente</p>	<p>PLEB2.1. Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p>
<p>INGLÉS 1º de ESO</p>		
<p>Contidos</p> <p>producción ou da interacción.</p> <p>Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa</p> <p>Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</p>	<p>Criterios de avaliación</p> <p>estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor.</p> <p>B2.3. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descrições, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando</p>	<p>Estándares de aprendizaxe</p> <p>PLEB2.2. Fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións.</p>

<p>Execución.</p> <p>Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto traballados na clase previamente.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos</p>	<p>conectores textuais, e con dominio do vocabulario elemental para lograr a finalidade de comunicación.</p> <p>B2.4. Producir textos breves e comprensibles, en conversas cara a cara, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dá, se solicita e intercambia información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifican brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto.</p> <p>B2.5. Empregar para comunicarse mecanismos sinxelos o suficientemente axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deixes persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais básicos máis frecuentes).</p> <p>B2.6. Manexar con certa fluidez frases curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións</p>	<p>PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade evidente en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).</p> <p>PLEB2.4. Establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo.</p> <p>PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.</p> <p>PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas</p>
<p>INGLÉS 1º de ESO</p>		
<p>Contidos</p>	<p>Cráterios de avaliación</p>	<p>Estándares de aprendizaxe</p>

lingüísticos dispoñibles. Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos: Lingüísticos: Modificación de palabras de significado parecido. Definición ou parafrase dun termo ou unha expresión. Paralingüísticos: Petición de axuda ou clarificación. Sinalización de obxectos, uso deícticos ou realización de accións que aclaren o significado. Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal). Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo. Uso dos elementos prosódicos sinxelos (pausas, ritmo e entoación) como	habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes. B2.7. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.	compañeiras.
--	--	--------------

INGLÉS 1º de ESO

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario ou oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas. B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender. B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compra-venda, e outras igualmente cotiás e básicas.		

Bloque 3: Comprensión de textos escritos

<p>B3.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</p> <p>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</p> <p>Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo),</p>	<p>B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.</p> <p>B3.2. Comprender instrucións básicas e avisos, obrigas e prohibicións (por exemplo, indicacións para chegar a un lugar, frecuencia da dose dun medicamento, manexo elemental de aparellos coñecidos, etc.).</p> <p>B3.3. Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en</p>	<p>PLEB3.1. Comprende, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas e básicas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, e segue instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer).</p> <p>PLEB3.2. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta de carácter pedagóxico claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida</p>
<p>INGLÉS 1º de ESO</p>		
<p>Contidos</p>	<p>Criterios de avaliación</p>	<p>Estándares de aprendizaxe</p>
<p>adaptando a comprensión a el.</p> <p>Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.</p>	<p>situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con outras materias do currículo.</p> <p>B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten de asuntos cotiáns, de temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual.</p> <p>B3.5. Identificar información persoal básica (descrición física, data e lugar de nacemento, idade e sexo, estado civil, orixe e nacionalidade, profesión, gustos, etc.) e no ámbito público, presentada ou solicitada en cartas, formularios, fichas, cuestionarios, anuncios, etc.</p> <p>B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar.</p>	<p>reler as seccións difíciles.</p> <p>PLEB3.3. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de publicacións propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo.</p> <p>PLEB3.4. Atopa a información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de lecer, dicionarios, catálogos, etc.</p> <p>PLEB3.5. Entende información básica (lugar, prezo, horarios, datos ou preguntas relativas á información persoal, etc.) de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese.</p> <p>PLEB3.6. Comprende con fluidez textos adaptados (por exemplo, en lecturas para a xente nova) de historias de ficción.</p>

Bloque 4. Produción de textos escritos: expresión e interacción		
B4.1. Estratexias de produción: Planificación. Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). Localización e uso adecuado de	B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, ponendo unha idea principal en cada parágrafo, etc.). B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos máis básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis	PLEB4.1. Escribe notas e mensaxes (por exemplo, posts e chats en redes sociais), en situacións reais ou simuladas, nas que dá e solicita breve información sobre citas, preferencias e sentimentos, relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese. PLEB4.2. Elabora textos moi breves nos que expón, por exemplo, unha enumeración de actividades ou tarefas moi habituais, listas de compras, traxecto habitual etc.; e textos que expresen sentimentos básicos de gusto, desgusto, aceptación, negación, etc.
INGLÉS 1º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). – Uso de elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos. Execución. Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. Estruturación do contido do texto. Organización do texto en parágrafos abordando en cada unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou idea global. Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos disponibles. Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e	comúns, cun control razoable de expresións e estruturas básicas e sinxelas, e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar. Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información moi sinxela e predicible. B4.3. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal. B4.4. Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiáns e de inmediata necesidade. B4.5. Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela, sobre temas da vida cotiá, empregando palabras e expresións moi básicas de uso habitual, de encabezamento e despedida, e frases e oracións simples illadas e enlazadas con conectores elementais. B4.6. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención ás marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.), en soporte impreso e dixital.	PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital). PLEB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, e a etiqueta se utiliza as redes sociais. PLEB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén contacto social real ou simulado (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información básica sobre si mesmo, e a súa vila (por exemplo, descrición en termos moi sinxelos de sucesos importantes e experiencias persoais; instrucións sinxelas, aceptación e ofrecemento de suxestións, como cancelar, confirmar ou modificar unha invitación ou uns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo.

locucións, do tipo "agora volto", "xa nos veremos",		PLEB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.
INGLÉS 1º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
etc.). Revisión: Identificación de problemas, erros e repeticións. Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). Reescritura definitiva.		
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural		
B5.1. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. Sons e fonemas vocálicos. Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. Procesos fonolóxicos básicos. Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración. B5.2. Padróns gráficos e convencións ortográficas. Uso das normas básicas de ortografía da palabra. Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e	B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronunciación polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións. B5.2. Coñecer e utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, etc.), ás condicións de vida, ás relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, etc.), ao comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz e contacto visual) e ás convencións sociais (costumes e tradicións). B5.3. Interactuar segundo as convencións sociais máis básicas da cultura estranxeira, e utilizar os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito. B5.4. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, e amosar curiosidade e respecto ante as	PLB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, e produce comprensiblemente trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. PLB5.2. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal, con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo. PLB5.3. Utiliza as convencións orais básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a queda de palabra, e fórmulas orais breves para manter a atención, etc.).

		PLB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas
INGLÉS 1º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e verbal elemental na cultura estranxeira. Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións; condicións de vida (vivenda e contexto); relacións interpersoais (familiares, amizade ou escolares); música, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos, lugares, etc.; e costumes, valores e actitudes máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade, a través de producións multimediais e de manifestacións artísticas dos países onde se fale a lingua estranxeira. Identificación das similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns e no uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.	diferenzas. B5.5. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes. B5.6. Utilizar as experiencias lingüísticas e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe, e apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe. B5.7. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente, e amosar control sobre un conxunto de estruturas gramaticais e modelos oracións e frases dentro dun repertorio básico memorizado. B5.8. Comprender e utilizar un repertorio léxico oral básico suficiente para comunicar información, contidos elementais doutras materias do currículo e opinións breves, simples e directas en situacións habituais e cotiás propias da súa idade e do seu nivel escolar. B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas. PLB5.5. Nas actividades de aula, reflexiona sobre a utilización para a comprensión e a elaboración de textos do coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfosintácticos e discursivos básicos e habituais no uso da lingua. PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes, elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e paratextuais). PLB5.7. Recoñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo. PLB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
INGLÉS 1º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe

<p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <p>Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <p>Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.</p> <p>Descrición de calidades físicas e abstractas básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión básica de sucesos futuros.</p> <p>Petición e ofrecemento de información, indicacións, expresión sinxela de opinións e advertencias.</p> <p>Expresión do</p>		
<p>INGLÉS 1º de ESO</p>		
<p>Contidos</p>	<p>Criterios de avaliación</p>	<p>Estándares de aprendizaxe</p>

<p>coñecemento, a certeza e a dúbida.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os seus contrarios.</p> <p>Formulación de suxestións e desexos, e expresión básica de condicións e hipóteses.</p> <p>Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:</p> <p>Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>Expresións fixas; enunciados fraseolóxicos</p>		
<p>INGLÉS 1º de ESO</p>		
<p>Contidos</p>	<p>Criterios de avaliación</p>	<p>Estándares de aprendizaxe</p>
<p>básicos e máis habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de opinións), e léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo.</p> <p>B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>		

Contidos sintáctico-discursivos

INGLÉS 1º de ESO
Expresión de relacións lóxicas: conxunción (<i>and, too, also</i>); disxunción (<i>or</i>); oposición (<i>but</i>); causa (<i>because (of)</i> ; <i>due to</i>); finalidade (<i>to + infinitive; for</i>); comparación (<i>as/not so +Adj.+ as; more comfortable/ quickly, faster (than); the fastest</i>); resultado (<i>so...</i>); condición (<i>first conditional</i>).
Relacións temporais (<i>as soon as;while</i>).
Afirmación (<i>affirmative sentences; tags</i>).
Exclamación (<i>What + Adj. + noun, e. g. What a wonderful holiday!; How + Adj., e. g. How interesting!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Well, that is a surprise! Fine! Great!</i>).
Negación (<i>negative sentences with not, never, non (Noun, e. g. never mind, not to worry, nobody, nothing; negative tags</i>).
Interrogación (<i>Wh- questions; Aux. Questions; What is this for?; tags</i>).
Expresión do tempo: pasado (<i>past simple and continuous; present perfect; presente (present simple and continuous)</i>); futuro (<i>going to; will; present simple and continuous + Adv.</i>).
Expresión do aspecto: puntual (<i>simple tenses</i>); durativo (<i>present and past simple/perfect</i>); habitual (<i>simple tenses + Adv., e. g. usually</i>); <i>used to</i>); incoativo (<i>start + verb+ ing</i>); terminativo (<i>stop + verb+ ing</i>).
Expresión da modalidade: factualidade (<i>declarative sentences</i>); capacidade (<i>can; be able to</i>); posibilidade/probabilidade (<i>may; might; perhaps</i>); necesidade (<i>must; need; have (got) to</i>); obriga (<i>have (got) to; must; imperative</i>); permiso (<i>could; allow</i>); intención (<i>present continuous</i>).
Expresión da existencia (<i>e. g. there will be/has been</i>); a entidade (<i>count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/emphatic); determiners</i>); a calidade (<i>e. g. good at maths; rather tired</i>).
Expresión da cantidade (singular/plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: <i>e. g. all (the), most, both, none</i> . Degree: <i>e. g. really; quite; so; a little</i>).
Expresión do espazo (<i>prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement</i>).
Expresión do tempo (<i>points (e. g. five to (ten)); divisions (e. g. century; season), and indications (ago; early; late) of estate; duration (from...to; during; until; since); anteriority (already; (not) yet); posteriority (afterwards; later); sequence (first, next, last); simultaneousness (while, as); frequency (e. g. often, usually)</i>). Expresión do modo (<i>Adv. and phrases of manner, e. g. easily; by post</i>).

4.3.2. Concreción dos estándares de aprendizaxe. Secueciación e temporalización. Grao mínimo de consecución para superar a materia. procedementos e instrumentos de avaliación - 1º E.S.O.

As seguintes táboas mostran o grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe necesaria para superar a materia de 1º ESO, así como a súa temporalización e os procedementos e instrumentos de avaliación a utilizar. Para a súa debida comprensión, faise necesario puntualizar o seguinte:

-A temporalización por horas dedicadas á consecución de cada estándar de aprendizaxe na materia de inglés é practicamente imposible de establecer, pois todos aqueles estándares referidos a aspectos xerais da comprensión e a expresión, como en calquera outra lingua, trabállanse repetidamente ao longo do curso, e

é precisamente esta repetición continua a que permite a súa consecución. En calquera caso, o tempo total do curso divídese practicamente por igual entre os contidos morfosintácticos e as catro destrezas básicas, *listening, speaking, reading e writing*, polo que a cada unha delas corresponderíalle un quinto do total de horas adxudicadas.

Tampouco é fácil establecer unha temporalización por unidades, pois todas repiten o mesmo esquema, repartindo as actividades de ensino-aprendizaxe entre os contidos morfosintácticos e léxicos, e as catro destrezas, nunha especie de bucle continuo e crecente. Establécese, xa que logo, unha temporalización en base ás distintas avaliacións, aínda que tan só aqueles estándares que se refiren a puntos moi concretos da comprensión e a expresión traballaranse nunha soa avaliación.

Con obxecto de ver claramente a gradación e a secuenciación que nos permita determinar cando e como se van a traballar os contidos necesarios para a consecución das capacidades descritas nos estándares de aprendizaxe, achéganse, no punto anterior, as distintas unidades didácticas que conforman o curso, e que serán repartidas proporcionalmente entre as distintas avaliacións.

-En canto á avaliación, cabo precisar que na aprendizaxe dunha lingua estranxeira desde un enfoque comunicativo, as destrezas non se traballan en solitario. A comprensión oral demóstrase moitas das veces na realización dunha tarefa escrita (completar oracións, identificar palabras dunha lista...). Igualmente a comprensión dun texto escrito conleva as subseguintes tarefas de expresión escrita (respostas a preguntas abertas, de elección múltiple, de verdadeiro/falso...) Cabe entender, xa que logo, que cando nos referimos a proba oral ou proba escrita dentro dun bloque, necesariamente entrarán en xogo, aínda que en menor medida, estándares correspondentes polo menos a outro bloque.

-Engadasen á táboa os contidos léxicos e morfosintácticos mínimos que se consideran imprescindibles para alcanzar os estándares en grado mínimo, pois son eles os que proporcionan corpo e significado aos distintos bloques.

Secuenciación e temporalización

1ª AVALIACIÓN	UNIDADE 1 SETEMBRO - OUTUBRO 12 SESIÓNS	
BLOQUE	CONTIDO	MATERIAL DE REFERENCIA
B1.1 - B1.3	Listening Comprensión oral dunha conversa sobre como rexistrarse nunha rede social. Escoitar e completar un formulario de rexistro. Uso do IC, <i>Slideshows</i> , vídeos sinxelos e de curta duración con exercicios sobre os contidos que están estudando na unidade. Listening Rexistro nunha feira internacional de informática. Realización de varios exercicios para responder varias preguntas sobre os anuncios.	1,2,3,4,5,6,7
B2.1 – B2.3	Speaking	1,2,3,4,5,6,7

	<p><i>Useful Language:</i> práctica da linguaxe e expresións típicas para preguntar e dar información persoal (<i>When is your birthday? What's your e-mail address?...</i>) Realización dun exercicio de comprensión oral relacionado coa información persoal. <i>Action!:</i> exercicio en parellas para practicar mediante diálogos o tema visto na sección. Speaking Interacción oral co compañeiro/a para facer preguntas persoais utilizando as expresións como <i>What's your name?, How old are you?</i> <i>Pronunciation:</i> pronuncia correcta das contraccións co verbo to be. <i>Action!:</i> exercicio en parellas para practicar mediante diálogos o tema visto na sección. <i>Everything English Video 1.</i> Reprodución <i>Anisha and Friends, Episode 1.</i> Práctica de comprensión oral, gramática, vocabulario e linguaxe funcional.</p>	
B3.1-B3.2	<p>Reading Lectura dunha enquisa sobre redes sociais. Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto. <i>Did You Know?:</i> datos curiosos sobre a idade mínima para abrir unha conta nunha rede social no Reino Unido. Identificación no texto de palabras clave mediante as súas definicións. <i>New Action!:</i> realización dunha enquisa na clase sobre as redes sociais que utilizan os alumnos. Reading Lectura de un foro sobre as nacionalidades e a orixe dos nomes. Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto. <i>New Action!:</i> dicir todo o que saiban sobre a súa familia. <i>Culture:</i> datos curiosos e exercicio sobre usos dos apelidos en países de fala inglesa. <i>Everything English Video 1.</i> Reprodución <i>Culture Video, Words Around the World.</i> Práctica de comprensión oral, gramática, vocabulario e linguaxe funcional. <i>Did You Know?:</i> datos sobre apelidos escoceses que empezan por Mac o Mc.</p>	1,2,3,4,5,6,7
B4.1	<p>Writing Abrir un perfil persoal nunha páxina web. Lectura dun modelo de perfil persoal e análise da súa estrutura mediante a realización dun exercicio. <i>Writing Help:</i> uso das maiúsculas. <i>Writing in Action!:</i> abrir un perfil persoal seguindo o modelo. <i>Culture:</i> datos sobre familias famosas da televisión e a literatura e facer un exercicio para relacionar as personaxes coa información. <i>Dictation:</i> ditado sobre a unidade.</p>	1,2,3,4,5,6,7
B5.1 - B 5.7	<p>Vocabulary Nacionalidades e a familia. Comprensión e expresión oral dos nomes dos países e as nacionalidades. Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección. Uso do <i>IC, Vocabulary Presentation</i>, presentación do vocabulario da unidade, tradución e pronuncia para practicar e repasar o vocabulario. Pronuncia de sons de especial dificultade: /ti:n/ e /ti/ en thirteen e thirty. Pronuncia das contraccións con to be. <i>Action!:</i> exercicio en parellas para practicar o vocabulario visto na sección. Uso do <i>IC, Flashcard Activity</i>, actividades visuais e dinámicas de vocabulario e a súa pronuncia, para reforzar o vocabulario da unidade. Vocabulary A familia. Comprensión e expresión oral da idade dos membros da familia. Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección. Grammar O verbo have got en afirmativa, negativa e interrogativa, e as respostas breves. Adxectivos posesivos. Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades. Uso del <i>IC, Slideshows</i>, vídeos sinxelos de curta duración con exercicios sobre os contidos que están estudando na unidade. <i>Grammar in Action!:</i> exercicios en parellas para practicar a gramática vista na sección. <i>Geography:</i> datos sobre países (xeografía) e a moeda que usan neles. Pronunciation <i>Pronunciation:</i> pronuncia correcta das contraccións co verbo to be. Pronuncia de sons de especial dificultade: /i:/ e /i/ nos números que terminan en -</p>	1,2,3,4,5,6,7

	<p>teen e -ty, e das contraccións co verbo to be. Culture Magazine Realización dun cuestionario contestando verdadeiro ou falso a varias preguntas sobre datos acerca de saúde e tecnoloxía. Comprensión oral e escrita dos datos que se dan sobre o mundo da tecnoloxía e comprobar as respostas dadas no exercicio anterior. <i>Did You Know?</i>: datos curiosos sobre móbiles e o seu uso. Interese por coñecer datos sobre os colexios e sistemas educativos noutros países.</p>	
--	--	--

1ª AVALIACIÓN	UNIDADE 2	
	NOVEMBRO	12 SESIÓNS
BLOQUE	CONTIDO	MATERIAL DE REFERENCIA
B1.1 - B1.3	<p>Listening Comprensión oral sobre bos e malos hábitos. Realizar un cuestionario contestando verdadeiro ou falso sobre se teñen bos ou malos hábitos. Listening Comprensión oral dunha conversa sobre rutinas diarias e actividades. Realización de varios exercicios para responder varias preguntas sobre o contido da conversa.</p>	1,2,3,4,5,6,7
B2.1 – B2.3	<p>Speaking <i>Useful Language</i>: práctica da linguaxe e expresións típicas para falar sobre as rutinas diarias e as horas (<i>I do homework at..., I have dinner at...</i>) Realización dun exercicio de comprensión oral para falar sobre as rutinas diarias. <i>Action!</i>: exercicio en parellas para practicar mediante diálogos o tema visto na sección. Speaking Pronuncia correcta da 3ª persoa dos verbos: /s/ likes; /z/ plays e /iz/ watches. Actividades sobre o contido aprendido na sección. <i>Action!</i>: exercicio en parellas para practicar mediante diálogos o tema visto na sección actividades de lecer.</p>	1,2,3,4,5,6,7
B3.1-B3.2	<p>Reading Lectura dun artigo de sondaxe de opinión sobre os smartphones. Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto. Identificación no texto de palabras clave mediante as súas definicións. <i>Culture Video. Everything English Video</i>. Reprodución <i>Mobile Phones</i>. Práctica de comprensión oral, gramática, vocabulario e linguaxe funcional. Reading Lectura dun artigo de revista sobre o método escolar Waldorf. Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto. <i>Did You Know?</i>: datos curiosos sobre escolas Waldorf en España. <i>Action!</i>: realización dunha enquisa na clase para saber cantas horas pasan os compañeiros/as diante do ordenador.</p>	1,2,3,4,5,6,7
B4.1	<p>Writing Análise da estrutura dos contidos dunha entrada nun blog. Lectura dun modelo de blog. <i>Writing Help</i>: uso das preposicións de tempo para falar de actividades e rutinas. <i>Writing in Action!</i>: produción dunha entrada no seu blog falando do seu día favorito da semana seguindo os pasos vistos anteriormente.</p>	1,2,3,4,5,6,7
B5.1 - B 5.7	<p>Vocabulary Vocabulario relacionado con rutinas diarias e as horas. Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección. <i>New Action!</i>: facer un horario coas actividades do día a día como exercicio para practicar o vocabulario visto na sección. Vocabulary Actividades de ocio e tempo libre. Aplicación do vocabulario e a gramática vistos na unidade, e postos en práctica a través da expresión oral. Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección. Grammar Narración das actividades habituais mediante o <i>Present Simple</i>, o seu uso e a súa estrutura, e as expresións temporais (<i>every day, afternoon, on Mondays...</i>) e os adverbios de frecuencia (always, usually, often...) que a acompañan. Estrutura do xenitivo saxón para expresar posesión.</p>	1,2,3,4,5,6,7

	<p>Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades.</p> <p><i>Culture</i>: as horas das comidas varían entre países. Comparación entre Reino Unido e España.</p> <p><i>Grammar in Action!</i>: exercicios en parellas para practicar a gramática vista na sección.</p> <p>Pronunciation</p> <p><i>As silent letters</i> e a pronuncia da terminación dos verbos na 3ª persoa singular do presente: /s/, /z/ e /iz/.</p> <p>Culture Magazine</p> <p>Realización dun cuestionario contestando verdadeiro ou falso a varias preguntas sobre datos acerca de saúde e tecnoloxía.</p> <p>Comprensión oral e escrita dos datos que se dan sobre o mundo da tecnoloxía e comprobar as respostas dadas no exercicio anterior.</p> <p><i>Did You Know?</i>: datos curiosos sobre móbiles e o seu uso.</p> <p>A relación entre a tecnoloxía e a saúde. Hábitos e actividades que se levan a cabo mentres se ve a televisión ou se está diante do ordenador. Consecuencias negativas para a saúde á hora de utilizar os teléfonos intelixentes: a radiación e a artrite.</p> <p>Información sobre os usuarios de móbiles arredor do mundo.</p> <p>A utilización de abreviaturas nos países de fala inglesa á hora de enviar mensaxes de texto.</p>	
--	--	--

1ª AVALIACIÓN	UNIDADE 3	
	DECEMBRO	12 SESIÓNS
BLOQUE	CONTIDO	MATERIAL DE REFERENCIA
B1.1 - B1.3	<p>Listening</p> <p>Comprensión oral dun programa de radio sobre a elección dun animal de compañía.</p> <p>Comprensión oral dunha conversa sobre os animais do zoo.</p> <p>Contestar varias preguntas relacionadas coa conversación que se escoitou.</p> <p>Listening</p> <p>Comprensión oral dunha conversa sobre os animais do zoo.</p> <p>Realización de varios exercicios sobre a comprensión da conversa e as opinións dos alumnos sobre o tema.</p>	1,2,3,4,5,6,7
B2.1 – B2.3	<p>Speaking</p> <p><i>Useful Language</i>: Práctica da linguaxe e expresións típicas para falar sobre animais de compañía (<i>Have you got a pet? When does it sleep?</i>).</p> <p>Interacción oral co compañeiro/a para falar dos animais.</p> <p>Pronunciation: pronuncia correcta das partículas interrogativas e entoación das frases.</p> <p><i>Action!</i>: exercicio en parellas para practicar mediante diálogos o tema visto na sección.</p> <p>Speaking</p> <p>Interacción oral entre os compañeiros/as para falar sobre animais utilizando correctamente as partículas interrogativas e o vocabulario visto na unidade.</p> <p><i>Pronunciation</i>: entoación das frases.</p> <p><i>Action!</i>: exercicio en parellas para practicar mediante diálogos e a través dos resultados dunha enquisa o tema visto na sección.</p>	1,2,3,4,5,6,7
B3.1-B3.2	<p>Reading</p> <p>Lectura dunha páxina web sobre o mundo animal.</p> <p>Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto.</p> <p><i>Environment</i>: datos curiosos e interesantes sobre animais extinguidos ou en perigo de extinción.</p> <p><i>Culture Video Born free?</i>: Práctica de comprensión oral, gramática, vocabulario e linguaxe funcional.</p> <p>Reading</p> <p>Lectura da crítica dunha guía de televisión sobre a axuda duns golfinhos a uns pescadores.</p> <p>Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto.</p> <p><i>Science</i>: Canto sabes sobre os golfinhos? Datos curiosos.</p>	1,2,3,4,5,6,7
B4.1	<p>Writing</p> <p>Lectura dun informe sobre un animal e análise da súa estrutura mediante a realización dun exercicio.</p> <p><i>Writing Help</i>: lectura de como utilizar correctamente os signos de puntuación.</p> <p>Preparación antes de escribir un informe sobre un animal utilizando correctamente os signos de puntuación.</p>	1,2,3,4,5,6,7

	<i>Writing in Action!</i> : produción dun informe sobre un animal seguindo os pasos vistos anteriormente.	
B5.1 - B 5.7	<p>Vocabulary Vocabulario relacionado cos animais e partes do corpo. Comprensión e expresión oral do vocabulario da sección Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección. <i>Action!</i>: exercicio relacionado cos animais.</p> <p>Vocabulary Partes do corpo. Algúns plurais irregulares con partes do corpo (foot > feet). Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección. <i>Action!</i>: exercicio relacionado cos animais e as partes do corpo.</p> <p>Grammar <i>Present Simple</i>: Uso e formación da negativa e a negativa, e as respostas curtas. Expresións temporais e adverbios de frecuencia. Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades. <i>Grammar in Action!</i>: exercicios en parellas para practicar a gramática vista na sección.</p> <p>Pronunciation <i>Pronunciation</i>: pronuncia correcta das partículas interrogativas e entoación das frases. <i>Pronunciation</i>: entoación das frases. Pronuncia das partículas interrogativas e entoación ascendente e descendente nas frases.</p> <p>Culture Magazine Comprensión oral e escrita dun artigo sobre animais abraiantes e realización dun exercicio sobre o texto escoitado. <i>Did you know?</i>: datos curiosos e interesantes sobre o coñecemento do mundo animal. Comprender o significado de frases feitas que se utilizan na lingua relacionadas con animais. Aprendizaxe de datos curiosos e sorprendentes das serpes, as vacas, os elefantes, os golfiños e os cans. Aprendizaxe de expresións inglesas con vocabulario de animais.</p>	1,2,3,4,5,6,7

2ª AVALIACIÓN	UNIDADE 4 XANEIRO 12 SESIÓNS	
BLOQUE	CONTIDO	MATERIAL DE REFERENCIA
B1.1 - B1.3	<p>Listening Comprensión oral de varias conversas sobre dormitorios e mobiliario. Contestar varias preguntas relacionadas cos diálogos que se escoitaron.</p> <p>Listening Comprensión oral das actividades que están realizando os personaxes de dúas ilustracións. Realización de varios exercicios para responder varias preguntas sobre as conversas.</p>	1,2,3,4,5,6,7
B2.1 – B2.3	<p>Speaking <i>Useful Language</i>: práctica da linguaxe para falar sobre habitacións e moblaxe (<i>How many rooms has it got? What's in the living room?</i>) Realización dun exercicio de comprensión oral sobre a casa. <i>Action!</i>: exercicio en parellas para practicar mediante diálogos o tema visto na sección.</p> <p>Speaking Pronuncia correcta das contraccións das partículas interrogativas con "is". Relacionar as respostas cos seus correspondentes preguntas oralmente. <i>Action!</i>: exercicio en parellas para practicar mediante diálogos o tema visto na sección.</p>	1,2,3,4,5,6,7
B3.1-B3.2	<p>Reading Lectura dun folleto dun museo onde se expoñen maquetas de casas en diferentes períodos da historia. Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto. <i>History</i>: descifrar un código numérico e alfabético para achar o nome dunha cidade. <i>Action!</i>: buscar no mapa os países que aparecen no folleto.</p> <p>Reading Lectura dunha entrada dun blog sobre os adolescentes e as tarefas do fogar. Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto. <i>Action!</i>: realización dunha enquisa na clase sobre as tarefas que os alumnos fan na</p>	1,2,3,4,5,6,7

	súa casa.	
B4.1	<p>Writing</p> <p>Análise da estrutura dos contidos dun texto descritivo dunha ilustración.</p> <p>Lectura dun modelo de texto descritivo e análise da súa estrutura mediante a realización dun exercicio.</p> <p><i>Writing Help</i>: orde de palabras que seguen as frases: suxeito - verbo - complemento.</p> <p>Preparación antes de escribir un texto descritivo de fotografías practicando a estrutura e a linguaxe típicas mediante a realización de varios exercicios.</p> <p><i>Writing in Action!</i>: produción dun texto para describir unha fotografía seguindo os pasos vistos anteriormente.</p> <p><i>Health</i>: calorías que se queiman facendo as tarefas do fogar.</p>	1,2,3,4,5,6,7
B5.1 - B 5.7	<p>Vocabulary</p> <p>A casa e o mobiliario.</p> <p>Comprensión e expresión oral de diferentes tipos de mobiliario.</p> <p>Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección.</p> <p><i>Action!</i>: exercicio en parellas para practicar o vocabulario visto na sección.</p> <p>Vocabulary</p> <p>Tarefas do fogar.</p> <p>Comprensión e expresión oral das tarefas do fogar.</p> <p>Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección.</p> <p>Grammar</p> <p>Expresión de accións en curso en <i>Present Continuous</i> en afirmativa, negativa, interrogativa, e respostas curtas.</p> <p>Contraste entre o <i>Present Simple</i> e o <i>Present Continuous</i>. Uso de diferentes expresións temporais ao usar un e outro tempo verbal.</p> <p>Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades.</p> <p><i>Geography</i>: fusos horarios.</p> <p><i>Grammar in Action!</i>: exercicios en parellas para practicar a gramática vista na sección.</p> <p>Pronunciation</p> <p>Pronuncia da terminación -ing dos verbos en <i>Present Continuous</i>. Pronuncia da contracción das partículas interrogativas con "is".</p> <p>Culture Magazine</p> <p>Repaso dos contidos principais da unidade, mediante a realización de exercicios que poñen en práctica o vocabulario e a gramática.</p> <p>Comprensión oral e escrita dun texto sobre casas futuristas.</p> <p>Proverbios relacionados co fogar.</p> <p>Modo de vida "verde". Que significa?</p> <p>interese por coñecer diferentes modelos de casas de aspecto futurista.</p>	1,2,3,4,5,6,7

2ª AVALIACIÓN	UNIDADE 5	
BLOQUE	FEBREIRO	12 SESIÓNS
BLOQUE	CONTIDO	MATERIAL DE REFERENCIA
B1.1 - B1.3	<p>Listening</p> <p>Comprensión oral dunha conversa sobre comidas.</p> <p>Expresión escrita dos datos que se piden relacionados coa conversa sobre comida que se escoitou anteriormente.</p> <p>Listening</p> <p>Comprensión oral dunha conversa nun restaurante de comida rápida.</p> <p>Realización de varios exercicios relacionados coa conversa que escoitaron.</p>	1,2,3,4,5,6,7
B2.1 – B2.3	<p>Speaking</p> <p><i>Useful Language</i>: práctica da linguaxe e expresións típicas para falar de comida e que alimentos lles gustan máis (<i>I love..., I like..., I don't mind...</i>).</p> <p>Realización dun exercicio de comprensión oral relacionado cos gustos persoais sobre comida.</p> <p><i>Action!</i>: exercicio en parellas para practicar mediante diálogos o vocabulario visto na sección.</p> <p>Speaking</p> <p>Pronuncia axeitada da forma débil de some.</p> <p>Interacción oral co compañeiro/a para pedir comida nun restaurante.</p> <p><i>Action!</i>: exercicio en parellas para practicar mediante diálogos o tema visto na sección.</p>	1,2,3,4,5,6,7
B3.1-B3.2	<p>Reading</p> <p>Lectura dunha carta en que se pide consello dirixida a un xornal e o consello que</p>	1,2,3,4,5,6,7

	<p>recibe.</p> <p>Comprensión da información clave do texto.</p> <p>Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto.</p> <p><i>Action!:</i> realizar unha enquisa na clase sobre que tres verduras gustan máis.</p> <p>Reading</p> <p>Lectura de dous artigos de revista sobre os efectos do blog dunha nena de nove anos na comida que serven no seu colexio.</p> <p>Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave do texto.</p> <p><i>Health:</i> os alimentos que debe incluír unha dieta saudábel.</p>	
B4.1	<p>Writing</p> <p>Análise da estrutura e dos contidos dunha crítica dun restaurante.</p> <p>Lectura dun modelo de crítica e análise da súa estrutura mediante a realización dun exercicio.</p> <p><i>Writing Help:</i> redactar tendo en conta a colocación dos adxectivos nas frases.</p> <p>Preparación antes de escribir un texto descritivo dun deporte practicando a estrutura e a linguaxe típicas mediante a realización de varios exercicios.</p> <p><i>Writing in Action!:</i> produción dunha crítica dun restaurante seguindo os pasos vistos anteriormente.</p>	1,2,3,4,5,6,7
B5.1 - B 5.7	<p>Vocabulary</p> <p>Vocabulario relacionado coa comida.</p> <p>Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección.</p> <p><i>Action!:</i> incluír adverbios de frecuencia en frases relacionadas coa comida.</p> <p>Vocabulary</p> <p>Vocabulario relacionado cos sentimentos.</p> <p>Identificación de diferentes sentimentos.</p> <p>Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección.</p> <p>Grammar</p> <p>Uso dos determinantes a, an, some e the e os nomes contábeis e incontábeis.</p> <p>There is/there are, any (afirmativa, negativa e interrogativa, e respostas curtas).</p> <p>Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades.</p> <p><i>Grammar in action!:</i> exercicios en parellas para practicar a gramática vista na sección.</p> <p><i>Culture:</i> a preferencia polo té no Reino Unido.</p> <p>Pronunciation</p> <p>Pronuncia dos sons /l/ ou /i:/ en “meat” e “sit” e da forma débil de some.</p> <p>Culture Magazine</p> <p>Comprensión oral e escrita de datos curiosos sobre alimentos moi populares.</p> <p>Outros datos curiosos sobre os alimentos.</p> <p>Nomes estraños que reciben algúns alimentos que se consomen moito no Reino Unido.</p> <p>Aprendizaxe de nomes curiosos e estraños dalgúns alimentos do Reino Unido.</p> <p>Coñecer información sobre os beneficios terapéuticos dos plátanos e sobre o ketchup, a Coca Cola e a pizza.</p>	1,2,3,4,5,6,7

2ª AVALIACIÓN		
UNIDADE 6		
MARZO		
12 SESIÓNS		
BLOQUE	CONTIDO	MATERIAL DE REFERENCIA
B1.1 - B1.3	<p>Listening</p> <p>Comprensión oral dunha entrevista para o xornal do colexio.</p> <p>Contestar varias preguntas relacionadas coa conversa que escoitaron.</p> <p>Listening</p> <p>Comprensión oral dunha conversa entre dous amigos.</p> <p>Realización de varios exercicios para responder varias preguntas sobre o escoitado.</p>	1,2,3,4,5,6,7
B2.1 – B2.3	<p>Speaking</p> <p><i>Useful Language:</i> práctica da linguaxe e as expresións típicas para falar das túas habilidades deportivas (<i>I can swim, I can't ski...</i>)</p> <p>Realización dun exercicio de comprensión oral relacionado coa práctica de deportes.</p> <p><i>Pronunciation:</i> pronuncia da forma débil de can.</p>	1,2,3,4,5,6,7

	<p><i>Action!</i>: exercicio en parellas para practicar mediante diálogos o tema visto na sección. Speaking Interacción oral co compañeiro/a para adiviñar un deporte a partir das normas de xogo. <i>Pronunciation</i>: pronuncia correcta das contraccións con can e must. <i>Action!</i>: exercicio en parellas para practicar mediante diálogos o tema visto na sección.</p>	
B3.1-B3.2	<p>Reading Lectura dun proxecto escolar sobre o corpo ideal para realizar tres deportes. Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave da páxina. <i>Sport</i>: datos sobre a historia das Olimpíadas. Reading Lectura dun artigo de internet sobre os corredores kenyanos de longa distancia. Realización de varios exercicios para demostrar a comprensión da información clave do artigo. <i>Action!</i>: situar no mapa os países que non limitan con Kenya.</p>	1,2,3,4,5,6,7
B4.1	<p>Writing Análise da estrutura e os contidos das normas de xogo dun deporte. Lectura dun modelo de regulamento (baloncesto) e análise da súa estrutura mediante a realización dun exercicio. <i>Writing Help</i>: lectura de como utilizar conxuncións (and, but) para unir oracións. Preparación antes de escribir regulamento segundo o visto. <i>Writing in Action!</i>: produción dun regulamento seguindo os pasos vistos anteriormente. <i>Sport</i>: equipos famosos de diferentes deportes e diferentes países.</p>	1,2,3,4,5,6,7
3	Entende información básica de correspondencia formal na que se informa de asuntos do seu interese	Proba escrita
2,3	Comprende textos de historias de ficción adaptados ao seu nivel	Proba escrita
Bloque 4. Produción de textos escritos: expresión e interacción		
(Correspondentes aos estándares de aprendizaxe PLEB4.1 a PLEB4.6)		
1,2,3	Utiliza estratexias na súa produción escrita seguindo modelos, planificando o texto, elaborando un borrador e correxindo os posibles erros	Proba escrita
1,2,3	Escrebe textos moi sinxelos con información relevante sobre feitos moi coñecidos, describindo situacións, persoas, obxectos e lugares	Proba escrita
1	Completa un cuestionario sinxelo con información persoal	Proba escrita
2,3	Escrebe mensaxes breves en soporte impreso e dixital relacionados con temas do seu interese o da vida cotiá	Proba escrita
2	Escrebe correspondencia persoal na que se intercambia información, se dan instrucións sinxelas, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións e se expresan opinións	Proba escrita
3	Fai unha presentación coidada dos textos escritos, utilizando as convencións ortográficas e os signos de puntuación	Proba escrita
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural		
(Correspondentes aos estándares de aprendizaxe PLEB5.1 a PLEB5.8)		
1,2,3	Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións na aula, discriminando fonemas e prestando atención ao ritmo, entoación e acentuación das palabras e frases	Observación sistemática
1,2,3	Escrebe con razoable dominio ortográfico para facer comprensibles os textos	Proba escrita
1,2,3	Utiliza as convencións básicas da lingua estranxeira na interacción oral	Observación sistemática / Proba oral
1,2,3	Na súa propia lingua, identifica diferenzas e semellanzas sobre aspectos socioculturais básicos dos países de lingua inglesa	Observación sistemática / Proba escrita/oral
1,2,3	Utiliza o coñecemento de elementos morfolóxicos, sintácticos e discursivos adquiridos noutras linguas para a comprensión e elaboración de textos	Proba escrita/oral
1,2,3	Utiliza adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para comunicar de xeito eficaz	Proba escrita/oral

1,2,3	Coñece e utiliza un vocabulario básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel	Proba escrita/oral
3	Participa en proxectos multilingües relacionados con temas transversais	Proxecto

Contidos sintáctico-discursivos (mínimos):

To Be

Have got

There is / There are

Present Simple + Adverbs

Question Words

Present Continuous + Adverbs

There was / There were

Past Simple + Adverbs

Past Continuous + Adverbs

Modal Verbs: ability, obligation and prohibition

Comparative and Superlative Adjectives

Be going to

Will

Linking words: and, but, or, so, because

Connectors of Sequence

Vocabulario (mínimos): O tratado nas distintas unidades do libro de texto (“*New Action 2*”, *Burlington Books*)

4.5 3º E.S.O.

4.5.1. Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe - 3º ESO.

INGLÉS 3º de ESO.		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe

Bloque 1. Comprensión de textos orais		
<p>B1.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes). Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). Inferencia do significado probable das palabras ou frases que descoñece.</p>	<p>B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para comprensión do sentido xeral, información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.</p> <p>B1.2. Identificar información xeral e específica relevante de textos sinxelos emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos (información básica sobre algunha materia do currículo, temas do seu interese ou ocupacionais propios da súa idade e do seu nivel escolar), pronunciadas con lentitude e claridade.</p> <p>B1.3. Comprender os puntos principais de información específica en mensaxes e anuncios públicos breves, claros e sinxelos, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p> <p>B1.4. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais</p>	<p>PLEB1.1. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos, ocupacionais ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha charla para organizar o traballo en equipo).</p> <p>PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de xeito lento e claro (por exemplo, cambio de porta de embarque nun aeroporto, información sobre actividades nun campamento de verán ou no contestador automático dun cine), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p> <p>PLEB1.3. Entende o esencial do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, e centros de lecer, de estudos ou de traballo).</p> <p>PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa formal ou informal entre dúas ou máis persoas interlocutoras que ten lugar na súa presenza, cando o tema lle resulte coñecido e o discurso está articulado con claridade, a velocidade media e nunha variedade estándar da lingua.</p> <p>PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, puntos de vista e opinións sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p>
<p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</p>	<p>B1.5. Comprender o sentido xeral e a información específica de conversas</p>	

	<p>claras e pausadas que teñen lugar na súa presenza, nas que se describan, narren ou se dean opinións sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, sempre que poida pedir información.</p> <p>B1.6. Comprender preguntas, solicitudes de informacións e cambios moi evidentes de tema en situacións comunicativas cara a cara en que se lle pregunte sobre asuntos básicos e coñecidos persoais, educativos, ocupacionais ou do seu interese, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p> <p>B1.7. Comprender o sentido xeral e a información específica sinxela de programas de televisión, tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, cando os comentarios contén cun apoio de imaxes moi redundantes</p>	<p>PLEB1.6. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo) na que participa, o que se lle pregunta sobre asuntos persoais, educativos, ocupacionais ou do seu interese, así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p> <p>PLEB1.7. Identifica a información esencial de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese articulados amodo e con claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes axudan á comprensión.</p>
Bloque 2. Produción de textos orais		
<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Identificación do contexto, do destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.</p> <p>Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso, e escollendo os</p>	<p>B2.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados, se non se dispón doutros máis precisos.</p> <p>B2. 2. Manexar frases curtas,</p>	<p>PLEB2.1. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervén na lingua estranxeira e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</p> <p>PLEB2.2. Interactúa para obter ou ofrecer bens e servizos relativos a</p>
<p>expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</p> <p>– Execución:</p> <p>– Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica.</p>	<p>grupos de palabras e fórmulas para desenvolverse de xeito suficiente e comprensible en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, interrompendo en ocasións o discurso para procurar expresións, articular palabras menos frecuentes e reparar a</p>	<p>necesidades inmediatas e cotiás, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reacciona adecuadamente sempre que poida solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>

<ul style="list-style-type: none"> – Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. 	<p>comunicación en situacións menos comúns.</p>	<p>PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> – Expresión da mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. 	<p>B2.3. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación da persoa interlocutora.</p>	<p>PLEB2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).</p>
<ul style="list-style-type: none"> – Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta dela) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. 	<p>B2.4. Participar en conversas nas que se establece contacto social, intercámbiase información sobre temas sinxelos e habituais, onde se fan ofrecementos ou suxestións, se dan instrucións, e se expresan sentimentos, opinións, acordo e desacordo, sempre que de cando en vez lle repitan ou lle volvan a formular o que din.</p>	<p>PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.</p>
<ul style="list-style-type: none"> – Apoio e aproveitamento máximo dos coñecementos previos. 	<p>B2.5. Participar en conversas básicas sobre temas predicibles e con propósitos comunicativos propios da súa idade (invitar, ofrecer axuda, propor, reaccionar perante invitacións e propostas), e expresar sentimentos e opinións de forma básica.</p>	<p>PLEB2.6. Toma parte nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista de carácter educativo ou ocupacional (por exemplo, para realizar un curso de verán ou integrarse nun grupo de voluntariado), intercambiando información suficiente, expresando as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta</p>
<ul style="list-style-type: none"> – Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. 	<p>B2.6. Participar de forma sinxela nunha entrevista persoal na que dá información, reacciona ante comentarios ou expresa ideas sobre cuestións habituais, sempre que poida pedir de cando en vez que lle aclaren ou repitan o dito.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> – Lingüísticos: 		
<ul style="list-style-type: none"> – Modificación de palabras de significado parecido. 		
<ul style="list-style-type: none"> – Definición ou paráfrase dun termo ou expresión. 		
<ul style="list-style-type: none"> – Petición de axuda ou clarificación. 		
<ul style="list-style-type: none"> – Paralingüísticos: 		
<ul style="list-style-type: none"> – Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou 		

<p>realización de accións que aclaran o significado.</p> <p>Usar elementos cuasiléxicos (humor, ironía, etc.) de valor comunicativo.</p> <p>Usar os elementos prosódicos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle á persoa destinataria ou oírte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.</p> <p>B2.2. Rutinas ou modelos de interacción básicos segundo o tipo de situación de comunicación propia da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>B2.3. Uso da quenda de palabra con indicadores básicos e máis habituais de que se quere falar, e de recoñecemento do desexo de falar das demais persoas.</p> <p>B2.4. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p>		<p>directamente, e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.</p>
<p>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</p>		
<p>B3.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e tema. Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva) Identificación do tipo textual (narrativo, descritivo, argumentativo e explicativo), adaptando a comprensión a el. Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido</p>	<p>B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñece, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou detalles relevantes do texto.</p> <p>B3.2. Comprender, en notas persoais e anuncios públicos, mensaxes breves que conteñan</p>	<p>PLEB3.1. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas, así como instrucións para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer).</p> <p>PLEB3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas ou de internet formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional.</p>
<p>para a realización da tarefa (sentido</p>	<p>mensaxes breves que conteñan</p>	<p>ocupacional.</p>

<p>xeral, información esencial e puntos principais).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.</p>	<p>información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá.</p> <p>B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese ou salientables para os propios estudos e ocupacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual.</p> <p>B3.4. Comprender correspondencia persoal breve e sinxela na que se describen persoas, obxectos e lugares, se narran acontecementos sinxelos e se expresan sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p> <p>B3.5. Comprender correspondencia formal breve sobre cuestións prácticas relativas aos seus intereses nos ámbitos propios da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar, seguindo a liña argumental, o carácter básico dos personaxes e as súas relacións.</p>	<p>PLEB3.3. Capta as ideas principais de textos xornalísticos breves en calquera soporte, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos portan gran parte da mensaxe.</p> <p>PLEB3.4. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia, ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a materias educativas, asuntos ocupacionais ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.</p> <p>PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal en calquera formato na que se fala de si mesmo/a, se describen persoas, obxectos e lugares, se narran acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios, e se expresan sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p> <p>PLEB3.6. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un curso de idiomas ou unha compra por internet).</p> <p>PLEB3.7. Comprende o esencial (por exemplo, en lecturas para a mocidade) de historias de ficción breves e ben estruturadas, e faise unha idea do carácter dos personaxes, das súas relacións e do argumento.</p>
<p>Bloque 4. Producción de textos orais: expresión e interacción</p>		
<p>B4.1. Estratexias de produción:</p>	<p>B4.1. Escribir en papel ou en soporte electrónico textos breves, sinxelos e de estrutura</p>	<p>PLEB4.1. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións</p>

<p>Planificación:</p> <p>Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</p> <p>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</p> <p>Execución:</p> <p>Elaboración dun borrador.</p> <p>Estruturación do contido do texto.</p> <p>Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.</p> <p>Apoio e aproveitamento máximo dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).</p> <p>Revisión:</p> <p>Identificación de problemas, erros e repeticións.</p> <p>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p>	<p>clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.</p> <p>B4.2. Coñecer e aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto).</p> <p>B4.3. Empregar para comunicarse mecanismos sinxelos de cohesión textual axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos frecuentes).</p> <p>B4.4. Escribir, en soporte impreso ou en redes sociais, textos sinxelos e breves (notas, cartas persoais, postais, felicitacións, etc.), que conteñan información persoal ou relativa á vida cotiá, de primeira necesidade ou do seu interese, a partir de modelos previos, usando as fórmulas básicas de saúdo e despedida propias do soporte utilizado, adaptando a presentación ao tipo de texto e usando frases e oracións ben estruturadas e cunha orde lóxica.</p> <p>B4.5. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, separación de palabras ao final de liña, etc.), en soporte impreso e dixital, adecuados ao propósito comunicativo e valorando a</p>	<p>públicas ou privadas ou entidades comerciais, solicitando ou dando a información requirida de xeito sinxelo e observando as convencións formais e normas de cortesía básicas deste tipo de textos.</p> <p>PLEB4.2. Escribe informes moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos habituais e os motivos de certas accións, nos ámbitos educativo e ocupacional, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares, e sinalando os principais acontecementos de forma esquemática.</p> <p>PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, á súa ocupación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital, matricularse nun taller, ou asociarse a un club deportivo).</p> <p>PLEB4.4. Escribe notas e mensaxes (mensaxes instantáneas, chats, etc.) onde se fan breves comentarios ou se dan instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese.</p> <p>PLEB4.5. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves nas redes sociais relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade, respectando as convencións e as normas de cortesía.</p> <p>PLEB4.6. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais (por</p>
<p>INGLÉS 3º de ESO.</p>		
<p>Contidos</p>	<p>Crterios de avaliación</p>	<p>Estándares de aprendizaxe</p>

<p>Presentación cuidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).</p> <p>Reescritura definitiva.</p> <p>B4.2. Características textuais. Uso de recursos básicos para elaborar textos con coherencia, cohesión e adecuación, propios do seu nivel escolar.</p>	<p>importancia da presentación nas comunicacións escritas.</p>	<p>exemplo, a participación nunha competición), se dan instrucións, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo.</p> <hr/> <p>PLEB4.7. Fai unha presentación cuidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.</p>
<p>Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural</p>		
<p>B5.1. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación:</p> <p>Sons e fonemas vocálicos.</p> <p>Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.</p> <p>Procesos fonolóxicos básicos.</p> <p>Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración.</p> <p>B5.2. Padróns gráficos e convencións ortográficas:</p> <p>Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</p> <p>Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>Recoñecemento e uso de convencións sociais e normas de cortesía dos rexistros máis habituais, e da linguaxe non verbal habitual propia da cultura estranxeira.</p> <p>Achegamento a aspectos culturais e visibles próximos ao seus intereses (música, traballo, lecer, deportes, produción escrita, lugares, poboación, etc.), e a</p>	<p>B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometan erros de pronunciación, sempre que non interrompan a comunicación, polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez.</p> <p>B5.2. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información, e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.</p> <p>B5.3. Producir textos escritos sen faltas de ortografía significativas en palabras e expresións habituais propias do nivel.</p> <p>B5.4. Coñecer e utilizar, para a comprensión e a produción do texto oral monolóxico ou dialóxico e escrito, aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, etc.), estruturas sociais, condicións de vida (contorno e estrutura social), relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no</p>	<p>PLEB5.1. Desenvólvese na maioría das actividades de aula facendo un esforzo por utilizar a lingua estranxeira, cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible dos esquemas fónicos e fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras, e pide axuda e aclaracións aos compañeiros e ás compañeiras cando non progresa a comunicación.</p> <hr/> <p>PLEB5.2. Aplica adecuadamente os signos de puntuación elementais e as regras ortográficas básicas, na redacción de traballos e outros textos, para facerse comprensible case sempre.</p> <hr/> <p>PLEB5.3. Utiliza as convencións máis habituais propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a agenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, facer preguntas por preferencias, expresar opinións, etc.) en rexistro estándar.</p> <hr/> <p>PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas do resto do</p>
<p>costumes, valores e actitudes máis evidentes relacionados con aspectos e</p>	<p>centro docente e nas institucións), comportamento (xestos, expresións</p>	<p>alumnado, de ser o caso, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.</p>

<p>contextos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fala a lingua estranxeira.</p>	<p>afaciais, uso da voz e contacto visual) e convencións sociais (costumes e tradicións), actuando coa debida propiedade e respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos</p>	<p>PLEB5.5. Identifica e utiliza os expoñentes máis comúns propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas, así como os patróns discursivos de uso máis frecuente para o propósito comunicativo.</p>
<p>Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas significativas nos costumes cotiáns, e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p>	<p>B5.5. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso, amosando curiosidade e respecto perante as diferenzas.</p>	<p>PLEB5.6. Domina as estruturas morfosintácticas e discursivas máis habituais para comprender e expresar en rexistros estándar intencións e significados mediante as funcións comunicativas propias do seu nivel, e reflexiona sobre a utilidade do coñecemento adquirido noutras linguas para comprender e elaborar textos na lingua meta.</p>
<p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, aos países e ás comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p>	<p>B5.6. Distinguir, e aplicar á comprensión e á produción do texto, a función ou as funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns e de uso máis frecuente na comunicación oral e escrita, así como os seus significados asociados (por exemplo, estrutura interrogativa para facer unha suxestión), e patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización textual (introdución do tema, desenvolvemento e cambio temático, e pechamento textual).</p>	<p>PLEB5.7. Utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos en rexistro estándar propios do seu nivel educativo, e comprende e utiliza estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos e paratextuais).</p>
<p>B5.4. Plurilingüismo: Recoñecemento da realidade multilingüe do propio contorno. Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p>	<p>B5.6. Distinguir, e aplicar á comprensión e á produción do texto, a función ou as funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns e de uso máis frecuente na comunicación oral e escrita, así como os seus significados asociados (por exemplo, estrutura interrogativa para facer unha suxestión), e patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización textual (introdución do tema, desenvolvemento e cambio temático, e pechamento textual).</p>	<p>PLEB5.7. Utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos en rexistro estándar propios do seu nivel educativo, e comprende e utiliza estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos e paratextuais).</p>
<p>Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>B5.7. Utilizar as experiencias lingüísticas e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece, para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe, e apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.</p>	<p>PLEB5.8. Explica o sentido dun texto, resumíndoo ou reformulándoo, na propia lingua, para un interlocutor próximo real ou simulado que descoñece a lingua estranxeira, coa finalidade de facer o texto comprensible e garantir a relación fluída entre falantes e culturas, amosando respecto perante as diferenzas.</p>
<p>B5.5. Funcións comunicativas: Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais. Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p>	<p>B5.7. Utilizar as experiencias lingüísticas e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece, para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe, e apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.</p>	<p>PLEB5.8. Explica o sentido dun texto, resumíndoo ou reformulándoo, na propia lingua, para un interlocutor próximo real ou simulado que descoñece a lingua estranxeira, coa finalidade de facer o texto comprensible e garantir a relación fluída entre falantes e culturas, amosando respecto perante as diferenzas.</p>
<p>Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais,</p>	<p>B5.8. Recoñecer e utilizar léxico oral e escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios</p>	<p>PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>

<p>descripción de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros.</p> <p>Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.</p> <p>Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa.</p> <p>Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.</p> <p>Establecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico oral e escrito de uso común (recepción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos, saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión de opinións</p> <p>Léxico sobre temas</p>	<p>intereses, os estudos e as ocupacións; inferir do contexto e do cotexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións de uso menos frecuente ou máis específico, e comunicar información, opinións e puntos de vista breves, simples e directos en situacións habituais e cotiás, aínda que en situacións menos correntes haxa que adaptar a mensaxe.</p> <p>B5.9. Reformular o sentido dun texto, resumíndoo ou reformulándoo na propia lingua, explicándoo a un interlocutor próximo que descoñece a lingua estranxeira, coa finalidade de facer o texto comprensible e garantir a relación fluída entre falantes e culturas.</p> <p>B5.10. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	
---	--	--

INGLÉS 3º de ESO.		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo.</p> <p>B5.7. Rutinas ou modelos de interacción básicos e habituais segundo o tipo de situación de comunicación, propia da súa idade e do seu nivel, ou modelos de interacción básicos e habituais segundo o tipo de situación de comunicación, propia da súa idade e nivel.</p> <p>B5.8. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>		

Contidos sintáctico-discursivos:

<p>Expresión de relacións lóxicas: conxunción (<i>and, too, also</i>); disxunción (<i>or</i>); oposición (<i>but</i>); causa (<i>because (of); due to</i>); finalidade (<i>to + infinitive; for</i>); comparación (<i>as/not so +Adj.+ as; more comfortable/ quickly, faster (than); the fastest</i>); resultado (<i>so...</i>); condición (<i>if; unless</i>).</p> <p>Relacións temporais (<i>as soon as;while</i>).</p> <p>Afirmación (<i>affirmative sentences; tags</i>)</p> <p>Exclamación (<i>What + (Adj. +) noun, e. g. What a wonderful holiday!; How + Adj., e. g.How interesting!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Well, that is a surprise! Fine! Great!</i>).</p> <p>Negación (<i>negative sentences with not, never, non (Noun, e. g. no problem), nobody, nothing; negative tags</i>).</p> <p>Interrogación (<i>Wh- questions; Aux. Questions; What is this for?; tags</i>).</p> <p>Expresión do tempo: pasado (<i>past simple and continuous; present perfect; past perfect</i>); presente (<i>present simple and continuous</i>); futuro (<i>going to; will; present simple and continuous + Adv.</i>).</p> <p>Expresión do aspecto: puntual (<i>simple tenses</i>); durativo (<i>present and past simple/perfect; and future continuous</i>); habitual (<i>simple tenses (+ Adv., e. g. usually); used to</i>); incoativo (<i>start –ing</i>); terminativo (<i>stop –ing</i>).</p> <p>Expresión da modalidade: factualidade (<i>declarative sentences</i>); capacidade (<i>can; be able</i>); posibilidade/probabilidade (<i>may; might; perhaps</i>); necesidade (<i>must; need; have (got) to</i>); obriga (<i>have (got) to; must; imperative</i>); permiso (<i>could; allow</i>); intención (<i>present continuous</i>).</p> <p>Expresión da existencia (<i>e. g.there will be/has been</i>); a entidade (<i>count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/emphatic); determiners</i>); a calidade (<i>e. g. good at maths; rather tired</i>).</p> <p>Expresión da cantidade (<i>singular/plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: e. g. all (the), most, both, none. Degree: e. g. really; quite; so; a little</i>).</p> <p>Expresión do espazo (<i>prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement</i>).</p> <p>Expresión do tempo (<i>points (e. g. five to (ten)); divisions (e. g. century; season), and indications (ago; early; late) of estafe; duration (from...to;during; until; since); anteriority (already; (not) yet); posteriority (afterwards; later); sequence (first, next, last); simultaneousness (while, as); frequency (e.g. often, usually</i>).</p> <p>Expresión do modo (<i>Adv. and phrases of manner, e. g. easily; by post</i>).</p> <p><i>Make and do</i>.</p>

4.5.2. *Secuencia de unidades didácticas - 3º ESO*

UNIDADE 1: EXTREME LIVING

Contidos

Listening

Escoita e comprensión da entrada no seu *blog* dunha moza británica sobre unha localidade siberiana.

Escoita e comprensión dunha conversa acerca de Death Valley (California).

Escoita e comprensión dunha emisión de radio sobre unha familia que vive e cobre as súas necesidades básicas sen manexar diñeiro.

Escoita e comprensión dunha entrevista a unha moza que vive nunha remota granxa australiana.

Escoita e comprensión dun texto sobre unha semana sen tecnoloxía na vida dunha familia.

Escoita e revisión dunha entrevista a un ‘cazador de tormentas’.

Escoita e comprensión dunha conversa entre dúas persoas que opinan acerca de vivir no campo ou na cidade.

Escoita e comprensión de vídeos: 1.1. Descrición da vida dunha familia en Alaska;

1.2. Unha reportaxe sobre científicos que estudan os tornados; 1.3. Seis mozos expresando a súa preferencia entre cidade ou zona rural; 1.4. Un breve documental sobre a tribo Khomani San.

Escoita e comprensión dun texto sobre a vida nun deserto.

Escoita e comprensión da entrevista a unha experta en supervivencia.

Speaking

Interacción oral por parellas na que preguntan e responden acerca do tempo, acerca de como é a nosa vida segundo a estación e acerca de que estación do ano se prefire e por que.

Interacción oral por parellas na que se preguntan e responden sobre actividades que se fan e con que frecuencia.

Interacción oral por parellas na que se debate sobre se se pode vivir sen diñeiro.

Interacción oral por parellas na que se preguntan e responden sobre actividades ou accións que están tendo lugar nese momento.

Interacción oral por parellas na que se preguntan e responden sobre emocións en relación coas tormentas.

Exposición e comparación da información recompilada sobre os tornados.

Conversa por parellas na que manifestan as súas preferencias e as razóns en relación con vivir na cidade ou no campo.

Intercambios de opinións por parellas acerca dos seis obxectos máis útiles para sobrevivir nun deserto.

Reading

Lectura e comprensión da entrada no seu *blog* dunha moza británica sobre unha localidade siberiana.

Lectura e comprensión de frases sobre unha familia que vive sen manexar diñeiro.

Lectura e comprensión dun texto sobre a forma de vida dos beduínos.

Lectura e comprensión dun texto sobre unha semana sen tecnoloxía na vida dunha familia.

Lectura e comprensión dunha entrevista a un ‘cazador de tormentas’.

Lectura e comprensión dunha conversa entre dúas persoas que opinan acerca de vivir no campo ou na cidade.

Lectura dun correo electrónico no que se conta como é a vida no lugar onde se vive e doutro no que se comenta o que se está facendo durante as vacacións.

Lectura e asimilación das fases e contidos para redactar un texto: un correo electrónico a un amigo epistolar falando de como é a vida no lugar onde se vive.

Lectura das seccións de referencia indicadas nas actividades.

Lectura e comprensión da información extra marcada como *Fact*.

Lectura e comprensión dunha entrevista a un garda forestal en Malasia.

Lectura e comprensión dun texto sobre dous traballos perigosos.

Lectura e comprensión dun texto sobre a vida nun deserto.

Writing

Descrición da vida dunha familia en Alaska.

Completado dunha conversa sobre Death Valley usando o *Present simple*.

Elaboración dun póster ou dunha presentación sobre Alaska.

Recompilación escrita de información sobre os tornados.

Completado de frases usando o *Present continuous*.

Redacción de correos electrónicos a un amigo epistolar, un falando de como é a vida no lugar onde se vive e outro relatando como están sendo as vacacións.

Redacción de frases sobre un traballo perigoso que un imaxina que realiza.

Completado dun cadro de datos sobre o deserto do Kalahari.

Descrición da tribo Khomani San.

Os seguintes aspectos trabállanse de forma transversal nos catro bloques de contido anteriores:

Funcións comunicativas:

Uso de expresións para manifestar opinións e debater (expresar acordo e desacordo):

Yes, I think it's possible to ..., but ... / It's difficult to ... because ... / It's imposible to ... because ... / I think the most difficult thing t olive without is ... because ... / Maybe, but / I think... / I don't think so. / Yes, that's true. / I reckon ... / I agree ... / Perhaps you're ritght. / Yes, I suppose so.

Descrición de información persoal: a nosa vida segundo a estación, preferencias de estación meteorolóxica, actividades que se fan con máis ou menos frecuencia (*Present simple*) ou que se están facendo nese momento (*Present continuous*).

Preguntar e informar sobre o tempo.

Redacción dun correo electrónico a un amigo epistolar falando de como é a vida no lugar onde se vive.

Vocabulario:

Meteoroloxía e cuestións relacionadas: *high winds / boiling / snowstorm / hail / freezing / heat wave / thunder and lightning / heavy rain / fall / outdoors / indoors / sub-zero conditions / rise / melt.*

Necesidades básicas: *food and drink / clothes / entertainment / health care / transport / communication / a home / education / money.*

Adverbios de frecuencia: *always / usually / often / sometimes / hardly ever / never.*

UNIDADE 2: DISASTERS

Contidos

Listening

Escoita e comprensión dun artigo sobre o volcán Krakatoa.

Escoita e comprensión do que unha persoa conta sobre os tsunamis no cine e na realidade.

Escoita e comprensión dunha conversa acerca de como un mozo sobreviviu tras perderse nun deserto australiano.

Escoita e comprensión da reseña sobre un rescate.

Escoita e comprensión dunha entrevista a unha moza que xunto aos seus amigos conseguiu escapar dun incendio forestal.

Escoita e revisión dun artigo acerca da illa británica Tristan da Cunha.

Escoita e comprensión dunha conversa entre dous estudantes sobre un obxecto perdido.

Escoita e comprensión de vídeos: 1.1. Un documental sobre vulcanólogos rusos; 1.2. Un documental sobre a vida nos manglares indios; 1.3. Seis mozos contestando á pregunta de se perden cousas a miúdo; 1.4. Un sinxelo experimento científico para explicar a relación dos océanos co cambio climático.

Escoita e comprensión de textos sobre o cambio climático e o efecto invernadoiro.

Speaking

Interacción oral por parellas na que preguntan e responden cos desastres naturais como temática.

Interacción oral por parellas na que se preguntan e responden sobre volcáns.

Exposición da información recompilada sobre os vulcanólogos.

Interacción oral por parellas na que se fala sobre actividades do pasado usando o

Past simple e used to.

Interacción oral por parellas na que opinan sobre os perigos de diferentes escenarios e do equipo necesario para sobrevivir alí.

Interacción oral por parellas na que se preguntan e responden sobre Tristan da Cunha e a idea de vivir alí.

Conversa por parellas sobre a perda dun obxecto persoal (teléfono móbil, memoria usb...).

Intercambio de información por parejas acerca dos vulcanólogos, acerca de pobos que viven sobre a auga e acerca de ecosistemas acuáticos afectados pola acidificación dos océanos.

Intercambio de opinións por parejas acerca de causas do cambio climático e sobre o que cada cal pode facer para reducir a produción de CO₂.

Debate sobre as actuacións que se poden levar a cabo en relación co cambio climático e a acidificación dos océanos.

Reading

Lectura e comprensión de frases sobre desastres naturais extraídas de reportaxes.

Lectura e comprensión dun artigo sobre o volcán Krakatoa.

Lectura e comprensión da reseña sobre un rescate.

Lectura e comprensión dun texto sobre un accidente na montaña.

Lectura e comprensión dun texto sobre un bombeiro e o seu can durante un terremoto en Guatemala.

Lectura e comprensión dun artigo acerca da illa británica Tristan da Cunha.

Lectura e comprensión das narracións de dous mozos nos seus *blogs* sobre as súas experiencias en desastres naturais.

Lectura e asimilación das fases e contidos para redactar un texto: a narración dunha experiencia persoal de supervivencia a un evento.

Lectura das seccións de referencia indicadas nas actividades.

Lectura e comprensión da información extra marcada como *Fact*.

Lectura e comprensión dun artigo sobre un mozo que sobreviviu a un tornado.

Lectura e comprensión de textos e un gráfico sobre o cambio climático e o efecto invernadoiro.

Writing

Completado de frases sobre desastres naturais.

Redacción de frases explicando que desastres naturais se consideran máis perigosos.

Completado de frases usando o *Past simple*, *used to*, o *Past continuous* e o *Past perfect* (oracións afirmativas, negativas e interrogativas).

Completado dun texto sobre un rescate usando o tempo verbal adecuado (*Past simple*, *Past continuous* ou *Past perfect*).

Recompilación escrita de información acerca dos vulcanólogos, acerca de pobos que viven sobre a auga e acerca de ecosistemas acuáticos afectados pola acidificación dos océanos.

Descrición da rexión rusa de Kamchatka e dunha illa próxima ao noso país.

Redacción dun texto no que se narra unha experiencia persoal de supervivencia a un evento.

Redacción da entrada para un *blog* na que se conta unha aventura persoal.

Redacción de respostas a preguntas sobre un desastre natural recentemente ocorrido.

Elaboración das preguntas para entrevistar a un supervivente dun tornado e as respostas que podería dar.

Os seguintes aspectos trabállanse de forma transversal nos catro bloques de contido anteriores:

Funcións comunicativas:

1,2,3	Esfórzase por utilizar a lingua no aula cunha pronunciación razoable	Observación sistemática
1,2,3	Utiliza correctamente os signos de puntuación e regras ortográficas básicas	Proba escrita
1,2,3	Utiliza as convencións sociais e comunicativas básicas na interacción oral	Observación sistemática / Proba oral
1,2,3	Na súa propia lingua identifica diferenzas e semellanzas en aspectos socioculturais básicos dos países de lingua inglesa	Observación sistemática / Proba escrita/oral
1,2,3	Identifica e utiliza os patróns discursivos básicos de uso máis frecuente.	Proba escrita/oral
1,2,3	Utiliza correctamente o conxunto de estruturas morfosintácticas e discursivas básicas para comprender e facerse comprender, e establece as debidas correlacións entre as estruturas da lingua	Proba escrita

	materna e a estranxeira.	
1,2,3	Entende e utiliza un vocabulario básico na expresión oral e escrita	Proba oral/escrita
2,3	Resume a grandes liñas un texto oral ou escrito, para facelo comprensible a interlocutores que descoñecen a lingua	Proba oral /escrita
3	Participa en proxectos plurilingües relacionados con elementos transversais	Proxecto

Contidos sintáctico-discursivos (mínimos):

Subject/Object pronouns and possessive adjectives and pronouns

Comparative and superlative adjectives

Reflexive pronouns

Indefinite pronouns

Relative pronouns

Present Simple. Adverbs and expressions of frequency

Present Continuous. Time expressions (now, at the moment...)

Past Simple: regular and irregular verbs. Time expressions (ago, last week, yesterday...)

Past Continuous. Time expressions (when, while...)

Used to

Present Perfect Simple. Time expressions (just, ever, never, for, since, still, yet, already)

The Future expression: will, be going to, present continuous. Time expressions: next week, tomorrow...)

Modal verbs: can/ can't, could / couldn't, should, must / have to , mustn't / needn't / don't have to, be allowed to, may, might

Quantifiers: a few / a little, a lot of /lots of, How many/How much, too / too much / too many, (not) enough

First and Second Conditionals. If and Unless

Passive: Present Simple and Past Simple

Connectors and linking words (but, because, however, although, firstly, luckily...)

Vocabulario (mínimos): O tratado nas distintas unidades do libro de texto (*“Smart Planet 3”, Cambridge U.P.*)

4.6.4º E.S.O.

4.6.1. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE - 4º E.S.O.

Inglés 4º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. Comprensión de textos orais		
<p>B1.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. Identificación do tipo de escoita necesario para realizar a tarefa (global, selectiva e detallada). Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes). Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p>	<p>B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para a comprensión do sentido xeral, información esencial, os puntos principais, ou os detalles relevantes do texto. B1.2. Identificar o sentido xeral, información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media,</p> <p>nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que exista apoio visual e as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe, e que se poida volver escoitar o dito.</p> <p>B1.3. Comprender os detalles de información relativa a datos persoais, horarios, prezos e números, así como comprender preguntas e</p>	<p>PLEB1.1. Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada), mellorándoo se é o caso (sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala), deducindo intencións a partir do volume da voz do falante, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias.</p> <p>PLEB1.2. Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais e información relevante</p> <p>en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un tema educativo ou de divulgación científica, ou unha charla sobre a formación profesional noutros países).</p> <p>PLEB1.3. Identifica a idea principal e aspectos significativos de noticias de televisión claramente articuladas cando hai apoio visual que complementa o discurso, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturadas e articuladas con claridade, nunha variedade estándar da lingua, e cando as imaxes facilitan a comprensión.</p>

	<p>instruccións básicas e seguir indicacións breves relativas a necesidades cotiás ou ocupacionais relativas a situacións de comunicación básicas dos ámbitos persoal e profesional.</p> <p>B1.4. Comprender textos orais sinxelos nos que soliciten ou dean información de carácter básico e sinxelo, identificando funcións de comunicación variadas e captando tanto as liñas xerais como os aspectos secundarios de relevancia, sempre que se fale lentamente e nunha linguaxe estándar e poida pedir confirmación do entendido.</p> <p>B1.5. Comprender as ideas principais e outros aspectos relevantes para o propósito comunicativo de textos orais de carácter informal que relaten</p>	<p>PLEB1.4. Capta os puntos principais e os detalles claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico (por exemplo, en contestadores automáticos, ou sobre como realizar un experimento na clase, ou como utilizar unha máquina ou un dispositivo no ámbito ocupacional).</p> <p>PLEB1.5. Identifica as ideas principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dous ou máis interlocutores que ten lugar na súa presenza e na que se tratan temas coñecidos ou de carácter xeral ou cotián, cando o discurso está articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua.</p> <p>PLEB1.6. Entende o que se lle di en transaccións e cuestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hotéis, restaurantes, transportes, centros docente e lugares de traballo) ou menos habituais (por exemplo,</p>
<p>experiencias persoais (viaxes, estudos, experiencias laborais, relacións persoais, etc.), e expresando opinións ou puntos de vista, cunha fala lenta e nunha linguaxe estándar, identificando aspectos como a secuencia temporal das experiencias (por exemplo, dunha película), e os sentimentos que suscitan.</p>	<p>nunha farmacia, un hospital, nunha comisaría ou nun organismo público), se pode pedir confirmación dalgúns detalles.</p>	<p>PLEB1.7. Comprende, nunha conversa formal, ou entrevista na que participa (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo), información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible, sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore, algo do que se lle dixo.</p>

		<p>PLEB1.8. Comprende, nunha conversa informal na que participa, explicacións ou xustificacións de puntos de vista e opinións sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas (por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade).</p>
<p>Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción</p>		
<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Identificación do contexto, do destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.</p> <p>Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</p> <p>Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</p>	<p>B2.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves ou de lonxitude media, e de estrutura simple e clara, explotando os recursos dos que se dispón e limitando a expresión a estes; recorrendo, entre outros, a procedementos como a definición simple de elementos para os que non se teñen as palabras precisas, ou comezando de novo cunha nova estratexia cando falla a comunicación.</p> <p>B2.2. Pronunciar e entoar</p>	<p>PLEB2.1. Utiliza recursos lingüísticos para entender e facerse entender, como a utilización de expresións memorizadas ou fixas (para pedir que lle falen máis a modo, que lle repitan ou que lle aclaren) e o uso de exemplos e definicións, ou de aspectos paralingüísticos como os acenos, a entoación, etc.</p> <p>PLEB2.2. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervéñ na lingua estranxeira de xeito claro e comprensible, e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas</p>

Inglés 4º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> - Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. - Execución: - Expresión da mensaxe con claridade, coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Apoio e aproveitamento ao máximo dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.). - Cooperación na interacción con outras persoas, verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación. - Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. - Lingüísticos: - Modificación de palabras de significado parecido. - Definición ou reformulación dun termo ou expresión. - Petición de axuda. - Paralingüísticos: - Sinalación de obxectos, uso de 	<ul style="list-style-type: none"> os enunciados de maneira clara e comprensible, aínda que as persoas interlocutoras poidan necesitar repeticións se se trata de palabras e estruturas pouco frecuentes, en cuxa articulación poden cometerse erros que non interrompan a comunicación. B2.3. Producir textos breves ou de lonxitude media, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, nos que se intercambia información, ideas e opinións, se xustifican de maneira simple pero suficiente os motivos de accións e plans, e se formulan hipóteses, aínda que ás veces haxa vacilacións para buscar expresións e pausas para reformular e organizar o discurso, e sexa necesario repetir o dito para axudar a persoa interlocutora a comprender algúns detalles. B2.4. Manter o ritmo do discurso coa fluidez suficiente para facer comprensible a mensaxe cando as intervencións son breves ou de lonxitude media, aínda que poidan producirse pausas, vacilacións ocasionais ou reformulacións do que se quere expresar en situacións menos habituais ou en intervencións máis longas. B2.5. Interactuar de maneira sinxela pero efectiva en intercambios claramente estruturados, 	<ul style="list-style-type: none"> compañeiras. PLEB2.3. Fai presentacións breves, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual (por exemplo, PowerPoint), sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de óntes articuladas de maneira clara e a velocidade media. PLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto. PLEB2.5. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiás ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade. PLEB2.6. Toma parte en conversas

Inglés 4º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.</p> <p>Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, proxémica, etc.).</p> <p>Uso de sons cuasilingüísticos e calidades prosódicas convencionais.</p>	<p>utilizando estratexias de cooperación na interacción e fórmulas ou indicacións habituais para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se poida necesitar a axuda da persoa interlocutora.</p> <p>B2.6. Comprender preguntas e dar información básica sobre si mesmo e relativas aos ámbitos educativo e persoal (datos persoais, formación, opinións, plans, intereses), aínda que teña que solicitar aclaracións ou repetir as súas respostas para facerse comprender.</p>	<p>formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans.</p>
Bloque 3. Comprensión de textos escritos		
<p>B3.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</p> <p>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva)</p> <p>Identificación do tipo textual adaptando a comprensión a el.</p> <p>Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir de comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.</p> <p>Reformulación de hipóteses</p>	<p>B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, información esencial, os puntos principais, ou os detalles relevantes do texto.</p> <p>B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas (identificar os conceptos principais e palabras clave do tema, coñecer sinónimos destas e procurar termos relacionados en internet; e localizar recursos da biblioteca do seu centro docente), para a procura de información en diferentes fontes, e analizar a súa credibilidade seguindo criterios como a autoría, a data de publicación, ligazóns relevantes, funcionalidade e tipo de texto (divulgativo, educativo, de opinión,</p>	<p>PLEB3.1. Nas actividades de lectura da aula, explica como sabe inferir significados a partir do seu coñecemento do mundo, do coñecemento doutros idiomas, do contexto lingüístico, dos apoios visuais (imaxes, tipografía, deseño, etc.), así como das características do medio en que aparece impresa a información (carteis, folletos, revistas, xornais, páxinas web, etc.).</p> <p>PLEB3.2. Procura e entende información específica de carácter concreto en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados (por exemplo, enciclopedias, dicionarios, monografías, presentacións) sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses, e analiza a información tendo en conta varios criterios (autoría, fiabilidade da páxina que o publica, datas, etc.) que axuden a avaliar a credibilidade do material.</p> <p>PLEB3.3. Entende o sentido xeral,</p>

<p>a partir da comprensión de novos elementos.</p>	<p>etc.).</p> <p>B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten asuntos cotiáns ou menos habituais, de temas de interese ou salientables para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso común, de carácter tanto xeral como máis específico.</p> <p>B3.4. Comprender a intención de comunicación, fórmulas de saúdo, despedida e outras convencións básicas de correspondencia de carácter persoal e formal, sempre que non conteña expresións idiomáticas, e poder reaccionar de xeito adecuado a tarxetas postais, felicitacións, invitacións, citas médicas, solicitude de información, etc.</p> <p>B3.5. Seguir instrucións básicas que lle permitan, por exemplo, pór en marcha, manexar ou instalar aparellos ou aplicacións informáticas sinxelas (sempre que conteñan diagramas ou imaxes que faciliten a súa comprensión), entender unha prescrición médica, matricularse nun centro de estudos, etc.</p> <p>B3.6. Ler con fluidez</p>	<p>os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo e claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre lecer, cursos, bolsas e ofertas de traballo).</p> <p>PLEB3.4. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; reconece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, sempre que poida reler as seccións difíciles.</p> <p>PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos, onde se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p> <p>PLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional, como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estada de estudos no estranxeiro).</p> <p>PLEB3.7. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural, nunha residencia de estudantes ou</p>
--	--	---

	textos de ficción e literarios contemporáneos breves ou adaptados, ben estruturados, en rexistro estándar da lingua, con argumento lineal e con personaxes, situacións e relacións descritas de xeito claro e sinxelo.	nun contexto ocupacional). PLEB3.8. Comprende os aspectos xerais e os detalles máis relevantes de textos de ficción e textos literarios contemporáneos breves, ben estruturados e nunha variante estándar da lingua, nos que o argumento é lineal e se pode seguir sen dificultade, e os personaxes e as súas relacións se describen de maneira clara e sinxela.
Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción		
B4.1. Estratexias de produción: Planificación: Mobilización e coordinación das propias competencias xerais comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). Localización e uso adecuado dos recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). Execución: Elaboración dun borrador. Estruturación do contido do texto. Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto. Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou	B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos breves ou de media lonxitude (por exemplo, reformulando estruturas a partir doutros textos de características e propósitos comunicativos similares, ou redactando borradores previos, e revisando o contido, ortografía e presentación do texto antes da súa escritura definitiva). B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves ou de lonxitude media, coherentes e de estrutura clara, sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, de carácter tanto xeral como máis	PLEB4.1. Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo ou ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un accidente), describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións. PLEB4.2. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos. PLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e se transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes (por exemplo, nunha páxina web ou unha revista xuvenil, ou dirixidos a un profesor ou a unha profesora), respectando as convencións e as normas de cortesía.

Inglés 4º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos disponibles. – Apoio e aproveitamento ao máximo dos coñecementos previos (utilizar a linguaxe "prefabricada", etc.). Revisión: Identificación de problemas, erros e repeticións. Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. Reescritura definitiva. Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra adecuado, uso normativo de maiúsculas e minúsculas, etc.).	específico dentro da propia área de especialización ou de interese. B4.3. Saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet (por exemplo, abreviacións ou outros en chats). B4.4. Seleccionar e achegar información necesaria e pertinente, axustando de maneira adecuada a expresión ao destinatario, ao propósito comunicativo, ao tema tratado e ao soporte textual, expresando opinións e puntos de vista coa cortesía necesaria. B4.5. Tratar a información obtida de diversas fontes, seguindo os patróns discursivos habituais, para iniciar e concluír o texto escrito adecuadamente, organizar a información de xeito claro e ampliala con exemplos ou resumila con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao texto orixinal. B4.6. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.) en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando importancia da presentación nas comunicacións escritas.	PLEB4.4. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra de forma lineal e coherente feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas (por exemplo, sobre unha viaxe, as súas mellores vacacións, un acontecemento importante, un libro ou unha película), ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes, e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles. PLEB4.5. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para facerse membro dunha asociación ou para solicitar unha bolsa). PLEB4.6. Escribe o seu currículo en formato electrónico, seguindo, por exemplo, o modelo Europass. PLEB4.7. Toma notas, mensaxes e apuntamentos con información sinxela e relevante sobre asuntos habituais e aspectos concretos nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional, dentro da súa especialidade ou área de interese. PLEB4.8. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.
Inglés 4º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural		

<p>B5.1. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación</p> <p>Sons e fonemas vocálicos.</p> <p>Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.</p> <p>Procesos fonolóxicos básicos.</p>	<p>B5.1. Discriminar padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e recoñecer os significados e as intencións comunicativas xerais relacionados con eles.</p>	<p>PLEB5.1. Exprésase cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible, e utiliza adecuadamente os esquemas fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras.</p>
<p>Acento dos elementos léxicos illados e no sintagma e na oración.</p> <p>B5. 2. Padróns gráficos e convencións ortográficas:</p> <p>Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</p>	<p>B5.2. Recoñecer e utilizar as principais convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación, e de uso de maiúsculas e minúsculas, así como abreviaturas e símbolos de uso común e máis específico; e saber</p>	<p>PLEB5.2. Produce textos escritos en diferentes soportes, sen erros ortográficos e de puntuación que impidan a comprensión, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos.</p>
<p>Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p>B5. 3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>Recoñecemento e uso de convencións sociais, normas de cortesía rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; e linguaxe non verbal.</p>	<p>manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet (por exemplo, abreviacións ou outros en chats).</p>	<p>PLEB5.3. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de xeito sinxelo, pero correcta e adecuada ao contexto.</p>
<p>Achegamento a aspectos culturais visibles próximos aos seus intereses (música, traballo, lecer, deportes, produción escrita, lugares, organización política, etc.) e costumes, valores, crenzas e actitudes máis relevantes para facer comprensible con carácter xeral a estrutura socioeconómica, cultura dos países falantes da lingua estranxeira.</p>	<p>B5.3. Coñecer e utilizar para a comprensión e a produción do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida (hábitat e estrutura socioeconómica), relacións interpersoais (xeracionais, entre homes e mulleres, no ámbito educativo, ocupacional e institucional), comportamento (posturas, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e proxémica) e convencións sociais (actitudes e valores), así</p>	<p>PLEB5.4. Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, e establece relación entre aspectos da cultura propia e da cultura meta para cumprir, de ser o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>
<p>Identificación das similitudes e diferenzas máis significativas nos costumes cotiáns, e uso das formas básicas de relación social entre países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>Actitude receptiva e</p>	<p>comportamento (posturas, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e proxémica) e convencións sociais (actitudes e valores), así</p>	<p>PLEB5.5. Comprende e utiliza con corrección suficiente e adecuación sociolingüística os recursos lingüísticos propios do seu nivel, e frases feitas e locucións idiomáticas sinxelas e habituais da</p>

<p>respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Recoñecemento da realidade plurilingüe do propio contorno. – Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada. – Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais. – Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades. – Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros. – Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos. – Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura. – Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición. – Expresión do interese, a 	<p>como os aspectos culturais xerais que permitan comprender información e ideas presentes no texto (por exemplo, de carácter histórico ou literario).</p> <p>B5.4. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal, ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.</p> <p>B5.5. Recorrer aos coñecementos sintáctico- discursivos da propia lingua para identificar marcadores discursivos e tipo de expoñentes lingüísticos necesarios segundo o tipo de texto e a intención comunicativa; mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada</p> <p>B5.6. Apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.</p> <p>B5.7. Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral e escrita, así como os seus significados asociados (por exemplo, unha estrutura interrogativa para expresar sorpresa); e distinguir a función ou as funcións comunicativas máis relevantes do texto e un</p>	<p>comunidade lingüística correspondente á lingua meta.</p> <p>PLEB5.6. Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado, o que implica, entre outros, o emprego de sinónimos de uso máis frecuente e de palabras de significación próxima para evitar a repetición léxica.</p> <p>PLEB5.7. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais; evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>
--	---	---

Inglés 4º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e sorpresa, así como os seus contrarios. Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses. Establecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico oral escrito de uso común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>Recoñecemento e uso de expresións fixas, enunciados fraseolóxicos (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión de opinións) e léxico sobre temas relacionados con contidos doutras áreas do currículo.</p> <p>Recoñecemento e uso de antónimos e sinónimos máis comúns, e procedementos de formación de palabras mediante recursos de derivación e composición, e recoñecemento de "falsos amigos".</p> <p>B5.7. Recoñecemento e uso de rutinas ou modelos de interacción básicos, segundo o tipo de situación de comunicación.</p>	<p>repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización e á ampliación ou a restruturación da información (por exemplo, nova fronte a coñecida; exemplificación e resumo).</p> <p>B5.8. Recoñecer, e aplicar á comprensión do texto léxico oral e escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, como un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente, cando o contexto ou o apoio visual facilitan a comprensión.</p> <p>B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	
B5.8. Estruturas sintáctico- discursivas propias de cada idioma.		

4.6.2. SECUENCIA DE UNIDADES DIDÁCTICAS - 4º E.S.O.

UNIDADE 1: CHANGES

Contidos

Listening

Escoita e comprensión dun artigo sobre modas xuvenís no pasado.

Escoita e comprensión da entrada dun rapaz no seu *blog* sobre a corrente de moda á que pertencía ao seu pai cando era rapaz.

Visionado de vídeos: 1.1. O percorrido dun ‘blogueiro’ pola Semana da Moda de Milán; 1.2. A fabricación de guitarras; 1.3. Varios rapaces contan sobre a música e a moda que aos seus pais lles gustaban cando eran rapaces; 1.4. Rapaces que crean tendencia.

Escoita e comprensión da entrevista a un actor.

Escoita e comprensión da entrada dunha rapaza no seu *blog* sobre a súa intención de ir ao concerto da súa banda preferida.

Escoita e comprensión dun artigo sobre iconas que representan ao Reino Unido.

Escoita e comprensión dunha conversa entre dous rapaces de compras.

Escoita e comprensión dun texto sobre a historia dos pantalóns vaqueiros ou *jeans*.

Escoita e comprensión dunha conversa entre un profesor e os seus alumnos acerca dos factores que influíron para a xeneralización do uso de *jeans*.

Speaking

Interacción oral contestando a unhas preguntas por parellas sobre roupa e forma de vestir.

Interacción oral contestando a unhas preguntas por parellas sobre modas xuvenís no noso país e a opinión a este respecto.

Intercambio da información buscada en internet sobre as semanas da moda en Londres, París e Nova York.

Gravación dos comentarios que farían se asistisen a un evento de moda.

Interacción oral por parellas na que se pregunta e responde sobre o último curso de Primaria.

Interacción oral por parellas na que se comentan as diferenzas entre o momento actual e cando se era máis neno.

Interacción oral por parellas na que se fala sobre a película *Back to the future* e a posibilidade de viaxar ao pasado.

Interacción oral por parellas na que se pregunta e responde sobre algún acontecemento persoal especial.

Interacción oral por parellas na que se fala sobre iconas do país de cada cal.

Role-play de conversas cando se está de compras.

Interacción oral por parellas conversando sobre os cambios sociais.

Reading

Lectura e comprensión dun artigo sobre modas xuvenís no pasado.

Lectura e comprensión dun artigo sobre iconas que representan ao Reino Unido.

Lectura e comprensión dun texto biográfico sobre o grupo ABBA.

Lectura e comprensión dun texto sobre a historia dos pantalóns vaqueiros ou *jeans*.

Lectura e asimilación das fases e contidos para redactar un texto: unha biografía.

Lectura das seccións de referencia indicadas nas actividades.

Lectura e comprensión da información extra marcada como *Fact*.

Lectura e comprensión dun texto biográfico sobre o grupo The Beach Boys.

Writing

Completado dun texto utilizando *used to*.

Redacción de preguntas usando *used to*.

Completado de frases e textos usando adecuadamente adxectivos e as súas preposicións dependentes.

Redacción de frases acerca do compañeiro.

Completado de frases e textos con *Past perfect* e *Past simple*.

Redacción de información sobre un instrumento musical.

Redacción dun texto biográfico sobre un guitarrista famoso.

Redacción dunha autobiografía.

Funcións comunicativas:

Descrición/achega de información persoal: gustos sobre roupa.

Expresión da opinión sobre modas xuvenís.

Utilización de expresións típicas cando se vai de compras: *How about (this top)? / (They're) my size. / Why don't you try (them) on? / Where are the changing rooms?*

/ Do you think (the top) suits me? / (You) look great! / (They don't) suit me. / (They don't) fit very well.

Redacción de textos biográficos.

Vocabulario:

Roupa: *a leather jacket / a stripy shirt / a silk scarf / a cool T-shirt / flat shoes / tight jeans / a flowery dress / a denim skirt / a baggy jumper / a fitted coat.*

Adxectivos e proposicións dependentes: *excited about / fascinated by / interested in / keen on / disappointed by / happy with / proud of / afraid of.*

Contidos sintáctico-discursivos:

Used to e *would*.

Past perfect e *Past simple*.

Pronuncia e ortografía:

Recoñecemento, contraste e pronuncia correcta de *used to*.

Estratexias de aprendizaxe:

Revisión e corrección dos erros típicos nos hispanofalantes: forma correcta de oracións interrogativas con *used to (did + use to + infinitive)*.

Identificación e práctica de adxectivos e as súas preposicións dependentes.

Lectura das fases e contidos para escribir a biografía dun músico ou dunha banda.

Identificación e práctica do uso de secuenciadores e conectores en textos escritos:

Although / Over the next / After / the last few years / as a result.

Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

Coñecemento de iconas que representan ao Reino Unido.

Coñecemento de modas e/ou tendencias xuvenís no pasado e identificación das actuais no noso país.

Coñecemento da historia do uso dos pantalóns vaqueiros.

Respecto cara aos gustos dos compañeiros no que a roupa se refire e cara ás súas opinións sobre modas xuvenís.

UNIDADE 2: A HELPING HAND

Contidos

Listening

Escoita e comprensión dunha reportaxe sobre un proxecto escolar no que os alumnos lle ensinan novas tecnoloxías á xente maior.

Escoita e comprensión dunha conversa na que un rapaz lle conta o seu problema na casa a un amigo.

Visionado de vídeos: 1.1. Un mergullador italiano practicando para cualificarse como mergullador profesional; 1.2. Un limpador de ventás en Shanghai comenta o que é vivir afastado da súa familia; 1.3.

Varios rapaces comentando como axudaron a un amigo nunha situación difícil; 1.4. A tecnoloxía nas casas do futuro.

Escoita e comprensión da presentación dun alumno acerca de vídeos didácticos *on-line*.

Speaking

Interacción oral por parellas na que se describen calidades de persoas.

Interacción oral na que se contesta a preguntas sobre calidades dun mesmo.

Presentación de información sobre submarinismo.

Interacción oral por parellas na que se dá información persoal usando pronomes reflexivos.

Interacción oral por parellas interpretando unha fotografía.

Interacción oral por parellas debatendo sobre a idea de que rapaces estudantes ensinaran a xente maior o

uso de novas tecnoloxías.

Interacción oral por parellas na que se dá información persoal usando *phrasal verbs*.

Interacción oral por parellas na que se dá información sobre algo que se aprenderon a facer recentemente.

Interacción oral por parellas na que se opina sobre asistir a unha voda chinesa e se dá información sobre a última celebración á que se asistiu.

Presentación de información sobre a cidade chinesa de Shanghai.

Role-play de conversas nas que se empatiza co problema do compañeiro.

Interacción oral por parellas debatendo sobre o concepto pedagóxico de *flipped classroom* e describindo o seu formato ideal de clase.

Reading

Lectura e comprensión dun artigo sobre unha rapaza escaladora.

Lectura e corrección dun artigo sobre un proxecto escolar no que os alumnos lle ensinan novas tecnoloxías á xente maior.

Lectura e comprensión da entrada nun *blog* sobre unha voda chinesa.

Lectura e comprensión do correo electrónico de agradecemento dunha rapaza ao seu avó.

Lectura e asimilación das fases e contidos para redactar un texto: un correo electrónico acerca dun problema persoal.

Lectura das seccións de referencia indicadas nas actividades.

Lectura e comprensión da información extra marcada como *Fact*.

Lectura e comprensión dun texto sobre o concepto pedagóxico de *flipped classroom*.

Writing

Redacción dun texto sobre un deporte que gustaría practicar.

Redacción/completado de frases e/ou textos usando pronomes reflexivos e *each other*.

Redacción/completado de frases e/ou textos usando *Present perfect simple* e *Present perfect continuous*.

Descrición de como sería a vida laboral traballando como limpador de ventás.

Redacción dun correo electrónico acerca dun problema persoal.

Funcións comunicativas:

Descrición de persoas.

Expresión do estado en que un se atopa (uso de *feel* e *find*).

Utilización de expresións típicas cando se empatiza ou se mostra preocupación (*concern*): *What's up? / You por thing. / I'm sure (he) 'll calm down soon. / You don't need to worry. / I know what you mean. / I'm sure it will be fine. / Is there anything I can do to help?*

Redacción dun correo electrónico acerca dun problema persoal.

Vocabulario:

Adxectivos para describir calidades persoais: *talented / determined / sociable / shy / motivated / strict / passionate / hard-working / easy-going / impatient.*

Phrasal verbs: bring together / sign up / give up / look up to / get on with / pass on / count on.

Contidos sintáctico-discursivos:

Pronomes reflexivos (*myself / yourself / himself / herself / ourselves / yourselves / themselves*) e *each other*.

Present perfect simple e *Present perfect continuous*.

Pronuncia e ortografía:

Recoñecemento, contraste e pronuncia correcta dos grafemas *mb* – /m/ e *bt* - /t/ (*silent b*).

Estratexias de aprendizaxe:

Revisión e corrección dos erros típicos nos hispanofalantes: os pronomes reflexivos escríbense como unha soa palabra (*yourself* vs ~~*your self*~~).

Dedución do significado de *phrasal verbs: bring together / sign up / give up / look up to / get on with / pass on / count on*.

Lectura das fases e contidos para escribir un correo electrónico persoal sobre un problema e a axuda recibida.

Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

Coñecemento dalgúns aspectos da tradición chinesa na celebración de matrimonios.

Recoñecemento de que a capacidade de empatía é esencial na convivencia en xeral e nas relacións de amizade en particular.

Coñecemento de didácticas diferentes, en concreto o concepto de *flipped classroom*.

Recoñecemento das calidades de cada compañeiro.

UNIDADE 3: YOUNG ACHIEVERS

Contidos

Listening

Escoita e comprensión dun artigo acerca dunha rapaza que desexa ser enxeñeira automobilística.

Escoita e comprensión dunha conversa sobre unha rapaza deseñadora.

Escoita e comprensión dun artigo sobre o premio Rapaz Australiano do Ano.

Escoita e comprensión dunha conversa na que dous rapaces debaten sobre o destino que se lles dará aos cartos recollidos para caridade.

Visionado de vídeos: 1.1. Un grupo de científicos no seu intento de substituír rodas por patas; 1.2. O festival mongol Naadam; 1.3. Varios rapaces comentando con que propósito especial aforran; 1.4. Quecemento global. Escoita e comprensión dun artigo sobre Arquímedes.

Speaking

Interacción oral por parellas na que se fala de opcións (laborais ou académicas) ao cumprir os 18.

Interacción oral por parellas comentando a carreira universitaria/profesional ideal.

Presentación de información sobre tres inventores de renome.

Interacción oral por parellas preguntando e contestando sobre diferentes plans para a semana que vén.

Interacción oral por parellas interpretando fotografías.

Interacción oral por parellas debatendo sobre a importancia ou non dos logros dunha rapaza deseñadora.

Interacción oral por parellas comparando como cren que será a súa vida en 30 anos.

Interacción oral por parellas na que comentan os logros de varios rapaces australianos.

Interacción oral por parellas debatendo acerca dun rapaz do noso país que sería merecedor dun premio polos seus logros.

Presentación de información sobre carreiras hípcas famosas.

Role-play de conversas nas que se debate para a toma dunha decisión.

Interacción oral por parellas comentando o sentido práctico da densidade.

Interacción oral por parellas intercambiando información sobre diferentes científicos e os seus logros.

Reading

Lectura e comprensión dun artigo acerca dunha rapaza que desexa ser enxeñeira automobilística.

Lectura e corrección dunha reseña sobre unha rapaza deseñadora.

<p>B1.2. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). Identificación de palabras clave. Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece.</p> <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión</p>	<p>B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando), que permiten inferencias do significado baseadas no contexto; uso dos coñecementos referenciais sobre o tema, así como identificación de palabras clave.</p> <p>B1.2. Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lentamente e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves que conteñan vocabulario propio do nivel.</p> <p>B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis salientables en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións</p>	<p>PLEB1.1. Comprende fórmulas básicas de relación social para iniciar e terminar o discurso e expresar benvidas, desculpas e agradecementos, e identifica a relación de formalidade entre as persoas interlocutoras e o propósito comunicativo.</p> <p>PLEB1.2. Comprende instrucións e textos breves e sinxelos producidos en contextos reais e simulados, articulados con claridade, ritmo pausado e acentuación estándar, que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas sinxelos e habituais na súa idade e no seu contexto escolar.</p> <p>PLEB1.3. Comprende o esencial en situacións de comunicación, cara a cara ou gravadas, nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, que se refiran aos ámbitos persoal público e educativo, sempre que se fale pausadamente e con claridade, e se poida escoitar máis dunha vez.</p> <p>PLEB1.4. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos que estea a aprender, profesionais moi sinxelos ou do seu interese inmediato (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha profesión).</p>
<p>oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</p> <p>Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. Distinción de tipos de comprensión</p>	<p>acústicas non distorsionen a mensaxe se poida volver escoitar o dito.</p> <p>B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis relevantes en conversas cotiáns, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, sentimentos ou sensacións físicas básicas, expresadas con certa naturalidade e boa</p>	<p>PLEB1.5. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal espontánea, relacionada coas actividades de aula, e de simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos, se a produción é articulada con claridade e cunha velocidade media, pero con pausas.</p>

<p>(sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión dos elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p>	<p>articulación, se pode escoitalas de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito.</p> <p>B1.5. Recoñecer os puntos esenciais e información principal de textos orais ou audiovisuais breves, articulados pausadamente e con claridade, que conteñan narracións e/ou descricións moi sinxelas, que traten sobre asuntos moi previsibles da vida cotiá ou moi coñecidos.</p> <p>B1.6. Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos (datos persoais, horarios e prezos), transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e articuladas con certa lentitude e claridade, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan escoitar máis dunha vez.</p>	<p>PLEB1.6. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións, peticións de información e expresión dos gustos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou a reformular o dito.</p> <p>PLEB1.7. Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas emitidas por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos (tempo atmosférico, noticias presentadas con imaxes moi redundantes, etc.) e sobre transaccións habituais de bens e servizos, pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que deba escoitalas máis dunha vez.</p>
<p>Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción</p>		
<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Identificación do contexto, destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.</p> <p>Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os</p>	<p>B2.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descricións, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais e con dominio do vocabulario elemental, para</p>	<p>PLEB2.1. Interactúa nas actividades de aula a maioría das veces ou intervé na lingua estranxeira, cunha pronuncia comprensible, e persevera no seu uso aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións.</p> <p>PLEB2.2. Aмосa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</p>
<p>expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</p> <p>Execución:</p> <p>Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</p>	<p>lograr a finalidade da comunicación.</p> <p>B2.2. Producir textos breves comprensibles, tanto en conversa cara cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dea, se solicite e se intercambie información básica sobre temas de</p>	<p>PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.</p>

<p>Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p>	<p>importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifiquen brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e de plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e para seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto.</p>	<p>PLEB2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), sempre que a persoa interlocutora coopere, falando amodo e con claridade, e repetindo ou reformulando.</p>
<p>Expresión da mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p>	<p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p>	<p>PLEB2.5. Participa en conversas informais cunha pronuncia comprensible cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.</p>
<p>Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos – Lingüísticos:</p>	<p>B2.3. Participar en conversas espontáneas relacionadas coas actividades de aula e en simulacións sobre temas cotiás e de interese persoal con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo.</p>	<p>PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas do seus compañeiros e das súas compañeiras.</p>
	<p>B2.4. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando con elas na interacción, verificando a comprensión propia e das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización</p>	<p>PLEB2.7. Toma parte nunha conversa formal ou entrevista moi sinxela de carácter educativo ou ocupacional moi habitual e traballado previamente, intercambiando información suficiente e básica de carácter persoal e sobre hábitos, gustos ou estudos, preguntando sobre problemas prácticos e reaccionando de forma sinxela ante comentarios,</p>

<p>codificación de palabras de significado parecido.</p> <p>Definición ou parafraseo dun termo ou dunha expresión.</p> <p>Petición de axuda ou clarificación.</p> <p>Paralingüísticos:</p> <p>Sinalización de obxectos, uso de defécticos ou realización de accións que aclaran o significado.</p> <p>Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal)</p> <p>Uso de elementos cuasiléxicos de valor comunicativo (hum, puah, etc.).</p> <p>Uso de elementos prosódicos (pausas, ritmo, entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario ou oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.</p> <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si</p>	<p>das tarefas de comunicación.</p> <p>B2.5. Manexar con certa fluidez frases feitas curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes.</p> <p>B2.6. Intercambia información ou responde a preguntas directas simples e breves, relativas a información persoal, hábitos, gustos, estudos etc., en relación con ámbitos e temas inmediatos cos que xa estea familiarizado.</p> <p>B2.7. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor.</p>	<p>sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita, e se o interlocutor coopera, falando a modo e con claridade, repetindo ou reformulando.</p>
---	--	---

Inglés 2º PMAR		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.2. Rutinas ou modelos de interacción básicos segundo o tipo de situación de comunicación propia da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>B2.3. Uso básico da quenda de palabra, con indicadores sinxelos de que se quere falar e de recoñecemento do desexo de falar das demais persoas.</p>		
Bloque 3: Comprensión de textos escritos		
<p>B3.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el. Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. Inferencia e formulación de</p>	<p>B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, ou os detalles relevantes do texto.</p> <p>B3.2. Comprender mensaxes breves e sinxelas que conteñan instrucións e indicacións e información básica referida a necesidades inmediatas ou de carácter educativo ou ocupacional moi básico, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p>B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e os detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en</p>	<p>PLB3.1. Segue, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, así como instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, manexo dun móbil ou prevención de riscos nunha excursión).</p> <p>PLB3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo e ocupacional moi básico.</p> <p>PLB3.3. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas, ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.</p>

<p>hipótese sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.</p> <p>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.</p>	<p>soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten asuntos cotiáns, temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas e un léxico básicos de uso común e habitual.</p> <p>B3.4. Identificar e interpretar palabras enunciados clave sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con outras materias do currículo.</p> <p>B3.5. Comprender a información esencial de correspondencia persoal moi breve e sinxela en calquera soporte, identificando o rexistro formal ou informal, o propósito e as fórmulas de relación social, e outras convencións básicas propias deste tipo de texto.</p> <p>B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar.</p>	<p>PLB3.4. Comprende correspondencia persoal en calquera formato e en rexistro estándar na que, de xeito sinxelo e básico, se fale de si mesmo/a; se describan persoas, obxectos e lugares; se narren acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios; se expresen sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p> <p>PLB3.5. Entende información básica de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un curso de idiomas ou unha compra por internet).</p> <p>PLB3.6. Comprende con fluidez textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel.</p>
<p>Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción</p>		
<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <p>– Planificación:</p> <p>– Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se</p>	<p>B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple, por exemplo copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, ou pondo unha idea principal en cada parágrafo.</p> <p>B4.2. Escribir en papel ou en soporte electrónico textos</p>	<p>PLB4.1. Utiliza estratexias que faciliten o proceso de escritura: segue modelos de textos de características similares, planifica o texto, elabora un borrador, corrixe tanto a ortografía como a orde das ideas e das palabras, etc.</p> <p>PLB4.2. Escribe textos moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos moi coñecidos e habituais no ámbito educativo, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares.</p>

<p>quere dicir, etc.)</p> <p>– Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, información sobre o tema, etc.).</p> <p>– Execución:</p> <p>– Elaboración dun borrador.</p> <p>– Estructuración do contido do texto.</p> <p>– Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <p>– Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos e temáticos dispoñibles.</p> <p>– Recurso aos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).</p> <p>– Revisión:</p> <p>– Identificación de problemas, erros e</p>	<p>breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas, os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar, así como as convencións ortográficas máis habituais na redacción de textos en soporte electrónico.</p> <p>B4.3. Describir de forma moi sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar de xeito lineal feitos e experiencias sinxelas, así como expor información básica e previamente preparada relacionada con temas cotiáns ou materias do currículo.</p> <p>B4.4. Cubrir documentos básicos nos que se solicite información persoal relativa a actividades diarias, intereses (deportes, música, etc.), gustos, etc.</p> <p>B4.5. Escribir mensaxes sinxelas en diferentes soportes con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiáns e de inmediata necesidade.</p> <p>B4.6. Escribir correspondencia breve e sinxela en papel ou soporte dixital, na que se dea información persoal básica e se expresen gustos, sentimentos e opinións.</p> <p>B4.7. Presentar os textos escritos de maneira coidada (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.) en soporte</p>	<p>PLB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións.</p> <p>PLB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese persoal, ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e facilmente comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén cando se utilizan as redes sociais.</p> <p>PLB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información sobre si mesmo/a e a súa vila (por exemplo), se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais (por exemplo, unhas vacacións), se dan instrucións sinxelas, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo.</p> <p>PLB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.</p>
--	---	---

Inglés 2º PMAR		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>repeticións.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. – Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). – Reescritura definitiva. <p>B4.2. Características textuais:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Uso de recursos básicos para elaborar textos con coherencia e cohesión propios do seu nivel escolar. 	<p>impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas.</p>	
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural		
<p>B5.1. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Sons e fonemas vocálicos. – Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. – Procesos fonolóxicos básicos. – Acento dos elementos léxicos aillados, e no sintagma e na oración. <p>B5.2. Padróns gráficos e convencións ortográficas.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Uso das normas básicas de ortografía da palabra. – Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. 	<p>B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións.</p> <p>B5.2. Aplicar á comprensión e á produción de textos escritos as normas ortográficas básicas da palabra e da oración.</p> <p>B5.3. Incorporar á produción do texto oral e escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a estruturas sociais, relacións interpersoais, patróns de actuación, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos.</p> <p>B5.4. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura e coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso,</p>	<p>PLEB5.1. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións con diversos fins comunicativos, facéndose comprender, producindo con suficiencia discriminativa trazos fonéticos significativos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e recoñecendo e producindo comprensiblemente patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>PLEB5.2. Escribe cun dominio ortográfico suficiente para facer comprensible os textos, sen cometer erros moi básicos sobre as regularidades ortográficas máis relevantes.</p> <p>PLEB5.3. Utiliza as convencións básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.)</p>

<p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos.</p> <p>– Recoñecemento e uso de convencións</p>		<p>PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países nos que se fala a</p>
<p>sociais básicas, de normas de cortesía e de rexistros informais e estándar, así como da linguaxe non verbal máis habitual.</p> <p>Achegamento a algúns aspectos culturais visibles próximos ao seus intereses (música, lecer, deportes, produción escrita, lugares, poboación, etc.), e a costumes, valores e actitudes máis evidentes relacionados con aspectos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fala a lingua estranxeira.</p> <p>Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas nos costumes cotiáns e no uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e noso.</p> <p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra</p>	<p>amosando curiosidade e respecto perante as diferenzas.</p> <p>B5.5. Utilizar as experiencias e coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe; apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe, e valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso a información e como instrumento de enriquecemento persoal, ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.</p> <p>B5.6. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando, con suficiente dominio para o seu nivel escolar, os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente.</p> <p>B5.7. Comprender e utilizar rutinas e o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas reais ou simuladas.</p> <p>B5.8. Participar en proxectos</p>	<p>lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, de ser o caso, do resto do alumnado, e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.</p> <p>PLB5 5. Nas actividades de aula utiliza, para a comprensión e elaboración de textos, o coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfolóxicos, sintácticos e discursivos, así como os procesos de realización das actividades lingüísticas de comprensión e produción.</p> <p>PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e partextuais).</p> <p>PLEB5.7. Coñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativa</p>

<p>lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo.</p> <p>Recoñecemento da realidade plurilingüe do propio contorno.</p> <p>Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe, e da lingua estranxeira, para lograr unha</p>	<p>(elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilizan varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionadas cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>
<p>Inglés 2º PMAR</p>		
<p>Contidos</p>	<p>Criterios de avaliación</p>	<p>Estándares de aprendizaxe</p>

<p>competencia comunicativa integrada.</p> <p>– Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas.</p> <p>Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas.</p> <p>Descrición de calidades físicas e abstractas básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión básica de sucesos futuros.</p> <p>Petición e ofrecemento de información, indicacións, expresión sinxela de opinións e consellos, advertencias e avisos.</p> <p>Expresión do coñecemento, a certeza e a dúbida.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a</p>		
--	--	--

Inglés 2º PMAR		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>Formulación de suxestións e desexos, e expresión básica de condicións e hipóteses.</p> <p>Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras, alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos máis habituais, Saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión de opinións</p> <p>Léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo.</p> <p>B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>		

4.7.1.2. *Secuencia de unidades didácticas - 2º PMAR*

UNIDADE DE INTRODUCCIÓN

Obxectivos

Aprender vocabulario relacionado cos distintos cuartos dunha casa, a familia, os diferentes medios de transporte, a roupa e os sentimentos.

As preposicións de lugar.

Practicar o uso dos verbos *to be* e *have got*, e das formas *There is / There are*, en afirmativa, negativa, interrogativa e en respostas curtas.

Escoitar, comprender e expresar varias palabras e frases relacionadas cos saúdos, as presentacións e a linguaxe da clase.

Pronuncia das letras do abecedario en inglés.

Contidos didácticos

Vocabulary

Repaso do vocabulario relacionado cos distintos cuartos dunha casa, a familia, os diferentes medios de transporte, a roupa e os sentimentos.

As preposicións de lugar.

Realización de diferentes tipos de exercicios para practicar o uso de todo o vocabulario de repaso.

Grammar

Repaso dos verbos *to be* e *have got*, e das formas *There is / There are*, en afirmativa, negativa, interrogativa e en respostas curtas.

Realización de diferentes tipos de exercicios para practicar o uso de toda a gramática de repaso.

Speaking

Repaso das presentacións formais e informais, así como da linguaxe na aula.

Realización de diferentes tipos de exercicios para practicar as presentacións e a linguaxe típica da clase.

Competencias clave

Comunicación lingüística:

Vocabulary:

vocabulario relacionado cos distintos cuartos e móbeis dunha casa, a familia, os diferentes medios de transporte, a roupa, os sentimentos, as preposicións de lugar, os verbos, os saúdos e as presentacións, e a linguaxe da clase.

Grammar: uso dos verbos *to be* e *have got*, e das formas *There is / There are*, en afirmativa, negativa, interrogativa e en respostas curtas.

Speaking: uso da lingua inglesa para saudar e presentarse, e para facer e responder preguntas, co fin de interaccionar na aula co profesor/a e cos compañeiros/as. Práctica de pronuncia das letras do alfabeto e de diálogos.

Competencia dixital:

- Uso das imaxes e dos textos que aparecen ao longo da unidade, para poder realizar os exercicios que se expoñen.

Competencias sociais e cívicas:

- **Speaking:** respecto polo uso da linguaxe apropiada na clase; importancia dunha actitude respectuosa cara ao profesor/a, os compañeiros/as e as rutinas da clase.

Aprender a aprender:

Emprego de estratexias, recursos e técnicas de traballo intelectual para aprender e ser consciente das propias capacidades e coñecementos.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:

Speaking: uso da creatividade persoal á hora de producir textos orais a partir de modelos propostos. Fomento do traballo cooperativo na aula.

UNIDADE 1: SCHOOL DAYS

Obxectivos

Aprender vocabulario relacionado coas materias e co material escolar.

Ler de forma comprensiva e autónoma un texto sobre a educación en Corea, e un artigo dunha revista sobre os alumnos que se dedican á arte no seu tempo libre.

Practicar o uso do **Present Simple** e das partículas interrogativas. Os adverbios de tempo e de frecuencia.

Escoitar e comprender unha conversación sobre as materias escolares, e outra sobre unha web de comunicación *e-pal*.

Falar sobre os gustos persoais e dar información persoal.

Escribir un correo electrónico para presentarse.

Pronuncia correcta de /dju:/ e da terminación dos verbos na 3.^a persoa do singular do *Present Simple*: /s/, /z/ e /ɪz/.

Contidos didácticos

Vocabulary

As materias.

Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección.

Action!: exercicio en parellas para practicar o vocabulario visto na sección.

Listening

Comprensión oral dunha conversación sobre as materias escolares.

Contestar a preguntas relacionadas coa conversación que escoitaron.

Speaking

Useful Language: práctica da linguaxe e expresións típicas para falar sobre os gustos persoais (*I like ; I love ; I don't mind , but I prefer ; I hate ; My favourite subject is ...*).

Realización dun exercicio para practicar a linguaxe e as expresións típicas aprendidas na sección.

Pronunciation: pronuncia correcta do son /dju:/.

Exercicio en parellas para practicar, mediante diálogos, o tema visto na sección.

Reading

Lectura dun artigo en Internet sobre a educación en Corea.

Realización de exercicios de comprensión da información clave do texto.

Localización de Corea do Sur nun mapa. Dicir en que océano se atopa.

Action!: realización dunha enquisa na clase para calcular cal é a materia que máis lles gusta aos alumnos/as.

Grammar

O *Present Simple*.

Os adverbios de tempo e de frecuencia.

As partículas interrogativas.

Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades.

CULTURE: datos curiosos e interesantes sobre o tamaño das clases de Xapón, Corea, China e Finlandia.

Vocabulary

O material escolar.

Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección.

Action!: exercicio en parellas para practicar o vocabulario visto na sección.

Reading

Lectura dun artigo dunha revista sobre os alumnos que se dedican á arte no seu tempo libre entre clases.

Realización de exercicios de comprensión da información clave do texto.

ART: relacionar uns cadros cos seus artistas correspondentes.

UNIDADE 2: AMAZING PEOPLE

Obxectivos

Aprender verbos relacionados coas emocións e os sentimentos, e adxectivos cualificativos.

Ler de forma comprensiva e autónoma un artigo dunha revista sobre o deporte como medio para axudar aos

demais e unha presentación en PowerPoint sobre un salto en paracaídas desde o espazo.

Practicar o uso do **Present Continuous**. Os adverbios de tempo. Diferenzas de uso entre o *Present Continuous* e o *Present Simple*. Uso correcto dos verbos estáticos.

Escoitar e comprender unha conversación telefónica sobre as noticias e as explicacións dunhas fotografías por parte dun guía turístico dun museo.

Falar sobre actividades que se están a facer no momento, utilizando o *Present Continuous* mediante a descrición de varias fotografías.

Facer unha descrición escrita dunha fotografía.

Identificar e pronunciar correctamente a terminación *-ing* dos verbos (/ɪŋ/) e as contraccións que acompañan as partículas interrogativas.

Contidos didácticos

Vocabulary

Verbos relacionados coas emocións e os sentimentos.

Comprensión e expresión oral de diferentes verbos relacionados coas emocións e os sentimentos.

Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección.

Action!: exercicio para practicar o vocabulario visto na sección.

Listening

Contestar a dúas preguntas relacionadas co hábito que teñen os alumnos/as de ver as noticias e saber que tipo de noticias lles interesa máis.

Comprensión oral dunha conversación telefónica sobre as noticias.

Contestar a varias preguntas relacionadas coa conversación que escoitaron.

Speaking

Useful Language: práctica da linguaxe e de expresións típicas para falar de actividades que están a ocorrer no momento (*What's happening?, A woman is trying to help a small boy, etc.*).

Pronunciation: pronuncia correcta da terminación *-ing* dos verbos en

PresentContinuous (/ɪŋ/).

Action!: exercicio en parellas para practicar, mediante diálogos, a linguaxe e as expresións vistas na sección.

Reading

Lectura dun artigo sobre o deporte como medio para axudar aos demais.

Realización de exercicios de comprensión da información clave do texto.

BIOLOGY: información interesante sobre a hipotermia.

Grammar

O *Present Continuous* en afirmativa, negativa, interrogativa e en respostas curtas.

Os adverbios temporais: *now, right now* e *at the moment*.

Diferenzas de uso entre o *Present Simple* e o *Present Continuous*.

Os verbos estáticos.

Uso correcto da gramática da sección, a través de distintas actividades.

Vocabulary

Adxectivos cualificativos.

Identificación de diferentes adxectivos para definir a personalidade.

Comprensión e expresión oral de adxectivos para definir a personalidade.

Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección.

Reading

Lectura dunha presentación en PowerPoint sobre un salto en paracaídas Realización de exercicios de comprensión da información clave do texto.

SCIENCE: a importancia dos traxes espaciais. Identificación dos motivos polos que os astronautas teñen que usalos.

UNIDADE 3: MUSIC MANIA

Obxectivos

Aprender vocabulario relacionado coa música e adxectivos relacionados coa mesma.

Ler de forma comprensiva e autónoma un artigo de Internet sobre unha estrela de pop adolescente que padece agorafobia, e unha columna de opinión sobre unha actuación holográfica nun concerto.

Practicar o uso de *There was* e *There were* en afirmativa, negativa, interrogativa, en preguntas e en respostas curtas. Facer un uso correcto do *Past Simple* en afirmativa, utilizando os verbos regulares, irregulares e expresións de tempo.

Escoitar e comprender unha conversación na que se fala da descarga de cancións que os falantes fan no momento, e unha descrición dun concerto.

Aprender a recomendar e a describir eventos pasados.

Descibir un evento pasado, prestando atención á orde das palabras na oración: suxeito, verbo e adxectivo.

Pronuncia correcta da palabra “*live*” como verbo e como adxectivo, e das terminacións en pasado /d/, /t/ e /ɪd/.

Contidos didácticos

Vocabulary

Vocabulario relacionado coa música.

Identificación de diferentes estilos musicais.

Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección.

Listening

Facer un concurso de preguntas e respostas.

Comprensión oral dunha conversación sobre a descarga de cancións.

Speaking

Useful Language: práctica da linguaxe e expresións típicas para facer recomendacións (*I like ... , but I prefer ... , How about ... by ... ?*, etc.).

Reading

Lectura dun artigo de Internet sobre unha estrela de pop que padece agorafobia.

Realización de exercicios de comprensión da información clave do texto.

Grammar

There was e *There were* en afirmativa, negativa, interrogativa, en preguntas e en respostas curtas.

O *Past Simple* en afirmativa: verbos regulares, irregulares e expresións de tempo.

Uso correcto da gramática da sección, a través de distintas actividades.

Vocabulary

Adxectivos relacionados co mundo da música.

Comprensión e expresión oral de adxectivos relacionados co mundo da música.

Reading

Lectura dunha columna de opinión sobre unha actuación holográfica nun concerto.

Realización de exercicios de comprensión da información clave do texto.

UNIDADE 4: BELIEVE IT OR NOT!

Obxectivos

Aprender vocabulario relacionado coas partes do corpo e cos verbos que se utilizan nas reportaxes.

Ler de forma comprensiva e autónoma unha páxina web de preguntas e respostas sobre seres ficticios e unha reportaxe sobre fenómenos misteriosos.

Practicar o uso do *Past Simple* en negativa e interrogativa.

Escoitar e comprender un concurso de preguntas e respostas que dous amigos fan, e unha historia sobre un suceso estraño.

Facer preguntas sobre personaxes ficticios e/ou mitolóxicos, dar información descritiva sobre os mesmos, e describir un suceso estraño.

Escribir unha entrada dun blog, fixándose nos conectores de secuencia.

Identificar e pronunciar correctamente os sons vocálicos /ɔ:/, /əʊ/ e /a ʊ/ e practicar o ritmo e a entoación das palabras.

Contidos didácticos

Vocabulary

As partes do corpo.

Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección.

Listening

Exercicio para relacionar as diferentes criaturas mitolóxicas coas súas fichas.

Comprensión oral dun concurso de preguntas e respostas que dous amigos fan.

Facer un exercicio para formar frases.

Speaking

Useful Language: práctica da linguaxe e expresións típicas para facer reportaxes (*What did ... do?, Where did ... live?, What did ... look like?*).

Realización dun exercicio para practicar a linguaxe e as expresións da sección.

Pronunciation: practicar o ritmo e a entoación das palabras.

Reading

Lectura dunha páxina web de preguntas e respostas sobre seres ficticios.

Realización de exercicios de comprensión da información clave do texto

Grammar

dunha enquisa na clase para saber que películas sobre lobishomes e zombis coñecen os alumnos. Votación da película máis popular.

O *Past Simple* en negativa e interrogativa.

Uso correcto da gramática da sección, a través de distintas actividades.

CULTURE: información interesante sobre Bigfoot e as distintas lendas que hai sobre o mesmo en distintos países do mundo.

Vocabulary

Vocabulario específico da prensa: verbos que se utilizan en reportaxes.

Identificación de diferentes verbos que se utilizan para escribir reportaxes.

Comprensión e expresión oral de diferentes verbos que se utilizan en reportaxes.

Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección.

Reading

Lectura dunha reportaxe sobre fenómenos misteriosos.

Realización de exercicios de comprensión da información clave do texto.

UNIDADE 5: WHAT'S THE WEATHER LIKE?

Obxectivos

Aprender vocabulario relacionado coas condicións meteorolóxicas e os desastres naturais.

Ler de forma comprensiva e autónoma unhas cartas dunha revista nas que se fala sobre lugares que, por temperaturas extremas, presentan dificultade para vivir, e dun foro no que unha sobrevivente dun desastre natural comparte as súas experiencias.

Practicar correctamente o uso do *Past Continuous* en afirmativa, negativa, interrogativa e respostas curtas, e as expresións de tempo.

Escoitar e comprender o prognóstico do tempo e unha conversación sobre Matt Suter, sobrevivente que foi arrastrado por un tornado e que bateu a marca Guinness en distancia de persoas arrastradas por tornados.

Falar sobre o tempo e dicir as diferenzas do antes e o despois dunha tormenta, a través da descrición de dúas fotografías.

Escribir unha historia sobre unha emerxencia ou outro acontecemento, fixándose no uso dos pronomes, para facer referencia a algo ou a alguén, e os adxectivos posesivos.

Identificar e pronunciar correctamente as formas débiles de *was* e *were*, e practicar a acentuación das frases.

Contidos didácticos

Vocabulary

O tempo.

Listening

Contestar a preguntas relacionadas co tempo.

Comprensión oral do prognóstico do tempo.

Speaking

Useful Language: práctica da linguaxe e expresións típicas para falar do tempo (*What's the weather like in ... ?*, *What's the temperature in ... ?*, *What's the forecast for today?*).

Realización dun exercicio de comprensión e expresión oral para practicar a linguaxe e as expresións aprendidas na sección.

Reading

Lectura dunhas cartas dunha revista nas que se fala sobre lugares que, por temperaturas extremas, presentan dificultade para vivir.

Grammar

O *Past Continuous* en afirmativa, negativa, interrogativa e respostas curtas.

As expresións que acompañan o *Past Continuous*: *yesterday*, *last night*, *a week ago*, *two hours ago* e *at 4 o'clock*.

Pronunciation: identificación e pronuncia correcta das formas débiles de *was* e *were*.

GEOGRAPHY: descifrar o código para pescudar por que o oso polar está sobre a placa de xeo.

Vocabulary

Os desastres naturais.

Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario da sección.

Reading

Lectura dun foro no que unha sobrevivente dun desastre .

Realización de exercicios de comprensión da información clave do texto.

UNIDADE 6: HEALTHY LIVING

Obxectivos

Aprender vocabulario relacionado cos problemas de saúde e da alimentación sa.

Ler de forma comprensiva e autónoma un artigo dunha revista sobre os tipos de películas que poden resultar máis beneficiosos para a saúde, e unha páxina web sobre hábitos que, polo xeral, son considerados prexudiciais para a saúde, pero que en realidade non o son.

Practicar o uso dos verbos modais **can**, **could**, **must** e **should** en afirmativa, negativa, interrogativa e en respostas curtas.

Escoitar e comprender unha conversación sobre problemas relacionados coa saúde, e outra na que se debaten ideas propostas para o cadro *Healthy May Ideas*.

Dar e recibir consellos e interactuar co compañeiro/a para propoñer ideas e planificar un mes saudábel.

Escribir unha resposta para unha columna na que se pide consello sobre unha alimentación sa, fixándose en

que a frase principal do parágrafo presente a idea principal do mesmo.

Identificar e pronunciar correctamente o son /k/ e a negación dos verbos modais e as súas contraccións.

Contidos didácticos

Vocabulary

Vocabulario relacionado cos problemas de saúde.

Listening

Comprensión oral dunha conversación sobre problemas relacionados coa saúde.

Speaking

- Too / Enough. Usos con nomes, adxectivos e infinitivos
- Linking words: so, after, although, in spite of, despite, because, because of
- Modal verbs: ability (can, could, be able to); advice (should, ought to, should have, ought to have); obligation / prohibition / necessity (must, have to, needn't, needn't have); possibility (may, might, could, may have, might have, could have); deduction and certainty (must, can't, must have, can't have)
- Indefinite compounds (somebody, anything, nowhere, everybody, etc). Uso de ELSE e o infinitivo con eles.
- Clauses of time (when, as soon as, while, once, etc)
- Clauses of purpose (to, in order to, so as to, in order not to, so as not to, so that)
- Pronomes reflexivos e enfáticos (myself, yourself, etc), e pronomes recíprocos (each other, one another)
- Oracións Condicionais: os tres tipos, nexos: if, unless.
- A voz pasiva. Pasiva con dous obxectos. Pasivas impersonales.
- HAVE causativo.
- Relative Clauses. Relative pronouns. Relative adverbs.
- Estilo indirecto (statements, questions, commands, suggestions)
- As formas -ING e os infinitivos. Usos básicos, verbos con cambio de significado.seguidos dunha ou outra forma.
- Expresións de cantidade (much, many, a lot of; a little, a few; any, some; no, none; too, too much; too many; enough)

Vocabulario (mínimos): O tratado nas distintas unidades do libro de texto (*“Distinction 1” OUP*)

5.4. 2º BACHARELATO

5.4.1. Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe– 2º BAC

INGLÉS 2º de Bacharelato		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. Comprensión de textos orais		
<p>B1.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. Identificación do tipo de escoita necesario para realizar a tarefa (global, selectiva, detallada, etc.). Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións). Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de</p>	<p>B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral; a información esencial; os puntos principais; os detalles relevantes; información, ideas e opinións tanto implícitas como explícitas do texto, formuladas de maneira clara; e matices como a ironía ou o humor, ou o uso poético ou estético da lingua cando a imaxe facilita a comprensión.</p> <p>B1.3. Distinguir e aplicar á comprensión do texto oral as funcións e os significados específicos xeralmente asociados a diversas estruturas sintácticas de uso común segundo o contexto de comunicación (por exemplo, estrutura interrogativa para expresar admiración).</p> <p>B1.4. Comprender o esencial de conversas ou debates sobre temas educativos ou profesionais da súa área de interese, desenvolvidos nunha linguaxe sen usos idiomáticos, e extraer información específica relevante</p>	<p>PLEB1.1. Comprende instrucións, anuncios, declaracións e mensaxes detalladas, dados cara a cara ou por outros medios, sobre temas concretos, en linguaxe estándar e a velocidade normal (por exemplo, declaracións ou mensaxes institucionais).</p>
		<p>PLEB1.2. Identifica as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais de conversas e debates relativamente extensos e animados entre varias persoas interlocutoras que teñen lugar na súa presenza, sobre temas xerais, de actualidade ou do seu interese, sempre que o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua.</p>
		<p>PLEB1.3. Comprende, en debates e conversas informais sobre temas habituais ou do seu interese, a postura ou punto de vista das persoas interlocutoras, así como algúns sentidos implícitos e matices como a ironía ou o humor.</p>
		<p>PLEB1.4. Comprende, nunha conversa formal na que participa, no ámbito educativo ou ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a liñas de actuación e outros procedementos</p>

<p>elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.</p>	<p>aínda que non se comprenda a totalidade dos textos.</p> <p>B1.5. Recoñecer os significados e intencións comunicativas</p>	<p>abstractos, sempre que poida confirmar o que o interlocutor quixo dicir e conseguir aclaracións sobre os aspectos ambiguos.</p>
<p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B1.2. Recoñecemento dos marcadores conversacionais máis habituais: verificadores, expresivos, apelativos e</p>	<p>expresas de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, así como algunhas de carácter implícito (incluíndo a ironía e o humor), cando a articulación é clara.</p> <p>B1.6. Identificar as ideas principais, información detallada</p>	<p>PLEB1.5. Comprende a liña argumental, as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais en presentacións, conferencias ou seminarios de certa extensión e complexidade sobre temas educativos ou profesionais da súa área de interese, tanto concretos como abstractos, sempre que haxa marcadores que estruturen o discurso e guíen a comprensión.</p>
<p>fáticos.</p>	<p>e implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e lingüisticamente complexos, nunha variedade de lingua estándar e articulados a velocidade normal, que traten temas tanto concretos como abstractos, incluso se son de carácter técnico cando estean dentro do propio campo de especialización ou de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e laboral/profesional, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan confirmar certos detalles.</p> <p>B1.7. Comprender as ideas principais e as específicas máis relevantes de textos gravados ou audiovisuais emitidos en lingua estándar, con claridade na fala, e sen condicións externas que dificulten a comprensión.</p>	<p>PLEB1.6. Comprende o contido da información da maioría do material gravado ou retransmitido nos medios de comunicación, relativo a temas de interese persoal, identificando o estado de ánimo, o ton e mesmo o humor do falante, sempre que o discurso estea articulado con claridade, nunha variedade de lingua estándar e a velocidade normal.</p>
<p>Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción</p>		
<p>B2.1. Estratexias de produción: Planificación: Identificación do contexto, do destinatario</p>	<p>B2.1. Coñecer, seleccionar con coidado e saber aplicar eficazmente e con certa naturalidade as estratexias adecuadas para producir textos</p>	<p>PLEB2.1. Diferencia adecuadamente a produción do texto oral espontáneo (sintaxe limitada, estratexias de compensación, negociación do significado co interlocutor, etc.) do planificado, e considera as</p>

<p>e da finalidade da produción ou da interacción.</p> <p>Percepción da mensaxe</p> <p>con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</p> <p>Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e a estrutura de</p>	<p>orais de diversos tipos e de certa lonxitude, planificando o discurso segundo o propósito, a situación, os interlocutores e a canle de comunicación;</p> <p>recorrendo á paráfrase ou a circunloquios cando non se atopa a expresión precisa, e identificando e corrixindo os erros que poidan provocar unha interrupción da comunicación.</p> <p>B2.2. Construír textos claros e co</p>	<p>características que este comparte coa lingua escrita (planificación, redundancia informativa, elementos de cohesión, etc.).</p> <p>PLEB2.2. Fai presentacións de certa duración sobre temas do seu interese educativo ou relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento dun experimento científico, ou unha análise de aspectos históricos, sociais ou económicos), cunha estrutura clara que axuda os oíntes a fixérense nos aspectos máis importantes, e</p>
<p>discurso adecuados a cada caso, e escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</p> <p>Activación dos coñecementos previos</p> <p>sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>Execución:</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que</p>	<p>detalle suficiente, ben organizados e adecuados ao interlocutor e ao propósito comunicativo, sobre temas diversos, xerais e máis específicos dentro do propio campo de especialidade ou de interese, e defender un punto de vista sobre temas xerais ou relacionados coa propia especialidade, indicando os pros e os contras das opcións, así como tomar parte activa en conversas formais ou informais de certa lonxitude, desenvolvéndose cun grao de corrección e fluidez que permita manter a comunicación.</p> <p>B2.3. Utilizar correctamente, sen erros que conduzan a malentendidos, as estruturas morfosintácticas, os patróns discursivos e os elementos de coherencia e de cohesión de uso común e máis específico, seleccionándoos en función do propósito comunicativo no contexto concreto (por exemplo, o uso da voz pasiva en</p>	<p>demonstrando seguridade á hora de contestar preguntas do auditorio formuladas con claridade e a velocidade normal.</p> <p>PLEB2.3. Participa con soltura en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que describe con detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente aos sentimentos que expresan os seus interlocutores; describe con detalle experiencias persoais e as súas reaccións ante elas; expresa con convicción crenzas, acordos e desacordos, e explica e xustifica de maneira persuasiva as súas opinións e proxectos.</p> <p>PLEB 2.4. Toma parte adecuadamente en conversas formais, entrevistas, reunións e debates de carácter educativo ou ocupacional, achegando e pedindo información relevante e detallada sobre aspectos concretos e abstractos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos; explicando os motivos dun problema complexo e pedindo e dando instrucións ou suxestións para resolvelo; desenvolvendo argumentos de forma comprensible e convincente e comentando as contribucións dos</p>

<p>realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. Aproveitamento dos coñecementos previos</p>	<p>presentacións de carácter educativo, ou de frases de relativo para facer unha descrición detallada). B2.4. Ler en voz alta con énfase expresiva de xeito que poidan recoñecerse as ideas clave,</p>	<p>interlocutores; opinando e facendo propostas xustificadas sobre futuras actuacións.</p>
<p>sacándolle o maior partido (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.). Cooperación na interacción con outras persoas, verificando a</p>	<p>utilizando o ritmo e as pautas para facer a lectura comunicativa, engadindo algún comentario persoal ao texto (aclaración de palabras, algún novo exemplo, unha alusión a experiencias compartidas, etc.) e corrixíndose</p>	<p>PLEB2.5. Participa na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, cun bo grao de fluidez e claridade, malia algúns erros esporádicos.</p>
<p>comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación. Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou paralingüísticos: Lingüísticos: Modificación de</p>	<p>con naturalidade no caso dalgunha equivocación. B2.5. Planificar e articular o texto oral segundo a función ou as funcións comunicativas principais e secundarias en cada caso, seleccionando os expoñentes das devanditas funcións segundo os seus matices de significación, e os patróns discursivos dos que se dispón para presentar e organizar a información, deixando claro o que se considera importante (por</p>	<p>PLEB2.6. Realiza unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, formulando preguntas complementarias ou respondendo a elas, reaccionando ante unha resposta que non entenda, e interactuando para pedir repeticións e confirmar a comprensión mutua.</p>

<p>palabras de significado parecido. Definición ou parafrase dun termo ou dunha expresión. Producción de autocorrección, falsos comezos, repeticións e circunloquios. Paralingüísticos. Petición de axuda ou clarificación. Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado. Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, e proxémica). Uso de sons extralingüísticos e calidades prosódicas convencionais. Uso dos elementos prosódicos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle á persoa destinataria ou oírte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas. B2.2. Rutinas ou modelos de interacción segundo o tipo de situación de comunicación en contextos informais e formais máis habituais.</p>	<p>exemplo, mediante estruturas enfáticas), ou os contrastes ou as digresións con respecto ao tema principal. B2.6. Expresarse con relativa facilidade e naturalidade, e cun grao de fluidez que permita desenvolver o discurso sen moita axuda do interlocutor, aínda que poidan darse algúns problemas de formulación que retarden algo o discurso ou que requiran expor de maneira distinta o que se quere dicir. B2.7. Xestionar a interacción de maneira eficaz en situacións habituais, respectando e tomando a quenda de palabra con amabilidade e cando se desexa, e axustando a propia contribución á dos interlocutores, percibindo as súas reaccións, e defenderse en situacións menos rutineiras, e mesmo difíciles (por exemplo, cando a persoa interlocutora se capacara a quenda de palabra, ou cando a súa contribución é escasa e hai que encher as lagoas comunicativas ou animala a participar).</p>	
<p>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</p>		
<p>B3.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema a partir da información superficial e paratextual: procedencia do texto,</p>	<p>B3.1. Uso de diferentes estratexias de lectura como a identificación da intención comunicativa, a anticipación da información a partir dos elementos textuais e non textuais, o uso do contexto, a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados e a</p>	<p>PLEB3.1. Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal (por exemplo, carteis, folletos, pancartas ou grafiti), educativo (por exemplo, carteis científicos) ou profesional (por exemplo, boletíns informativos ou documentos oficiais). PLEB3.2. Comprende a información, a</p>

INGLÉS 2º de Bacharelato

Contidos	Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>Imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</p> <p>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.</p> <p>Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p>	<p>organización da información e o tipo de texto.</p> <p>B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles relevantes; información, ideas e opinións tanto implícitas como explícitas do texto, se están claramente sinalizadas; e matices como a ironía ou o humor, ou o uso poético ou estético da lingua, formulados de xeito claro.</p> <p>B3.3. Seguir instrucións de certa complexidade e extensión tanto do ámbito público como do propio da especialidade, aínda que sexa necesario apoiarse para a comprensión en soportes visuais como debuxos, bosquexos e outros.</p> <p>B3.4. Identificar as ideas principais, información detallada e implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e lingüisticamente complexos, nunha variedade de linguas estándar e que traten de temas tanto concretos como abstractos, mesmo se son de carácter técnico, cando estean dentro do propio campo de especialización ou de interese, nos ámbitos persoal, público, educativo e laboral ou profesional, sempre que se poidan reler as seccións difíciles. B3.5. Recoñecer globalmente e con detalle a liña argumental no tratamento do asunto presentado en xornais, revistas, guías, páxinas web e novelas, e distinguir entre información, opinión e persuasión, así como comprender en textos literarios as relacións entre os personaxes e os motivos que os impulsan a actuar.</p> <p>B3.6. Ler con fluidez textos de ficción</p>	<p>Intención e as implicacións de notas e correspondencia persoal en calquera soporte, incluídos foros e blogs, nos que se transmiten e se xustifican de xeito detallado información, ideas e opinións sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e dentro da súa área de interese.</p> <p>PLEB3.3. Comprende instrucións extensas e complexas dentro da súa área de interese ou a súa especialidade, incluíndo detalles sobre condicións e advertencias, sempre que poida volver ler as seccións difíciles (por exemplo, sobre instrumentos de medición ou de procedementos científicos).</p> <p>PLEB3.4. Comprende os detalles relevantes e as implicacións de correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como universidades, empresas ou compañías de servizos, sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e educativo, dentro da súa área de interese ou a súa especialidade.</p> <p>PLEB3.5. Entende, en textos de referencia e consulta, en soporte tanto impreso como dixital, información detallada sobre temas da súa especialidade nos ámbitos educativo ou ocupacional, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas en textos informativos oficiais, institucionais ou corporativos.</p> <p>PLEB3.6. Comprende a información, as ideas e as opinións implícitas en noticias e artigos xornalísticos e de opinión ben estruturados e de certa lonxitude que tratan dunha variedade de temas de actualidade ou máis especializados, tanto concretos como abstractos, dentro da súa área de interese, e localiza con facilidade detalles relevantes neses textos.</p> <p>PLEB3.7. Comprende os aspectos principais, detalles relevantes, algunhas ideas implícitas e o uso poético da lingua en textos literarios que presenten unha estrutura accesible e unha linguaxe non moi idiomática, e nos que o desenvolvemento do tema ou da historia, os personaxes centrais e as súas relacións, ou o motivo poético, estean claramente sinalizados con marcadores lingüísticos doadamente recoñecibles.</p>

	<p>e literarios contemporáneos e relacionados cos propios intereses e as necesidades nos ámbitos persoal, público, educativo e laboral ou profesional, ben estruturados, en rexistro estándar da lingua e escritos sen modismos pouco frecuentes.</p>	
<p>Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción</p>		
<p>B4.1. Estratexias de produción: Planificación: Mobilización e coordinación das propias competencias xerais comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.) Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.) Execución: Elaboración dun borrador. Estruturación do contido do texto. Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. Discriminación das propiedades textuais de coherencia, cohesión e adecuación. Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos</p>	<p>B4.1. Utilizar estratexias que faciliten un estilo de escritura sinxelo e fluído, evitando o uso de palabras ou estruturas que non se estea seguro e seguindo adecuadamente o proceso de escritura: planificación do texto, selección das ideas pertinentes ao propósito comunicativo, presentación das ideas segundo o tipo de texto, organización adecuada en parágrafos, e revisión da coherencia, a cohesión, a ortografía, a puntuación e as concordancias. B4.2. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos ben estruturados e de certa lonxitude; por exemplo, integrando de maneira apropiada información relevante procedente de fontes diversas, ou reaxustando o rexistro ou o estilo (incluíndo léxico, estruturas sintácticas e patróns discursivos) para adaptar o texto ao destinatario e ao contexto específicos. B4.3. Escribir, en calquera soporte, textos ben estruturados sobre unha ampla serie de temas relacionados cos propios intereses ou a especialidade, facendo descricións claras e detalladas; sintetizando información e argumentos</p>	<p>PLEB4.1. Escribe informes en formato convencional e de estrutura clara relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento e as conclusións dun experimento, sobre un intercambio lingüístico, unhas prácticas ou un traballo de investigación), ou menos habituais (por exemplo, un problema xurdido durante unha estada no estranxeiro), desenvolvendo un argumento, razoando a favor ou en contra dun punto de vista concreto, explicando as vantaxes e as desvantaxes de varias opcións, e achegando conclusións xustificadas. PLEB4.2. Describe un tema, un texto, un suceso ou un evento dando unha idea xeral que permita recoñecelo con claridade, explicando as súas partes ou circunstancias, e ofrecendo unha opinión persoal argumentada. PLEB4.3. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para matricularse nunha universidade, solicitar un traballo, abrir unha conta bancaria ou tramitar un visado). PLEB4.4. Escribe, en calquera soporte ou formato, un currículo detallado, xunto cunha carta de motivación (por exemplo, para ingresar nunha universidade estranxeira, ou presentarse como candidato/a a un posto de traballo). PLEB4.5. Toma notas co suficiente detalle durante unha conferencia, unha charla ou un seminario, e elabora un resumo con información relevante e as conclusións adecuadas, sempre que o tema estea relacionado coa súa especialidade e o discurso estea ben estruturado.</p>

<p>disponibles.</p> <p>Aproveitamento dos coñecementos previos sacándolles o maior partido (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).</p> <p>Revisión: Identificación de problemas, erros e repeticións.</p> <p>Verificación da progresión e da coherencia.</p> <p>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>Reescritura definitiva. Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra adecuado, uso normativo de maiúsculas e minúsculas, etc.).</p>	<p>extraídos de diversas fontes e organizándoos de maneira lóxica; defendendo un punto de vista sobre temas xerais, ou máis específico, indicando os proles e os contras das opcións, utilizando para iso os elementos lingüísticos adecuados para dotar o texto de cohesión e coherencia, e manexando un léxico adaptado ao contexto e ao propósito comunicativo que se persegue.</p> <p>B4.4. Planificar e articular o texto escrito segundo a función ou as funcións comunicativas principais e secundarias en cada</p>	<p>PLEB4.6. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios, en calquera soporte, nos que transmite e solicita información detallada, explicacións, reaccións e opinións sobre temas persoais, educativo ou ocupacionais, respectando as convencións e as normas de cortesía.</p> <p>PLEB4.7. Escribe correspondencia persoal, en calquera soporte, e comunícase con seguridade en foros e blogs, transmitindo emoción, resaltando a importancia persoal</p>
<p>caso, seleccionando os expoñentes das devanditas funcións segundo os seus matices de significación, e os patróns discursivos dos que se dispón para presentar e organizar a información, deixando claro o que se considera importante (por exemplo, mediante estruturas enfáticas), ou os contrastes ou as digresións con respecto ao tema principal.</p> <p>B4.5. Elaborar resumos e notas recapitulativas, con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao texto orixinal.</p> <p>B4.6. Presentar os textos escritos de maneira coidadosa (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.), en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas.</p>	<p>de feitos e experiencias, e comentando de maneira detallada as noticias e os puntos de vista das persoas ás que se dirixe.</p> <p>PLEB4.8. Escribe, en calquera soporte, cartas formais de carácter educativo ou profesional dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información, describe a súa traxectoria educativa ou profesional e as súas competencias, e explica e xustifica co suficiente detalle os motivos das súas accións e dos seus plans (por exemplo, carta de motivación para matricularse nunha universidade estranxeira, ou para solicitar un posto de traballo), respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos.</p>	
<p>Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural</p>		
<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: Discriminación e uso dos trazos fonéticos que distinguen fonemas (trazos distintivos como sonoridade,</p>	<p>B5.1. Discriminar e reproducir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, axustándose debidamente ao algunha variedade estándar da lingua, e</p>	<p>PLEB5.1. Comprende e faise comprender con certa confianza e fluidez en situacións de comunicación informais e formais habituais, con matices como a ironía e humor, sempre que as persoas interlocutoras pronuncien con claridade e eviten un uso moi idiomático.</p>

<p>nasalidade e apertura de vogais). Recoñecemento e produción de unidades maiores do nivel fónico (secuencia acentual das palabras). Recoñecemento e uso comprensible dos elementos prosódicos (acento, ritmo e entoación das oracións). Recoñecemento de palabras e frases de uso coloquial común emitidas con procedementos básicos da redución fonética. B5.2. Patróns gráficos e</p>	<p>seleccionalos en función das propias intencións comunicativas, incluíndo expresión sinxela da ironía e do humor. B5.2. Axustarse con consistencia aos patróns ortográficos, de puntuación e de formato de uso común, e algúns des carácter máis específico. B5.3. Distinguir a función ou as funcións comunicativas principais secundarias do texto, como implicacións facilmente discernibles, e apreciar as diferenzas de significación de distintos expoñentes destas, así como distinguir os significados e os propósitos xerais asociados ao uso de patróns discursivos típicos</p>	<p>PLEB5.2. Relaciónase oralmente e por escrito comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista sobre temas tanto abstractos como concretos; ou solicitando ou transmitindo información relacionada con servizos ou outros ámbitos das relacións sociais, adaptando a súa expresión e os medios de expresión á situación de comunicación. PLEB5.3. Intervén oralmente con distintos propósitos comunicativos, con eficacia intercultural. PLEB 5.4. Entende os detalles do que se lle di en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, traballo ou</p>
<p>convencións ortográficas. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: Convencións sociais. Recoñecemento das normas e variacións sociais, as convencións sociais e as formas, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; características básicas do sentido do humor; usos lingüísticos adecuados ao contexto; referencias relativas á identidade nacional ou cultural; linguaxe non verbal e diferenzas específicas entre a propia cultura e cultura portada pola lingua obxecto de estudo. Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. B5.4. Plurilingüismo: Consciencia das habilidades metalingüísticas adquiridas durante as aprendizaxes lingüísticas, e transferencia destes</p>	<p>B5.3. polo que respecta á presentación e á organización da información (entre outros, o reforzo ou a recuperación do tema; a topicalización, pondo o tema da oración ao principio, como por exemplo en "Diso non quero falar"; contraste, digresión ou recapitulación). B5.4. Integrar na propia competencia intercultural, para producir textos orais e escritos ben axustados ao contexto específico, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis relevantes da lingua e culturas meta relativos a costumes, usos, actitudes, valores e crenzas, e superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias, e os estereotipos, demostrando confianza no uso de diferentes rexistros ou outros mecanismos de adaptación contextual, e evitando erros serios de formulación ou presentación textual que poidan conducir a malentendidos ou situacións potencialmente conflitivas. B5.5. Coñecer e saber seleccionar e utilizar léxico oral e escrito común e expresións e modismos de uso habitual,</p>	<p>estudos (por exemplo, para recibir asistencia sanitaria como turista ou como residente, cambiar unha reserva de hotel, anular billetes ou cambiar un artigo defectuoso), sempre que poida pedir confirmación. PLEB5.5. Desenvólvese con seguridade en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, solicitando información detallada, ofrecendo explicacións claras e detalladas, e desenvolvendo a súa argumentación de xeito satisfactorio na resolución dos problemas que xurdan. PLEB5.6. Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e recoñece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual. PLEB5.7. Comprende textos extensos en lingua estándar transmitidos por canles, entendendo (aínda que non os compartan) os matices de sentido e de opinión ante puntos de vista e posturas concretas e actitudes que responden a crenzas, costumes e valores propios da cultura da lingua meta. PLEB5.8. Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros doutra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural.</p>

<p>coñecementos e estratexias dunha lingua a outra para avanzar no seu dominio.</p> <p>Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>máis especializado segundo os propios intereses e as necesidades no ámbito persoal, público, educativo e laboral ou profesional, así como un reducido repertorio de palabras e expresións, e as connotacións máis discernibles, que permita un uso humorístico, poético ou estético sinxelo do idioma.</p> <p>B5.6. Coñecer coa profundidade debida e aplicar eficazmente á comprensión do texto os coñecementos sociolingüísticos relativos á estruturación social, ás relacións interpersoais en diversos contextos (desde informal ata institucional) e as convencións sociais (incluíndo crenzas e estereotipos) predominantes nas culturas en que se utiliza a lingua meta, así como os coñecementos culturais</p>	<p>PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>
---	--	--

INGLÉS 2º de Bacharelato

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <p>Xestión de relacións sociais no ámbito persoal, público, educativo e profesional.</p> <p>Descrición e apreciación de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares, actividades, procedementos e procesos.</p> <p>Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, a medio e a longo</p>	<p>máis relevantes (por exemplo, históricos, xeográficos, literarios ou artísticos), que permitan captar as alusións máis directas sobre estes aspectos que poida conter o texto.</p> <p>B5.7. Resumir ou parafrasear un texto para facelo intelixible a quen necesite desta mediación por descoñecemento ou coñecemento insuficiente da lingua meta.</p> <p>B5.8. Utilizar o coñecemento sociocultural sobre o modo de vida da comunidade que é obxecto de estudo e as diferenzas esenciais entre as prácticas, os valores e as crenzas desta comunidade e as propias, para facer un texto comprensible a unha persoa interlocutora que descoñece a lingua estranxeira, e</p>	

<p>prazo.</p> <p>Intercambio de información, indicacións, opinións, crezas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.</p> <p>Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.</p> <p>Establecemento e xestión da comunicación e organización do discurso.</p>	<p>resolver posibles malentendidos e conflitos interculturais.</p> <p>B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	
---	---	--

INGLÉS 2º de Bacharelato		
Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>B5.6. Léxico: Recoñecemento e uso de léxico oral e escrito común e máis especializado dentro das propias áreas de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos, tempo e espazo, estados, eventos e acontecementos, actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, educativas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura.</p> <p>Recoñecemento e uso de expresións fixas frecuentes (locucións idiomáticas, esquemas fraseolóxicos, colocacións, frases feitas e léxico propio de temas relativos a feitos de actualidade).</p> <p>Recoñecemento e uso de antónimos, sinónimos e de procedementos de formación de palabras mediante recursos de derivación e de composición, e recoñecemento de "falsos amigos".</p> <p>B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>		

Contidos sintáctico-discursivos:

Inglés 2º de Bacharelato
Expresión de relacións lóxicas: conxunción (neither...nor); disxunción (either...or); oposición/concesión (only (it didn't work)); despite/in spite of + NP/VP/sentence); causa because (of); due to; as; since); finalidade (so as to); comparación (as/not so Adj. as; far less tiresome/much more convenient (than); the best by far); resultado/correlación(such...that); condición (if; unless; in case; supposing); estilo indirecto (reported information, offers, suggestions, promises, commands, wishes, warnings).
Relacións temporais ((just) as;while; once (we have finished).
Afirmación (emphatic affirmative sentences / the dummy do, e. g. I do love classic music; tags, e. g. I should have).
Exclamación (What + noun + sentence), e. g. What a nuisance (he is)!; How + Adv. + Adj., e. g. How very extraordinary!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Gosh, it is freezing!).
Negación (e. g. Nope; Never ever; You needn't have).
Interrogación (Wh- questions; Aux. Questions; Says who? Why on earth did she say that?; tags).
Expresión do tempo: pasado (past simple and continuous; present perfect simple and continuous; past perfect simple and continuous); presente (present simple and continuous); futuro (present simple and continuous + Adv.; will be + verb+ing; will + perfect tense (simple and continuous)).
Expresión do aspecto: puntual (simple tenses); durativo (present and past simple/perfect; and future continuous); habitual (simple tenses (+ Adv.); used to; would); incoativo (start/begin by +verb+ing); terminativo (cease +verb+ing).
Expresión da modalidade: factualidade (declarative sentences); capacidade (it takes/holds/serves...); posibilidade/probabilidade (will; likely; should; ought to); necesidade (want; take); obriga (need/needn't); permiso (may; could; allow) intención (be thinking of +verb+ing).
Expresión da existencia (e. g. there must have been); a entidade (count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/emphatic, one(s); determiners); a cualidade (e. g. bluish; nice to look at).
Expresión da cantidade: Number (e. g. some twenty people; thirty something). Quantity: e. g. twice as many; piles of newspapers; mountains of things. Degree: e. g. extremely; so (suddenly).
Expresión do espazo (prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement).
Expresión do tempo (points (e. g. back then; within a month; whenever), divisions (e. g. fortnight), and indications (e. g. earlier/later today/in the year) of time; duration (e. g. through(out) the winter; over Christmas); anteriority (already; (not) yet; long/shortly before); posteriority (e. g. later (on); long/shortly after); sequence (to begin with, besides, to conclude); simultaneousness (just then/as); frequency (e. g. rarely; on a weekly basis).
Expresión do modo (Adv. and phrases of manner, e. g. thoroughly; inside out; upside down, in a mess). Uso de conectores.
Passive Voice Have/get causative. Phrasal verbs.
Gerund and infinitive.

5.4.2. *Concreción dos estándares de aprendizaxe. Secuenciación e temporalización. grao mínimo de consecución para superar a materia. Procedementos e instrumentos de avaliación– 2º BAC*

As seguintes táboa mostran o grado mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe necesaria para superar a materia de 2º BAC, así como a súa temporalización e os procedementos e instrumentos de avaliación a utilizar. Para a súa debida comprensión, faise necesario puntualizar o seguinte:

-A temporalización por horas dedicadas á consecución de cada estándar de aprendizaxe na materia de inglés é practicamente imposible de establecer, pois todos aqueles estándares referidos a aspectos xerais da comprensión e a expresión, como en calquera outra lingua, trabállanse repetidamente ao longo do curso, e é precisamente esta repetición continua a que permite a súa consecución. En calquera caso, o tempo total do curso divídese practicamente por igual entre os contidos morfosintácticos e as catro destrezas básicas, *listening, speaking, reading* e *writing*, polo que a cada unha delas corresponderíalle un quinto do total de horas adxudicadas.

Tampouco é fácil establecer unha temporalización por unidades, pois todas repiten o mesmo esquema, repartindo as actividades de ensino-aprendizaxe entre os contidos morfosintácticos e léxicos, e as catro destrezas, nunha especie de bucle continuo e crecente. Establécese, xa que logo, unha temporalización en base ás distintas avaliacións, aínda que tan só aqueles estándares que se refiren a puntos moi concretos da comprensión e a expresión traballaríanse nunha soa avaliación.

Con obxecto de ver claramente a gradación e a secuenciación que nos permita determinar cando e como se van a traballar os contidos necesarios para a consecución das capacidades descritas nos estándares de aprendizaxe, achéganse, no punto anterior, as distintas unidades didácticas que conforman o curso, e que serán repartidas proporcionalmente entre as distintas avaliacións.

-En canto á avaliación, cabo precisar que na aprendizaxe dunha lingua estranxeira desde un enfoque comunicativo, as destrezas non se traballan en solitario. A comprensión oral demóstrase moitas das veces na realización dunha tarefa escrita (completar oracións, identificar palabras dunha lista...). Igualmente a comprensión dun texto escrito conleva as subseguintes tarefas de expresión escrita (respostas a preguntas abertas, de elección múltiple, de verdadeiro/falso...). Cabe entender, xa que logo, que cando nos referimos a proba oral ou proba escrita dentro dun bloque, necesariamente entrarán en xogo, aínda que en menor medida, estándares correspondentes polo menos a outro bloque.

-Engadasen á táboa os contidos léxicos e morfosintácticos mínimos que se consideran imprescindibles para

alcanzar os estándares en grado mínimo, pois son eles os que proporcionan corpo e significado aos distintos bloques.

Secuenciación e temporalización

1ª AVALIACIÓN	UNIDADE 1 SETEMBRO - OUTUBRO 12 SESIÓNS	
BLOQUE	CONTIDO	MATERIAL DE REFERENCIA
B1.1 - B1.2	<p>Listening</p> <ul style="list-style-type: none"> • Comprensión oral dun diálogo entre adolescentes sobre as súas familias. • Comprensión oral dun monólogo curto sobre a aprendizaxe, utilizando a tecnoloxía para realizar diferentes actividades. • Realización de varios exercicios de comprensión. 	1,2,3,4,5,6,7
B2.1 – B2.2	<p>Speaking</p> <ul style="list-style-type: none"> • Useful Language: uso de expresións útiles á hora de falar. • Resposta oral a un cuestionario, utilizando as expresións do cadro Useful Language. • Lectura de preguntas dunha entrevista persoal e contestación ás mesmas. • Audición dunha entrevista persoal e aprendizaxe de diferentes expresións utilizadas. • Entrevista ao compañeiro/a, utilizando as expresións aprendidas. • Exam Advantage: claves e estratexias para a realización de exames. • Extra Speaking Practice: actividades para reforzar o aprendido na sección. • Techno Task: gravación dunha entrevista persoal e proxección da mesma na clase. 	1,2,3,4,5,6,7
B3.1	<p>Reading</p> <ul style="list-style-type: none"> • Introducción do tema dos pais controladores co fin de contestar a varias preguntas. • Identificación dos feitos e das opinións nun texto. • Comprensión dun texto sobre a educación esixente e controladora dalgúns pais, para realizar diferentes actividades de comprensión parecidas e relacionadas coas da PAU. • false friends destacados no texto. • Identificación no texto de palabras sinónimas ás que se dan. • Common Words: explicación e práctica sobre os diferentes significados de “free”. • Práctica oral do aprendido sobre a educación esixente e controladora dalgúns pais, contestando a varias preguntas que se expoñen. • Trends: tendencia dalgúns educadores a defender a formación do carácter como clave para ter unha educación completa. 	1,2,3,4,5,6,7
B4.1	<p>Writing</p> <ul style="list-style-type: none"> • Análise da estrutura de texto argumentativo a través de distintas explicacións e actividades. • Estudo e práctica das conxuncións copulativas e adversativas. • Producción dun texto argumentativo seguindo os pasos facilitados nos apartados Task e Getting Organised, con axuda do apartado Useful Expressions. 	1,2,3,4,5,6,7
B5.1 - B 5.7	<p>Vocabulary</p> <ul style="list-style-type: none"> • Realización de varias actividades para aprender e traballar con palabras e expresións relacionadas co crecemento. • Pronunciar correctamente os sons similares aos contidos en allow, role e spoil. • Realización de varias actividades para aprender e traballar con máis palabras e expresións relacionadas coa educación. • Sufixos para formar substantivos e adxectivos: explicación con exemplos e actividades para practicalos <p>Grammar</p>	1,2,3,4,5,6,7

	<ul style="list-style-type: none"> • Expresión de accións presentes, pasadas e futuras en tempo perfecto con distintas referencias temporais, a través do Present Perfect Simple, Present Perfect Continuous, Past Perfect Simple e Past Perfect Continuous. Uso e formación. Expresións temporais. • Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades. • Grammar Challenge: actividade para volver escribir frases co fin de practicar máis as estruturas gramaticais vistas na sección. <p>Getting Started</p> <ul style="list-style-type: none"> • Familiarizarse co tema da fama a través dunha serie de fotografías, para responder varias preguntas. <p>Trends</p> <ul style="list-style-type: none"> • Apartado especial e destacado no que se fala do uso dos teléfonos intelixentes para controlar os fillos. <p>Comunication</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lectura da páxina web dunha academia, para contestar a varias preguntas. • Trends: datos sobre os cursos que ofrecen a través de Internet prestixiosas universidades con gran historia. • Listening: comprensión oral dunha conversación para pedir información sobre os cursos dunha academia online. • Speaking: traballo en parellas para solicitar información, co fin de practicar as estruturas aprendidas previamente na sección. • Pronunciar correctamente as letras mudas. • Speaking Strategy: presenta consellos e frases para mellorar a expresión oral para pedir información. • Task: traballo en parellas para facer unha representación na que se practiquen as estruturas aprendidas previamente na sección. <p>Think Back</p> <ul style="list-style-type: none"> • Repaso dos contidos principais da unidade, mediante a realización de exercicios que poñen en práctica a gramática, a escritura e o vocabulario vistos ao longo da unidade, ao estilo dos exames para o FCE. 	
--	---	--

1ª AVALIACIÓN	UNIDADE 2	
	NOVIEMBRE-DECEMBRO	12 SESIONES
BLOQUE	CONTIDO	MATERIAL DE REFERENCIA
B1.1 - B1.2	<p>Listening</p> <ul style="list-style-type: none"> • Comprensión oral dunha conversación sobre o tipo de país idóneo para vivir. • Comprensión oral da presentación dun estudante sobre unha nena, Malala, que loitou pola súa educación nun país no que as mulleres teñen problemas para formarse. 	1,2,3,4,5,6,7
B2.1 – B2.2	<p>Speaking</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traballo en parellas para falar de problemas sociais, utilizando como base dúas afirmacións que se expoñen. 	1,2,3,4,5,6,7
B3.1	<p>Reading</p> <ul style="list-style-type: none"> • Introducción do tema de correr riscos para axudar a outras persoas, co fin de contestar a varias preguntas. • Comprender o obxectivo dun autor á hora de escribir un texto concreto. • Comprensión dun texto sobre a implicación das persoas á hora de decidir axudar ou non a alguén nunha situación complicada, para realizar diferentes actividades de comprensión parecidas e relacionadas coas da PAU. • False friends destacados no texto. • Identificación no texto de palabras sinónimas ás que se dan. • Common Words: explicación e práctica sobre os pronomes indefinidos anything, something, everyone e no one. • Práctica oral do aprendido sobre as preguntas para pedir opinión, contestando a varias preguntas que se expoñen. • Trends: explicación dos usos que se fai das gravacións das cámaras de 	1,2,3,4,5,6,7

	seguridade.	
B4.1	<p>Writing</p> <ul style="list-style-type: none"> • Análise da estrutura dun texto de opinión a través de distintas explicacións e actividades. • Estudo e práctica das conxuncións causais e consecutivas, e da estrutura das oracións. • Produción dun texto de opinión seguindo os pasos facilitados nos apartados Task e Getting Organised, con axuda do apartado Useful Expressions. 	1,2,3,4,5,6,7
B5.1 - B 5.7	<p>Vocabulary</p> <ul style="list-style-type: none"> • Realización de varias actividades para aprender e traballar con palabras e expresións relacionadas con asuntos sociais. • Pronuncia correcta dos sons similares aos contidos en behave e fair. • Realización de varias actividades para aprender e traballar con palabras e expresións relacionadas coa resolución de problemas sociais. • Verb collocations: explicación con exemplos e actividades para practicalos. <p>Grammar</p> <ul style="list-style-type: none"> • Expresión de frases en estilo indirecto. Uso e formación. Cambios que se producen nos verbos, adverbios, pronomes, etc. Formulación de afirmacións, preguntas, ordes e suxestións en estilo indirecto. • Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades. • Grammar Challenge: actividade para reescribir frases que se dan, de tal maneira que, aínda que cambie a estrutura, teñan o mesmo significado. <p>Getting Started</p> <ul style="list-style-type: none"> • Familiarizarse co tema dos asuntos sociais a través dunha serie de viñetas para responder varias preguntas. <p>Trenes</p> <ul style="list-style-type: none"> • Apartado especial e destacado no que se fala das mellores cidades para vivir a xuventude. <p>Communication</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lectura dunha páxina web solidaria para contestar a varias preguntas. • Trends: comentario sobre o uso dos medios sociais para concienciar as persoas sobre causas ou problemas. • Listening: comprensión oral dunha conversación sobre como recadar diñeiro para un centro de xente sen fogar. • Speaking: traballo en parellas para a expresión oral de opinións, co fin de practicar as estruturas aprendidas previamente na sección. • Ritmo correcto á hora de falar. • Speaking Strategy: presenta consellos e frases para axudar a introducir un tema ou a pasar a un novo nunha conversación. • Task: traballo en parellas para expoñer tres métodos diferentes de recadar diñeiro para fins benéficos, co fin de practicar as estruturas aprendidas previamente na sección. <p>Think Back</p> <ul style="list-style-type: none"> • Repaso dos contidos principais da unidade, mediante a realización de exercicios que poñen en práctica a gramática, a escritura e o vocabulario vistos ao longo da unidade, ao estilo dos exames para o FCE. 	1,2,3,4,5,6,7

2ª AVALIACIÓN			UNIDADE 3	
			XANEIRO	12 SESIÓNS
BLOQUE	CONTIDO			MATERIAL DE REFERENCIA
B1.1 - B1.2	Listening	<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión oral dunha conversación sobre que lugares amosar a alguén que vai de visita a Río de Janeiro. 	1,2,3,4,5,6,7	

	<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión oral dunha conversación sobre viaxar a Guatemala, para realizar diferentes actividades. 	
B2.1 – B2.2	<p>Speaking</p> <p>Traballo en parellas para facer plans sobre a visita dun amigo a outro.</p>	1,2,3,4,5,6,7
B3.1	<p>Reading</p> <ul style="list-style-type: none"> • Introducción do tema dos extravíos de obxectos, co fin de contestar a varias preguntas. • Comprensión dos pronomes empregados nun texto para evitar a repetición de palabras. • Comprensión dun texto sobre como, grazas a Google Earth, un mozo da India se reencontrou coa súa familia, anos despois de perderse e acabar en Australia, co fin de realizar diferentes actividades de comprensión parecidas e relacionadas coas da PAU. • False friends destacados no texto. • Identificación no texto de palabras sinónimas e antónimas ás que se dan. • Práctica oral do aprendido sobre as aplicacións de xeolocalización, contestando a varias preguntas que se expoñen. • Trends: a utilidade de Google Earth e Google Street View para coñecer lugares nos que nunca se estivo. 	1,2,3,4,5,6,7
B4.1	<p>Writing</p> <ul style="list-style-type: none"> • Análise da estrutura dun texto narrativo a través de distintas explicacións e actividades. • Estudo e práctica dos conectores de secuencia e das expresións temporais. • Uso do clímax nunha narración. • Produción dun texto narrativo seguindo os pasos facilitados nos apartados Task e Getting Organised, con axuda do apartado Useful Expressions. 	1,2,3,4,5,6,7
B5.1 - B 5.7	<p>Vocabulary</p> <ul style="list-style-type: none"> • Realización de varias actividades para aprender e traballar con palabras e expresións relacionadas coas viaxes. • Common Words: explicación e práctica sobre a diferente pronuncia de wander / wonder. • Realización de varias actividades para aprender e traballar con palabras e expresións relacionadas cos preparativos de viaxes. • Collocations nominais: explicación con exemplos e actividades para practicalos. <p>Grammar</p> <ul style="list-style-type: none"> • Os verbos modais e os modais perfectos. Uso e formación. • Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades. • Pronuncia correcta das formas contraídas dos modais en negativa. • Grammar Challenge: actividade para reescribir frases que se dan, de tal xeito que, aínda que cambie a estrutura, teñan o mesmo significado. <p>Communication</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lectura de varios pés de foto que hai nun blog de viaxes, para contestar a varias preguntas. • Trends: información sobre un novo xogo en Internet que combina mapas e entretemento. • Listening: comprensión oral dun monólogo no que se comparan dúas fotografías. • Speaking: traballo en parellas para a expresión oral de preguntas e respostas, comparando fotografías co fin de practicar as estruturas aprendidas previamente na sección. • Pronuncia correcta dos sons contidos en palabras como winter / show e you / city. • Speaking Strategy: presenta os conectores de frecuencia e de adición para 	1,2,3,4,5,6,7

	<p>conectar frases cando se fala.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Task: traballo en parellas para comparar e contrastar fotografías, co fin de practicar as estruturas aprendidas previamente na sección. <p>Think Back</p> <ul style="list-style-type: none"> • Repaso dos contidos principais da unidade, mediante a realización de exercicios que poñen en práctica a gramática, a escritura e o vocabulario vistos ao longo da unidade, ao estilo dos exames para o FCE. <p>Getting Started</p> <ul style="list-style-type: none"> • Familiarizarse co tema das viaxes de aventura a través dunha serie de fotografías para responder varias preguntas. <p>Trends</p> <ul style="list-style-type: none"> • Apartado especial e destacado no que se fala de como a xuventude actual viaxa máis ao estranxeiro. 	
--	--	--

2ª AVALIACIÓN	UNIDADE 4 FEBREIRO 12 SESIÓNS	
BLOQUE	CONTIDO	MATERIAL DE REFERENCIA
B1.1 - B1.2	<p>Listening</p> <p>Comprensión oral dunha conversación sobre problemas ambientais.</p> <p>Comprensión oral dunha entrevista sobre edificios ecolóxicos para realizar diferentes actividades.</p>	1,2,3,4,5,6,7
B2.1 – B2.2	<p>Speaking</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traballo en parellas para falar sobre problemas ambientais. 	1,2,3,4,5,6,7
B3.1	<p>Reading</p> <ul style="list-style-type: none"> • Introducción do tema do consumo de alimentos no futuro, co fin de contestar a varias preguntas. • Identificación da idea principal dun parágrafo para axudar a comprender mellor a idea global dun texto. • Comprensión dun texto sobre a carne que comemos e o pouco ecolóxica que é a industria que a produce, para realizar diferentes actividades de comprensión parecidas e relacionadas coas da PAU. • False friends destacados no texto. • Identificación no texto de palabras sinónimas ás que se dan. • Common Words: explicación e práctica sobre os diferentes significados de “about”. • Práctica oral do aprendido sobre a carne de laboratorio, contestando a varias preguntas que se expoñen. • Trends: datos sobre o consumo de carne en España. 	1,2,3,4,5,6,7
B4.1	<p>Writing</p> <ul style="list-style-type: none"> • Análise da estrutura dun resumo a través de distintas explicacións e actividades. • Estudo e práctica da orde da paráfrase. • Produción dun resumo seguindo os pasos facilitados nos apartados Task e Getting Organised, con axuda do apartado Useful Expressions. 	1,2,3,4,5,6,7
B5.1 - B 5.7	<p>Vocabulary</p> <ul style="list-style-type: none"> • Realización de varias actividades para aprender e traballar con palabras e expresións relacionadas cos problemas ambientais. • Prefixos para formar novas palabras. • Realización de varias actividades para aprender e traballar con palabras e expresións relacionadas co ambiente. <p>Grammar</p> <ul style="list-style-type: none"> • Expresión de frases en condicional (cero, primeiro, segundo e terceiro). Uso e formación. • As oracións desiderativas. Uso e formación. • Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades. 	1,2,3,4,5,6,7

	<ul style="list-style-type: none"> • Time Clauses: palabras e expresións máis frecuentes nas oracións temporais. • Grammar Challenge: actividade para reescribir frases que se dan, de tal xeito que, aínda que cambie a estrutura, teñan o mesmo significado. <p>Getting Started</p> <ul style="list-style-type: none"> • Familiarizarse co tema do ambiente a través dunha serie de fotografías, para responder varias preguntas. <p>Trends</p> <ul style="list-style-type: none"> • Apartado especial e destacado no que se fala dos datos dunha enquisa sobre as preocupacións ambientais dos españois. <p>Communication</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lectura dun texto online sobre as viaxes ecolóxicas, para contestar a varias preguntas. • Trends: explicación sobre o que é un eco-tour. • Listening: comprensión oral dunha conversación para chegar a un acordo sobre que plans se levarán a cabo nun evento sobre concienciación ambiental. • Speaking: traballo en parellas para a expresión oral de preguntas e respostas, para chegar a acordos co fin de practicar as estruturas aprendidas previamente na sección. • Speaking Strategy: consellos e frases para alcanzar acordos. • Pronuncia correcta dos sons contidos en palabras como architecture, brochure e choice. • Task: traballo en parellas para chegar a un acordo para facer unha viaxe, co fin de practicar as estruturas aprendidas previamente na sección. <p>Think Back</p> <ul style="list-style-type: none"> • Repaso dos contidos principais da unidade, mediante a realización de exercicios que poñen en práctica a gramática, a escritura e o vocabulario vistos ao longo da unidade, ao estilo dos exames para o FCE. 	
--	--	--

3 ^a AVALIACIÓN	UNIDADE 5 MARZO 12 SESIÓNS	
BLOQUE	CONTIDO	MATERIAL DE REFERENCIA
B1.1 - B1.2	Listening <ul style="list-style-type: none"> • Comprensión oral dun diálogo para contestar a un cuestionario. • Comprensión oral dunha clase sobre bacterias, para realizar diferentes actividades. 	1,2,3,4,5,6,7
B2.1 – B2.2	Speaking <ul style="list-style-type: none"> • Traballo en parellas para falar sobre animais. 	1,2,3,4,5,6,7
B3.1	Reading <ul style="list-style-type: none"> • Introducción do tema dos enganos co fin de contestar a varias preguntas. • Dedución do significado de palabras que se descoñecen a partir do contexto no que aparecen. • Comprensión dun texto sobre os enganos dalgúns animais co fin de sobrevivir, para realizar diferentes actividades de comprensión parecidas e relacionadas coas da PAU. • False friends destacados no texto. • Identificación no texto de palabras e expresións sinónimas ás que se dan. • Common Words: diferentes significados e usos do verbo go. • Práctica oral do aprendido sobre os animais, contestando a varias preguntas que se expoñen. • Trends: datos curiosos sobre técnicas de supervivencia en animais. 	1,2,3,4,5,6,7
B4.1	Writing	1,2,3,4,5,6,7

	<ul style="list-style-type: none"> • Análise da estrutura dunha biografía a través de distintas explicacións e actividades. • Estudo e práctica dos conectores de finalidade . • Estudo de como incluír citas nun texto. • Produción dunha biografía seguindo os pasos facilitados nos apartados Task e Getting Organised, con axuda do apartado Useful Expressions. 	
B5.1 - B 5.7	<p>Vocabulary</p> <ul style="list-style-type: none"> • Realización de varias actividades para aprender e traballar con palabras e expresións relacionadas cos animais. • Realización de varias actividades para aprender e traballar con palabras e expresións relacionadas coa relación do home cos animais. • Pronuncia correcta da terminación -ed dos verbos. • Adxectivos seguidos de preposición. <p>Grammar</p> <ul style="list-style-type: none"> • Expresión de frases en pasiva. Uso e formación. • O causativo. Uso e formación. • Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades. • Expresións con dous complementos. • Grammar Challenge: actividade para reescribir frases que se dan, de tal xeito que, aínda que cambie a estrutura, teñan o mesmo significado. <p>Getting Started</p> <ul style="list-style-type: none"> • Familiarizarse co tema dos animais a través dunha serie de fotografías, para responder varias preguntas. <p>Trends</p> <ul style="list-style-type: none"> • Apartado especial e destacado no que se fala dos actuais métodos de deseño para crear produtos máis ecolóxicos e eficientes. <p>Communication</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lectura dunha páxina web sobre protección dos dereitos dos animais, para contestar a varias preguntas. • Trends: prohibición en moitos lugares do emprego de animais en circos itinerantes. • Listening: comprensión oral dunha conversación para falar dunha fotografía. • Speaking: traballo en parellas para a expresión oral de preguntas e respostas falando dunha fotografía, co fin de practicar as estruturas aprendidas previamente na sección. • Speaking Strategy: presenta consellos e frases para suscitar unha reacción no interlocutor (tag questions). • Pronuncia correcta dos sons incluídos en palabras como seen e ring. • Task: traballo en parellas para falar dunha fotografía, co fin de practicar as estruturas aprendidas previamente na sección. <p>Think Back</p> <ul style="list-style-type: none"> • Repaso dos contidos principais da unidade, mediante a realización de exercicios que poñen en práctica a gramática, a escritura e o vocabulario vistos ao longo da unidade, ao estilo dos exames para o FCE. 	1,2,3,4,5,6,7

3ª AVALIACIÓN	UNIDADE 6 ABRIL-MAIO 12 SESIÓNS	
BLOQUE	CONTIDO	MATERIAL DE REFERENCIA
B1.1 - B1.2	<p>Listening</p> <ul style="list-style-type: none"> • Comprensión oral dunha conversación sobre tipos de traballo. • Comprensión oral dunha conversación sobre aprender habilidades novas a través de Internet, co fin de realizar diferentes actividades. 	1,2,3,4,5,6,7
B2.1 – B2.2	Speaking	1,2,3,4,5,6,7

	<ul style="list-style-type: none"> • Tarefa en parellas para falar sobre traballos. 	
B3.1	<p>Reading</p> <ul style="list-style-type: none"> • Introducción do tema da chatarra, co fin de contestar a varias preguntas. • Procura de palabras clave nun texto para identificar a idea principal do mesmo. • Comprensión dun texto sobre o negocio da chatarra, para realizar diferentes actividades de comprensión parecidas e relacionadas coas da PAU. • False friends destacados no texto. • Identificación no texto de palabras e expresións sinónimas ás que se dan. • Common Words: explicación e práctica sobre os diferentes significados de just . • Práctica oral do aprendido sobre o negocio da chatarra nos programas de televisión, contestando á pregunta que se expón. • Trends: creación de emprego grazas á chatarra. 	1,2,3,4,5,6,7
B4.1	<p>Writing</p> <ul style="list-style-type: none"> • Análise da estrutura dun correo electrónico formal a través de distintas explicacións e actividades. • Estudo e práctica das destrezas de expresión escrita aprendidas ao longo do curso. • Produción dun correo electrónico formal seguindo os pasos facilitados nos apartados Task e Getting Organised, con axuda do apartado Useful Expressions. 	1,2,3,4,5,6,7
B5.1 - B 5.7	<p>Vocabulary</p> <ul style="list-style-type: none"> • Realización de varias actividades para aprender e traballar con palabras e expresións relacionadas co traballo. • Common Words: diferentes significados e usos de just. • Realización de varias actividades para aprender e traballar con palabras e expresións relacionadas coas calidades das persoas a nivel laboral. • Trends: uso das redes sociais para investigar aos candidatos a un posto de traballo. • Diferenzas entre résumé e CV. • Phrasal Verbs. • Pronuncia correcta do acento dos phrasal verbs. <p>Grammar</p> <ul style="list-style-type: none"> • As oracións de relativo especificativas e explicativas. Os pronomes relativos. • Estruturas formal e informal. Uso e formación. • Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades. • Grammar Challenge: actividade para reescribir frases que se dan, de tal xeito que, aínda que cambie a estrutura, teñan o mesmo significado. <p>Getting Started</p> <ul style="list-style-type: none"> • Familiarizarse co tema do traballo a través dunha serie de fotografías, para responder varias preguntas. <p>Trends</p> <ul style="list-style-type: none"> • Apartado especial e destacado no que se fala da tendencia actual de contratar adolescentes en hoteis para ofrecer consellos e información turística a adolescentes que se aloxan cos pais nos hoteis. <p>Communication</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lectura e análise dunha web con anuncios de emprego, para contestar a varias preguntas. • Trends: aumento das empresas que utilizan a última tecnoloxía de Internet para realizar entrevistas de traballo. • Listening: comprensión oral dunha entrevista de traballo. • Speaking: traballo en parellas para a expresión oral de preguntas e respostas nunha entrevista de traballo, co fin de practicar as estruturas aprendidas previamente na sección. • Speaking Strategy: presenta consellos e frases para poñer énfase nos puntos fortes que se teñen, durante unha entrevista de traballo. • Pronuncia correcta do acento das palabras. 	1,2,3,4,5,6,7

	<ul style="list-style-type: none"> Task: traballo en parellas para representar unha entrevista de traballo, co fin de practicar as estruturas aprendidas previamente na sección. <p>Think Back</p> <ul style="list-style-type: none"> Repaso dos contidos principais da unidade, mediante a realización de exercicios que poñen en práctica a gramática, a escritura e o vocabulario vistos ao longo da unidade, ao estilo dos exames para o FCE. 	
--	---	--

Temporalización por avaliacións	2º BAC Estándares aprendizaxe Grao MÍNIMO de consecución para superar a materia	Procedementos e instrumentos de avaliación
Bloque 1. Comprensión de textos orais (Correspondentes aos estándares de aprendizaxe PLEB1.1 a PLEB1.6)		

2,3	Entende instrucións ou anuncios dados cara a cara ou por outros medios sobre temas concretos, en linguaxe estándar.	Observación sistemática / Proba oral
1,2,3	Identifica o tema, as ideas principais e detalles relevantes de conversas e debates entre varias persoas que teñen lugar na súa presenza, sempre que sexan temas xerais ou do seu interese.	Observación sistemática / Proba oral
1,2,3	Comprende o punto de vista do seu interlocutor en conversas na clase sobre temas do seu interese ou traballados previamente.	Observación sistemática / Interacción
2,3	Comprende, nunha conversa formal na que participa, información detallada, sempre que poda pedir confirmación ou aclaracións.	Observación sistemática
2,3	Comprende o significado xeral e algún detalle relevante en presentacións e conferencias de certa complexidade.	Visionado / Audición seguida de tarefas
2,3	Comprende o sentido xeral de material gravado ou retransmitido, relativo a temas do seu interese, e identifica a actitude do falante	Audición seguida de tarefas

Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción (Correspondentes aos estándares de aprendizaxe PLEB2.1 a PLEB2.6)		
1,2,3	Diferencia a produción do texto oral espontáneo do planificado, utilizando unha sintaxe limitada e as estratexias habituais de negociación, aclaración, repetición..	Observación sistemática/ Proba oral (interacción)
3	Realiza presentacións estruturadas, acompañándose de medios audiovisuais, sobre temas de interese educativo ou relacionados coa súa especialidade, respondendo ás preguntas que podan xurdir.	Presentación

1,2,3	Participa con certa soltura en conversas informais cara a cara, describindo feitos, experiencias, sentimentos e crenzas.	Observación sistemática / Proba oral (interacción)
2,3	Toma parte en entrevistas formais ou entrevistas, achegando e pedindo información sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados con aspectos académicos.	Observación sistemática / Proba oral (interacción)
1,2,3	Participa activamente nas tarefas de comunicación na clase con certa fluidez, sen que os erros impidan a comunicación	Observación sistemática / Proba oral (interacción)
2	Realiza unha entrevista a un compañeiro cun patrón establecido, e formula e responde a preguntas complementarias	Observación sistemática / Proba oral (interacción)
Bloque 3. Comprensión de textos escritos		
(Correspondentes aos estándares de aprendizaxe PLEB3.1 a PLEB3.7)		
1,2,3	Entende detalles relevantes de anuncios e material publicitario do seu interese persoal, educativo ou profesional.	Observación sistemática / proba escrita
1,2,3	Entende a información e as implicacións contidas en correspondencia en calquera soporte, incluídos blogs, con información sobre temas concretos do seu interese.	Observación sistemática / proba escrita
2,3	Comprende instrucións acerca de procesos relativos a asuntos do seu interese ou da súa especialidade, sempre que as poda ler varias veces.	Observación sistemática / proba escrita
3	Comprende o esencial da correspondencia formal, en calquera soporte, de institucións como universidades ou empresas, cando se refiren a temas do seu interese ou a súa especialidade.	Observación sistemática / proba escrita
2	Entende basicamente, en textos de referencia e consulta, en calquera soporte, a información que busca sobre temas da súa especialidade.	Observación sistemática / proba escrita
2,3	Entende información relevante en noticias e artigos xornalísticos, sempre que traten temas de actualidade non demasiado específicos.	Proba escrita
1,2	Lee sen dificultade relatos, contos e novelas curtas adaptadas ao seu nivel.	Proba escrita
Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción		
(Correspondentes aos estándares de aprendizaxe PLEB4.1 a PLEB4.8)		
1,2,3	Escrebe informes breves, desenvolvendo un argumento, razoando a favor ou en contra dun punto de vista ou explicando as vantaxes e as desvantaxes de varias opcións.	Proba escrita
1,2,3	Describe un suceso explicando as circunstancias, e ofrecendo a súa opinión.	Proba escrita
1,2	Completa formularios, cuestionarios o impresos con información básica de carácter persoal, académico ou	Observación sistemática / Proba escrita

	laboral.	
3	Escribe, en formato impreso ou dixital, un currículo básico ofrecendo información relevante en relación co propósito específico.	Proba escrita
2	Toma notas e redacta un resumo corto e ben estruturado dunha conferencia breve e sinxela sobre un tema coñecido, no que destaca a idea principal e información relevante.	Proba escrita
1,2,3	Escribe notas, mensaxes e posts sinxelos nos que transmite e solicita información relevante, respectando as normas de cortesía.	Proba escrita
2,3	Escribe correspondencia e participa en foros nos que transmite información sobre temas concretos e describe de xeito básico as súas experiencias, sentimentos e plans.	Proba escrita
3	Escribe cartas formais dirixidas entidades ou empresas dando e solicitando información, solicitando unha praza nun centro educativo ou ofrecéndose para un posto de traballo, respectando o formato e as normas de cortesía.	Proba escrita
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural		
(Correspondentes aos estándares de aprendizaxe PLEB5.1 a PLEB5.9)		
1,2,3	Comprende e faise comprender con certa fluidez en situacións de comunicación informais.	Observación sistemática
1,2,3	Relaciónase oralmente e por escrito comunicando eficazmente información, noticias ou puntos de vista sobre temas concretos.	Observación sistemática/ Proba oral ou escrita
1,2,3	Intervén oralmente con distintos propósitos comunicativos, con eficacia intercultural.	Observación sistemática
2,3	Entende os detalles do que se lle di en xestións que xorden nun viaxe, unha tenda, nun hotel ...	Observación sistemática / Proba escrita ou oral
2,3	Desenvólvese con certa seguridade en transaccións e xestións cotiás, cara a cara ou por outro medios técnicos, solicitando información detallada e ofrecendo explicacións claras.	Observación sistemática /Proba escrita ou oral
1,2,3	Exprésase oralmente e por escrito con certa riqueza léxica, utilizando sinónimos e palabras de significado próximo.	Observación sistemática/ Proba oral ou escrita
1,2,3	Comprende textos de certa extensión en lingua estándar, captando algúns matices e actitudes que responden a valores propios da lingua meta.	Proba escrita

2,3	Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros doutra diferente, con plena conciencia intercultural.	Proba escrita
3	Participa en proxectos plurilingües relacionados con elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	Proxecto

Contidos sintáctico-discursivos (mínimos):

-Tempos verbais: Present Simple and Continuous; Past Simple and Continuous; Present Perfect Simple and Continuous; Past Perfect Simple and Continuous; Future with will and going to; be about to; be to; Future Continuous, Future Perfect.

-Used to; Would; Be used to; Get used to.

-Preguntas suxeito/ preguntas obxecto (Who saw you?, Who did you see?)

-Relative Clauses. Defining and non defining. Relative pronouns. Relative adverbs. O uso de WHICH conector.

-Connectors and Linking Words: Adding information and giving examples (also, besides, futhermore, moreover, what's more, in addition, not only...but also, as well, likewise, equally, similarly, for example, for instance, such as, apart from, except for); Showing concession and contrast (although, though, even though, in spite of, despite, in spite of the fact that, still, yet, whereas, while, however, nevertheless, notwithstanding, otherwise, on the one hand...on the other hand, on the contrary, in contrast to); Showing reason, purpose and result (because, as, since, seeing that, because of, on account of, due to, owing to, due to the fact that, consequently, as a consequence, as a result, therefore, to, in order to, so as to, in order not to, so as not to, so that); Showing a sequence, concluding and summarising (to begin with, first of all, first, firstly, then, second, secondly, finally, lastly, in the end, eventually, in conclusion, in short); Expressing, introducing, explaining and intensifying opinions (according to, as far as I know, as far as I'm concerned, from my point of view, in my opinion, in some kind of way, it is often said, no matter who, to some extent, that's the reason why...)

-Modal verbs: ability (can, could, be able to, managed to); permission (can, could, may, be allowed to); obligation / prohibition / necessity (must, have to, needn't, needn't have); advice (should, ought to, had better, should have, ought to have); deduction and certainty (must, can't, must have, can't have); possibility (may, might, could, may have, might have, could have).

-Clauses: Time (when, while, as. Until/till, after, as soon as, since, whenever, once...); Contrast/Concession (although, though, even though, in spite of, despite...); Purpose (to, in order to, so as to, so that); Reason (as, since, because); Result (so...that, such...that, so much...that, so many...that)

-TOO/ENOUGH + infinitivo

-Estilo indirecto (statements, questions, commands, suggestions, exclamations, offers and requests; other reporting verbs (advise, warn, beg, admit, agree, apologize, thank, reply, promise, etc)

-Existencia: There has been /there will be, etc.

-Compuestos with –EVER: whatever, whenever, whoever, etc.

-A voz pasiva: pasiva, pasiva con dous axentes, construcións de infinitivo detrás de verbos pasivos...

-HAVE causativo

-Oracións Condicionais: os tres tipos, nexos: if, unless, as long as, provided / providing that, on condition, supposing.

-Wish, if only, as if / as though, had better, would rather, it's time, in case. O subxuntivo detrás de certos verbos e expresións.

-As formas –ING e os infinitivos. Usos básicos, verbos con cambio de significado seguidos dunha ou outra forma.

-It's no use, it's no good, there's no point in, it's (not) worth seguidos de forma –ING

-Linking verbs with adxectivos. Verbos dos sentidos seguidos de adxectivos, nome ou frase nominal ou por as if/though + cláusula.

Vocabulario (mínimos): O tratado nas distintas unidades do libro de texto ("*Distinction 2*" OUP)

5.5. AFONDAMENTOS EN 1º e 2ª de BACHARELATO

A materia de "Afondamentos en 1º e 2º de BAC está orientada á potenciar as destrezas do idioma estranxeiro facendo fincapé na expresión oral (Speaking) e na comprensión oral (Listening), sen descartar, por suposto o correcto uso do inglés na expresión escrita.

Criterios de avaliación Afondamento da lingua inglesa 1º e 2º de BAC.

1. Entender a idea xeral e informacións específicas en textos orais sobre asuntos cotiáns. (CCL, CAA)
2. Comunicarse por vía oral utilizando estratexias axeitadas e producir un discurso comprensible e axeitada á intención comunicativa. (CCL)
3. Usar o coñecemento dalgúns aspectos formais da linguaxe como medio de autoaprendizaxe e auto-corrección. (CCL, CCEC, CAA)
4. Identificar, uso e dar exemplos dalgunhas estratexias utilizadas para o progreso na aprendizaxe. (CCL, CAA, CCEC)
5. Uso das TICs gcomo forma de atopar información e producir mensaxes a partir de modelos. (CCL / CD / CAA / CCEC)
6. Identificar os aspectos culturais dos países onde a lingua é falada e mostrar respecto por esa cultura. (CSC)

6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

O desenvolvemento das distintas unidades didácticas na ESO ten que ter en conta por unha banda o propósito comunicativo, é dicir, a introdución de contidos en función das tarefas comunicativas a realizar. Por outra banda, ten que ter en conta as diferentes capacidades, intereses e forma de aprendizaxe do alumnado. Non podemos por tanto, falar dun método concreto senón dun enfoque metodolóxico que teña en conta os seguintes aspectos:

Os intereses do alumnado e o incremento da motivación. Proporcionaránelles tarefas que conecten cos seus intereses buscando a súa participación activa.

A personalización da aprendizaxe, utilizando materiais diversos que atendan tanto ao seu estilo de aprendizaxe como ao seu grado de coñecementos.

A responsabilidade do alumno de participar activamente na súa propia aprendizaxe, adoptando unha postura activa fronte aos retos que se lles propoñen.

A comprensión e tolerancia do erro.

A autonomía na aprendizaxe a través da inferencia de regras gramaticais, da utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a revisión, consolidación e ampliación dos seus coñecementos, e da reflexión sobre o seu propio proceso da aprendizaxe, e a posta en práctica de estratexias e técnicas que permitan a súa mellora.

O carácter interdisciplinar dos textos traballados e a coordinación das clases de lingua estranxeira coas demais áreas do currículo.

O deseño de actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara os resultados de aprendizaxe en mais dunha competencia ao mesmo tempo.

O equilibrio no tratamento das catro destrezas básicas a través de distintas actividades:

-*Listening*: predición a partir de debuxos ou da situación, recoñecemento da idea principal, de datos ou opinións recollidas no texto, identificación verdadeiro/falso, establecemento da secuencia temporal dunhas ilustracións, cumplimentación dunha táboa, elección nun *multiple choice*, identificación de personaxes, expresión das súas propias opinións, creación dun texto a partir dunha táboa (...*post-listening*)

-*Speaking*: repetición e modificación de modelos, pequenas conversas en diferentes situacións, realización de enquisas, descrições de persoas ou lugares, indicacións de dirección, instrucións para actuar, intercambios de información para completar táboas....

-*Reading*: lecturas de textos diversos para a obtención de información global o específica (*skimming e*

scanning) seguidas da distintas actividades tales como identificación de verdadeiro/falso, asociación de temas e párrafos, cumplimentación dunha táboa, elección nun *multiple choice*, asociación de partes ou de debuxo e texto, identificación de personaxes, respostas para ordenar, deducción do significado do novo vocabulario, etc.

-*Writing*: escritura de oracións a partir dun modelo, modificación dun modelo, corrección de erros, cumplimentación de formularios, redaccións descritivas e expositivas, elaboración de cartas, confección de pequenos traballos monográficos...

A exposición dos alumnos a unha ampla diversidade de situacións, contextos e textos realistas, e a realización de actividades que lles permitan traballar non só de forma individual, senón tamén en parellas o en pequenos grupos, establecendo así situacións de comunicación máis auténticas e posibilitando a adquisición dunha razoable competencia comunicativa nas súas distintas vertentes:

competencia gramatical (capacidade de poñer en práctica os elementos e as normas que rexen o sistema lingüístico).

competencia discursiva (capacidade para recoñecer e producir diferentes tipos de textos).

competencia sociolingüística (capacidade para utilizar a lingua en contextos específicos).

competencia sociocultural (capacidade para apreciar grados de formalidade e utilizar a linguaxe adecuada en cada situación).

competencia estratéxica (capacidade para utilizar estratexias de comunicación que compensen as posibles lagoas noutras competencias).

-A análise e consideración dos distintos aspectos que interveñen no desenvolvemento da competencia lingüística:

O compoñente lingüístico que comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica (a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua).

O compoñente pragmático-discursivo que contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa axeitada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).

O compoñente socio-cultural que inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.

O compoñente estratéxico que permite ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversa, como destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal

e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.

O compoñente persoal que intervéñ na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

-No Bacharelato a metodoloxía partirá, así mesmo, dun enfoque comunicativo, intentando reproducir na clase situacións de uso en contextos auténticos. Posto que o obxectivo primeiro é que poidan afrontar con éxito a situacións distintas de comunicación, xa sexan orais ou escritas, os contidos introdúcense en das necesidades do proceso da aprendizaxe da lingua como instrumento de comunicación. A progresión gramatical é consecuentemente gradual e concéntrica; e a súa presentación farase no marco das correspondentes tarefas e de forma integrada coas necesidades lingüísticas para levar a cabo a tarefa, a acción, con corrección e coherencia.

O alumnado debe asumir a súa responsabilidade neste proceso, participando activamente, tomando parte en debates e charlas, esforzándose por expresar ideas cada vez mais complexas, utilizando as estruturas e o vocabulario axeitado, mellorando as súas producións escritas e utilizando e desenvolvendo estratexias que lles faciliten a comprensión de textos orais e escritos.

-Potenciarase non só o traballo individual senón tamén de grupo, o pensamento autónomo, o uso de técnicas e hábitos de investigación, así como o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Traballaranse de forma integrada as cuatro destrezas:

-*Listening*: comprensión de enunciados; anticipación de contidos; atención selectiva; identificación de información específica; inferencia de significados; toma de notas; seguimento de instrucións; identificación do tema principal; secuenciación de información; recoñecemento da pronuncia; distinción de diferentes matices de significado segundo o ritmo e a entoación; audición comprensiva de mensaxes emitidas por falantes con distintos acentos, etc.

-*Speaking* (produción oral): estratexias de elaboración que facilitan a interacción na aula, tales como organizar as ideas antes de falar e basear a exposición oral nun guión que dea mostras de claridade e de estrutura lóxica; estratexias de compensación, clarificación e comprobación; estratexias para a práctica como a repetición, a imitación, a aplicación de regras, etc.; estratexias de autocorrección como a identificación de problemas e a súa solución, buscando sempre mellorar a pronuncia, o ritmo e a entoación nas producións orais.

-*Reading*: predición do contido do texto a partir do título, subtítulo e ilustracións; lectura da primeira oración de cada parágrafo para atopar a idea central; identificación da finalidade do texto (informar, entreter, etc.); procura de información específica (scanning); identificación das palabras clave nun texto; inferencia de significados non explícitos (ler entre liñas); dedución do significado das palabras polo contexto.

-*Writing*: á marxe das estratexias comentadas no apartado de *Speaking*, inclúense tamén as de transferencia, elaboración e autocorrección; o desenvolvemento da imaxinación e da creatividade, e a procura da información en diversas fontes. O estudante deberá atender tanto ao proceso de escritura coma ao produto, tendo en conta as características propias do tipo de texto, utilizando o rexistro idóneo, os marcadores do discurso e os signos de puntuación adecuados, ordenando frases e parágrafos en textos coherentes mediante o uso de adxectivos, adverbios, expresións temporais, conxuncións e conectores e respectando á vez a estrutura dos mesmos.

-Por mor da proba das probas de acceso a Universidade, farase fincapé na **lectura comprensiva e autónoma** de textos de temática xeral e/ou adecuados aos seus intereses. O alumnado utilizará técnicas de aprendizaxe que desenvolvan a súa autonomía na lectura comprensiva e no uso dos procedementos adquiridos de modo sistemático. Os tipos de texto máis usuais serán artigos de revistas, textos informativos, narrativos e culturais, extractos de libros, poemas e historias breves. As estratexias de lectura centradas en desenvolver a súa autonomía, tales como a utilización de dicionarios (seleccionar o adecuado, detectar e buscar as palabras esenciais para a comprensión, identificar a acepción apropiada, etc.), o uso de gramáticas e libros de referencia, e o uso de recursos lingüísticos tales como a formación de palabras, as categorías gramaticais, a identificación de *falsefriends*, sinónimos, etc., requiren unha práctica sistemática para alcanzar a automatización no desenvolvemento da lectura comprensiva. Os textos iranse especializando pouco a pouco, con temas de interese e actividades de dificultade adecuada ao seu nivel, co obxectivo de fomentar nos alumnos/as o aprecio da lectura como fonte de información, pracer, lecer e acceso a outras culturas e formas de vida. Tamén se pretende fomentar unha actitude receptiva e respectuosa, e ao mesmo tempo crítica, cara á información que transmiten os devanditos textos.

-Polo mesmo motivo, traballarase especialmente a **producción escrita**. A complexidade estará non só na extensión e nos conceptos expresados, senón tamén nas habilidades comunicativas utilizadas pois os textos terán un carácter cada vez máis complexo, aínda que sempre dentro da realidade persoal e académica do alumnado. As producións incluírán desde cartas ou correos electrónicos informais, ata textos narrativos, de opinión, argumentativos, informativos e descritivos, biografías e cartas ou correos electrónicos formais. Os alumnos/as deberán progresar na utilización das estruturas gramaticais, mostrando así un grao de madurez sintáctica maior que na ESO. Esta madurez leva aparelado o uso correcto dalgunhas oracións subordinadas e marcadores do discurso, a ampliación do léxico receptivo e produtivo, e o desenvolvemento de procesos de auto corrección.

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Para desenvolver a programación contamos cos seguintes recursos:

Libros de texto:

1º ESO: *NEWACTION 1*. Caroline McDonald & Emily Devlin. Burlington Books 2º ESO: *NEWACTION 2*.

Caroline McDonald & Emily Devlin. Burlington Books

2º ESO PMAR: *NEW ACTION 2 BASIC PRACTICE*. Caroline McDonald & Emily Devlin. Burlington Books

3º ESO: *SMART PLANET 3*. Ben Goldstein & Ceri Jones. Cambridge U.P. 4º ESO: *SMART PLANET 4*. Ben Goldstein & Ceri Jones. Cambridge U.P.

3º ESO PMAR Programa de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento: *Smart Planet 3 WORKBOOK + Basic Grammar and Vocabulary Worksheets*. Ben Goldstein. Cambridge University Press.

1º BACHARELATO: *Trends for Bachillerato 1*. Margaret Baines & Steven Rodwell. Burlington Books. (recomendado)

2º BACHARELATO: *Trends 2 for Bachillerato 2*. Margaret Baines & Steven Rodwell. Burlington Books. (recomendado)

Os libros de lectura serán recomendados para 1º e 2º da E.S.O e obrigatorios para o resto de niveis agás 2º de bacharelato.

Material impreso variado: distintos libros de lectura para préstamos, revistas, folletos, dicionarios, gramáticas, libros de exercicios, etc.

Material fotocopiado, subministrado por distintas editoriais e de confección propia para actividades de desenvolvemento dos contidos, reforzo, consolidación ou ampliación.

Reprodutor de vídeo e de DVD e películas de fala inglesa en vídeo ou DVD.

Lectores de CD e CDs de audio diversos: correspondentes aos libros de texto, musicais, listenings de Proba ABAU...

Os recursos informáticos do centro que utilizamos na medida do posible por ser compartidos por todos os departamentos. Utilizaranse para facer xogos didácticos, *webquests*, e para a busca de información para os seus traballos de investigación.

Pizarras dixitais ou ordenador con proxectores na maioría das aulas, máis ordenadores Abalar para os alumnos de 1º e 2º da ESO.

Este ano contamos coa presenza dun auxiliar de conversa que disporá de 16 horas a repartir entre todos os niveis.

8. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

8.1. CRITERIOS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN

-Na Educación Secundaria Obrigatoria e no Bacharelato, os **referentes** para a comprobación **do grao de adquisición das competencias** e o logro dos obxectivos de etapa , avaliacións continua e final da materia serán os **criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe** que figuran no *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*. Estes criterios de avaliación describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina, mentres que os estándares de aprendizaxe avaliábeles constitúen as especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados da aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina.

A avaliación do alumnado nos ámbitos que conforman o **programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento** terá como referente fundamental as competencias e os obxectivos da educación secundaria obrigatoria, así como os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeles. **Esta avaliación será continua e diferenciada**, segundo os ámbitos do programa e as materias.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de **educación secundaria obrigatoria** será **continua, formativa e integradora**. No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

-A avaliación da aprendizaxe do alumnado de **Bacharelato** será **continua e diferenciada** segundo as materias, terá un **carácter formativo** e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

-A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser **integradora**, e deberá terse en conta desde todas as materias a consecución dos **obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias** correspondente. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares

de aprendizaxe de cada unha delas.

-O profesorado avaliará tanto as **aprendizaxes do alumnado** como os **procesos de ensino e a súa propia práctica docente**, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas.

-Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con **necesidades educativas especiais**. Estas adaptacións non se terán en conta en ningún caso para minorar as cualificacións obtidas.

8.2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

A avaliación, con carácter formativo e orientador, será **continua** e estará plenamente integrada na actividade habitual da aula, permitindo detectar as dificultades no momento no que se producen e, en consecuencia, incorporar as medidas de ampliación, enriquecemento, reforzo ou adaptación necesarias. Ao comezo do curso levarase a cabo unha **avaliación inicial** para determinar os coñecementos previos do alumnado. Ao longo de todo o proceso efectuarase unha **avaliación formativa** que nos proporcione información sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe e nos permita efectuar os axustes necesarios na programación. Por último, a **avaliación sumativa** permitiranos contrastar a eficacia do proceso educativo, ver si se conseguiron os obxectivos propostos, e serviranos para tomar decisións con respecto á promoción do alumno.

Entre os instrumentos e técnicas que se axusten ao que necesitamos avaliar en cada momento podemos destacar:

A observación sistemática do alumno: Axúdanos a avaliar a súa actitude, participación nas actividades, cumprimento das tarefas, curiosidade, hábito de traballo, esforzo, colaboración co grupo, respecto polas intervencións e opinións dos outros, autonomía, etc.

Os traballos: (redaccións, exposicións orais, de investigación, resumos, glosarios...) proporciónanos información acerca das súas destrezas de expresión escrita e de expresión oral, así como da súa capacidade para buscar información, contrastala e sintetizala.

Controis e exames: utilizaranse fundamentalmente para a avaliación sumativa. Poderán ser probas orais e escritas, obxectivas, de preguntas abertas ou pechadas, de exposición dun tema, etc.

Entrevistas, cuestionarios: utilízanse en casos concretos, cando a situación o aconselle, para levar a cabo unha autoavaliación por parte do alumno, para coñecer a valoración que é capaz de facer de si mesmo. Tamén para que él mesmo e/ou o profesor avalíen a a metodoloxía empregada, as actividades, ou calquera outro elemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Rúbricas: utilízanse para avaliar o grado de adquisición das competencias clave, o grado do logro de

consecución dos estándares de aprendizaxe, a adecuación da programación, o proceso de ensino e a práctica docente, etc.

8.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Realizaranse probas orais e escritas para constatar o grado de adquisición das catro destrezas así como os progresos con campos da gramática e o do vocabulario.

As cualificacións das distintas avaliacións se comporán en base as seguintes porcentaxes:

Primeiro, segundo, terceiro e cuarto curso da ESO.

Gramática-vocabulario: 50%

Comprensión oral: 10%

Expresión oral: 10%

Comprensión escrita: 10%

Expresión escrita: 10%

O 10% restante corresponderá ao cumprimento das tarefas, orais e escritas, e a elaboración dos proxectos, exposicións ou traballos encomendados, se fora o caso.

Primeiro curso de Bacharelato

Gramática-vocabulario: 40%

Comprensión oral: 10%

Expresión oral: 10%

Comprensión escrita: 15%

Expresión escrita: 15%

O 10% restante corresponderá ao cumprimento das tarefas, orais e escritas, e a elaboración dos proxectos, exposicións ou traballos encomendados.

Segundo curso de Bacharelato

Gramática-vocabulario: 40%

Comprensión oral: 10%

Expresión oral: 10%

Proba tipo ABAU: 40%

Avaliación e cualificación Afondamentos 1º e 2º de BAC

Avaliación Procedementos:

Entrega de probas de uso do idioma, expresión escrita, comprensión escrita e oral , rexistro dos traballos na casa.

Tendo en conta que o 3º trimestre non é avaliabile , todos os alumnos e alumnas que teñan a materia de Lingua Inglesa superada, cunha nota nunca menor de 5, a mellora na nota (de ata 1 punto) conseguirase coa realización e entrega das tarefas propostas polo/a profesor/a en forma e tempo.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

De 1º de ESO a 1º de Bacharelato: No caso de non superar a materia durante o curso , o/a alumno/a realizará unha proba extraordinaria que constará das seguintes partes:

- Gramática + Vocabulario (Grammar + Vocabulary) : 6 puntos
- Comprensión Escrita (Reading Comprehension) : 1 puntos
- Expresión Escrita (Writing) : 3 puntos

En Segundo de Bacharelato : No caso de non superar a materia durante o curso , o/a alumno/a realizará unha proba extraordinaria que constará de dúas partes:

- Unha parte de gramática e vocabulario que puntuará o 50% da nota.
- Unha proba tipo “ABAU” que puntuará o restante 50% da nota final.

Os criterios de cualificación para o **alumnado coa materia de Lingua Inglesa pendente** son os seguintes para as probas de abril/maio ou a extraordinaria de xuño:

- Gramática + Vocabulario (Grammar + Vocabulary) : 5 puntos
- Comprensión Escrita (Reading Comprehension) : 2.5 puntos
- Expresión Escrita (Writing) : 2.5 puntos

Observacións xerais á cualificación:

-Dado que a avaliación faise de forma continúa e a materia ten carácter progresivo, **non se farán recuperacións por avaliacións.**

Tanto na ESO como no BAC se aplicará o criterio de outorgar un **20% á nota da primeira avaliación, un 30% á segunda e un 50% á terceira** para chegar á cualificación de final de curso.

O redondeo da nota de cada avaliación a decidirá o profesor correspondente sen que se sobreentenda que sempre ten que ser á alza.

-Nos **exames extraordinarios** non haberá probas orais.

8.4. PROMOCIÓN

-As decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de xeito colexiado polo conxunto de profesores e profesoras do alumno ou da alumna respectivo/a, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes e respectando as directrices das autoridades educativas.

-Na Educación Secundaria Obrigatoria, promocionarase ao curso seguinte cando se superen os obxectivos das materias cursadas ou se teña avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirase curso con avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura e Matemáticas de forma simultánea. De forma excepcional, poderase autorizar a promoción dun alumno ou dunha alumna con avaliación negativa en tres materias sempre e cando dúas das materias non sexan as mencionadas con anterioridade, e o equipo docente considere que o alumno o alumna ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.

-Quen promocione sen superar todas as materia deberá matricularse das materias non superadas, seguirá os programas de reforzo que estableza o equipo docente e deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos programas de reforzo.

-O alumno ou a alumna que non teñan promoción deberán permanecer un ano máisno mesmo curso. Esta medida poderáselle aplicar no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo dentro da etapa. Excepcionalmente, poderá repetir unha segunda vez en cuarto curso se non repetiunos cursos anteriores da etapa.

-No Bacharelato, os alumnos e as alumnas terán promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando teñan superadas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias, como máximo. En todo caso, deberán matricularse en segundo curso das materias pendentes de primeiro. Os centros docentes deberán organizar as consecuentes actividades de recuperación e a avaliación das materias pendentes.

-Os alumnos e as alumnas que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas, ou optar por repetir o curso completo.

9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Os profesores avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que incluímos a continuación unha rúbrica cos indicadores de logro e os elementos a avaliar:

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			Resultado
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	
Programación didáctica.	Non se adecúa ó contexto da aula.	Adecúase parcialmente ó contexto da aula.	Adecúase completamente ó contexto da aula.	
Plans de mellora.	Non se adoptaron medidas de mellora tralos resultados académicos obtidos.	Identificáronse as medidas de mellora a adoptar tralos resultados académicos obtidos.	Adoptáronse medidas de mellora segundo os resultados académicos obtidos.	
Medidas de atención á diversidade.	Non se adoptaron medidas de atención á diversidade adecuadas.	Identificáronse as medidas de atención á diversidade a adoptar.	Adoptáronse medidas de atención á diversidade adecuadas.	
Temas transversais.	Non se traballaron tódolos temas transversais na materia.	Traballáronse a maioría dos temas transversais na materia.	Traballáronse tódolos temas transversais na materia.	
Programa de recuperación.	Non se estableceu un programa de recuperación para os alumnos.	Iniciouse o programa de recuperación para os alumnos que o necesiten.	Estableceuse un programa de recuperación eficaz para os alumnos que o necesiten.	
Obxectivos da materia.	Non se alcanzaron os obxectivos da materia establecidos.	Alcanzáronse parte dos obxectivos da materia establecidos para o curso.	Alcanzáronse os obxectivos da materia establecidos para este curso.	
Competencias clave.	Non se desenvolveron a maioría das competencias clave relacionadas coa materia.	Desenvolvéronse parte das competencias clave relacionadas coa materia.	Logrouse o desenvolvemento das Competencias clave relacionadas con esta materia.	
Práctica docente.	A práctica docente non foi satisfactoria.	A práctica docente foi parcialmente satisfactoria.	A práctica docente foi satisfactoria.	
Programas de mellora para a práctica docente.	Non se deseñaron programas de mellora para a práctica docente.	Identificáronse os puntos para deseñar un programa de mellora para a práctica docente.	Deseñáronse programas de mellora para a práctica docente.	
Materiais e recursos didácticos	Os materiais e recursos didácticos non foron os adecuados.	Os materiais e recursos didácticos foron parcialmente adecuados.	Os materiais e recursos didácticos foron completamente adecuados.	
Disribución de espazos e tempos	A distribución dos espazos e tempos non foi adecuada ós métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	A distribución dos espazos e tempos foi parcialmente adecuada ós métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	A distribución dos espazos e os tempos foi adecuada ós métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			Resultado
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	
Métodos didácticos e pedagóxicos	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados non contribuíron á mellora do clima da aula e do centro.	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron parcialmente á mellora do clima na aula e do centro.	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron á mellora do clima da aula.	
Resultados da avaliación	Os resultados da avaliación nesta materia non foron satisfactorios.	Os resultados da avaliación nesta materia foron moderados.	Os resultados da avaliación nesta materia foron satisfactorios.	

10. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Na ESO. cada profesor/a fará un seguimento do alumnado dos seus grupos coa materia pendente, e proporcionaralles tarefas de recuperación para realizar ao longo do curso. **Considérase aprobada a materia pendente se aproba a primeira e segunda avaliación.**

Os alumnos de segundo de Bacharelato coa materia de primeiro pendente, serán tutelados polo seu profesor e entenderase que se aproban a primeira ou a segunda avaliación terán a materia pendente aprobada.

No caso contrario e en todos os cursos farase unha proba nos meses de abril ou maio para conseguir o aprobado.

En calquera dos dous casos, aprobar as dúas primeiras avaliacións do curso no que estean, suporá automaticamente o aprobado na materia pendente, polo que non terían necesidade de facer a última proba parcial.

Cada un dos profesores do departamento ocuparase do seguimento dos seu propio alumnado. As probas globais serán organizadas consensuadamente por todos os profesores do departamento.

11. PROCEDIMIENTO DE ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS NO BACHARELATO

Segundo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, artigo 36 e anexo VI, a materia Primeira Lingua Estranxeira II implica continuidade polo que se un alumno ou alumna quixera cursala sen ter cursado a de primeiro, tería que cursalas á vez, tendo a materia de primeiro o carácter de pendente, aínda que non sería computable para os efectos de modificar as condicións en que se tería promoción a segundo.

No caso de que se matriculase un alumno ou alumna nestas circunstancias seguiría o mesmo procedemento que o alumnado coa materia pendente, descrito no apartado 10 desta programación: *“Os alumnos de segundo de Bacharelato coa materia de primeiro pendente, farán só dúas probas ao longo do curso, e terán, ao igual que o alumnado da ESO, que presentar as tarefas que lle sexan encomendadas polo/a profesor/a, e que serán valoradas cun 30% da cualificación final”*

12.A AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS

A comezos de curso, nas datas que determine Xefatura de Estudos, levarase a cabo a avaliación inicial nos grupos da ESO. Esta avaliación permitiranos analizar o nivel académico dos alumnos, axustar a resposta educativa aos distintos grupos, así como detectar alumnos con dificultades na aprendizaxe.

Esta avaliación inicial levarase a cabo mediante a observación na aula e a realización dunha pequena proba sobre o currículo do curso anterior. Os resultados, expresados fundamentalmente en termos de adquisición de competencias, expoñeranse e contrastaranse na sesión de avaliación correspondente.

Esta información, xunto coa proporcionada polo resto dos departamentos servirá para propoñer medidas de atención a diversidade de tipo curricular, organizativo e/ou metodolóxicas; desde a incorporación a un grupo de reforzo, ou programa de Mellora do Aprendizaxe e do Rendemento, ou grupo de Inmersión Lingüística, a outro tipo de medidas como as expostas no punto seguinte: “*Medidas de atención á diversidade*”.

13.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As adaptacións centraranse en:

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe
2. Apoio dentro da aula por mestres especialistas, persoal complementario ou outro persoal.
3. Metodoloxía máis personalizada.
4. Accesibilidade dos elementos do currículo para o alumnado con necesidades educativas especiais.
5. Reforzar as técnicas de aprendizaxe.
6. Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes.
7. Adaptacións curriculares significativas dos elementos do currículo.
8. Aumentar a atención orientadora.
9. Atención educativa ó alumnado por situacións persoais de hospitalización ou de convalecencia domiciliaria.
10. Enriquecemento curricular.
11. Avaliacións adaptadas ás necesidades destes alumnos.

a) Para o alumnado con altas capacidades intelectuais: facilitaranse contidos e materiais de extensión adecuados as necesidades destes alumnos para permitir alcanzar o máximo do seu potencial.

b) Para os alumnos con integración tardía no sistema educativo: adoptaranse as medidas de reforzo necesarias para facilitar a súa integración escolar e a recuperación de seu desfase para que lles permita

continuar cos seus estudos con aproveitamento.

c) Para o alumnado repetidor: Ao alumnado repetidor deberá esixírselle somentes o cumprimento dos contidos mínimos correspondetes a cada curso e publicados na páxina web dentro desta programación didáctica. Para reforzar a aprendizaxe de ditos contidos o alumnado pode realizar as tarefas de repaso ou “Review” que contén cada unidade do material co que traballamos ou, sempre que sexa necesario, facilitarlle fotocopias simplificadas dos contidos que estamos a traballar no grupo de referencia.

d) Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe: se adoptarán tanto medidas de escolarización como de atención. Para os alumnos con discapacidade, se tomarán medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Para os alumnos con dificultades de aprendizaxe graves, se priorizarán os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de alcanzar un progreso suficiente nos contidos conceptuais. **Hai que insistir nos contidos instrumentais ou en materiais considerados como tais.**

Na ESO imos atopar diferentes niveis no coñecemento desta lingua (faráselles unha proba o comezo do curso para determinar o nivel) e polo tanto teremos que prestar especial atención a aqueles alumnos que teñan mais dificultade tanto a hora de entender coma a de expresarse oralmente ou por escrito, dándolles materiais adecuados a cada un, e sobre todo animándoos para que poidan seguir avanzando e aprendendo cousas novas; deste xeito non se sentirán en inferioridade de condicións con respecto os seus compañeiros e poderán conseguir, sempre que so propoñan, acadar os niveis mínimos esixidos e non abandonar a materia. Ímonos atopar tamén con alumnos altamente desmotivados e cun historial de fracaso cos que teríamos que intentar conectar a través dos seus propios intereses e afeccións.

No bacharelato, aínda que a heteroxeneidade en canto a coñecementos sexa un pouco menor que na ESO, e o interese debería ser maior por ser ensinanza post obrigatoria, encontrámonos con alumnos que comezan esta etapa sen ter superado o inglés de 4º ESO. Os ritmos e estilos de aprendizaxe seguen a ser distintos e os seus intereses son cada vez máis distintos e incluso diverxentes.

Así pois, para atender a esta diversidade de intereses, motivacións e capacidades no desenvolvemento das unidades didácticas teremos que:

- Traballar con textos de temática diversa para atender os distintos intereses.
- Utilizar materiais didácticos diversos (textuais, gráficos, audiovisuais...) que contemplan os distintos estilos de aprendizaxe.
- Proporcionarlles mais tempo aos menos avantaxados na realización de actividades consideradas esenciais, aínda que deixen de facer outras.

- Fomentar a reflexión do alumno sobre a súa aprendizaxe.
- Potenciar a autonomía do alumnado na aprendizaxe proporcionándolle estratexias e ferramentas adecuadas.
- Procurarlles actividades de reforzo aos alumnos con problemas de comprensión e actividades de ampliación e afondamento aos alumnos máis avantaxados.
- Promover o traballo en grupo xa que permite distribuír as actividades segundo as distintas capacidades e intereses e posibilita que os alumnos que dominen determinadas destrezas poidan axudar aos que presentes algunha deficiencia.

Ademais destas medidas metodolóxicas, contamos con dous grupos que nos axudarán a atender a diversidade: un grupo en 2º e outro en 3º do Programa de Mellora do Aprendizaxe e do Rendimento. Contamos ademais, este ano, con dúas horas semanais de Afondamento en 1º BAC e outra hora de Reforzo en 2º BAC.

14. TEMAS TRANSVERSAIS E EDUCACIÓN EN VALORES

No *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño* establécese que a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias. Do mesmo xeito establece, entre outros, que a Consellería con competencias en educación:

-fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

-promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

-fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa,

o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

-no ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

Igualmente establece que a programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Establece así mesmo que se evitarán os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Tanto a dinámica da clase coma os materiais cos que se traballan propician que moitos dos temas transversais poidan ser tratados nesta materia en maior ou menor medida. Os contidos correspondentes a estes temas introdúcense nas distintas unidades didácticas e nos distintos cursos a través dos textos traballados e das actividades que deles se derivan.

A igualdade entre homes e mulleres:

- Igualdade nas capacidades persoais e oportunidades. Igualdade no ámbito educativo e laboral.
- Igualdade no trato dentro do ámbito familiar. Tarefas domésticas compartidas.
- Participación e convivencia de ambos os dous sexos en actividades de tempo libre.
- Rexeitamento de estereotipos familiares, sociais e profesionais.
- Relacións afectivas e de amizade entre mozos.
- Uso responsable das redes sociais.
- Respecto polos distintos tipos de modelos de familia e relacións.

A prevención e resolución pacífica de conflitos:

- Valoración de manifestacións socioculturais do mundo anglo-falante.
- Interese e respecto por culturas, razas e crenzas diferentes.
- Respecto pola condición sexual dos outros.
- Respecto polas diferentes formas de organización familiar e social.
- Rexeitamento ao terrorismo e á guerra. Conciencia do seu impacto na vida das persoas.
- Rexeitamento cara aos actos delituosos.
- Interese polos acontecementos históricos e a súa influencia no mundo de hoxe.
- Recoñecemento do holocausto xudeu.

- Respecto polos gustos, preferencias e profesións doutras persoas.
- Valoración positiva da amizade.
- Mostras de solidariedade con persoas e pobos do mundo en vías de desenvolvemento.
- O turismo e os intercambios internacionais como modo de acceso a outras culturas.
- A música moderna como vínculo de unión entre a xuventude a escala internacional.

A solidariedade cara ó mundo

Respecto e solidariedade cara ás persoas coas que se convive. Rexeitamento a actitudes egoístas e antisociais.

-Necesidade de colaborar na atención ás cargas e necesidades do ámbito familiar e social. Axuda a persoas necesitadas.

-Respecto e solidariedade cara as persoas con discapacidade. Recoñecemento das súas limitacións e dos seus logros.

-Rexeitamento de todo tipo de escravitude.

-As ONGs. A axuda aos máis débiles.

A actividade física e a dieta equilibrada. O tempo de ocio

A importancia dunha dieta sa.

O valor dos deportes.

O coidado da nosa propia saúde. A importancia de ter uns hábitos sans.

-As actividades deportivas no tempo de ocio.

-Rexeitamento a hábitos pouco saudables no tempo libre.

A educación e seguridade vial

Interpretación de planos e mapas.

Planificación de percorridos.

-Interpretación de sinais de tráfico.

-A condución responsable.

O espírito emprendedor

-O traballo en equipo e cooperativo.

-Valoración da iniciativa e a creatividade.

-Desenvolvemento dun sentido crítico.

O desenvolvemento sostible e o medio ambiente

Importancia dun consumo responsable.

-Valoración crítica da publicidade.

-A roupa e a moda.

-Traballos de estudantes para obter diñeiro de peto.

Concienciación da importancia do medio e a súa conservación.

A importancia da flora e fauna para os seres humanos.

-O transporte público.

Catástrofes naturais e desastres ecolóxicos.

-Consumo responsable de enerxía. As enerxías renovables.

A educación moral e cívica

Respecto ás normas de convivencia en calquera contexto.

Respecto polo físico, a personalidade e as aptitudes de cada un.

Respecto polas pertenzas dos demais.

Valoración positiva das distintas profesións.

Actitude responsable nas tarefas e rutinas diarias.

Valoración das distintas opinións dadas.

Interese por coñecer os costumes doutras culturas.

15.CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PROXECTO LECTOR

Co fin de desenvolver de forma sistemática a competencia lectora así como de fomentar o hábito lector, dentro do marco do Proxecto Lector do centro, e con independencia da natureza mesma da materia da que a lectura es parte substancial, o departamento acordou:

- Ler o longo do curso un libro de lectura graduado en cada un dos niveis. Dedicaranse ao menos 20 minutos cada semana a esta tarefa. Os libros serán fornecidos polos fondos existentes na biblioteca ou ben se lles pedirá a adquisición dun libro de lectura graduada.
- Potenciar a lectura en voz alta co obxectivo de mellorar a pronunciación e a entoación, así como as exposicións orais na clase.
- Familiarizar ao alumnado con distintos tipos de textos, impresos e virtuais: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos...
- Promover a escritura de pequenos textos de distinta tipoloxía.
- Visitar a biblioteca, coñecer os seus fondos e o sistema de préstamos, co fin de estimular o fomento da lectura como actividade de ocio.
- Realizar actividades que avalíen a capacidade de comprensión lectora.
- Grupos de lectura dentro e fóra da aula. Estamos valorando a posibilidade de introducir un club de lectura en inglés para o segundo ciclo de ESO e/ou Bacharelato.

- Participación activa de pequenos traballos baixo a coordinación da biblioteca para aprender das celebracións típicas dos países Anglo-falantes.

16. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN TIC

Co fin de contribuír a adquisición por parte dos alumnos dunha competencia dixital, e dentro do marco do Plan de Integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación desenvolto no centro, o departamento de inglés acordou:

- Introducir aos alumnos en portais educativos e páxinas web diversas que conteñen recursos didácticos cos que poden traballar de forma autónoma, revisando, consolidando e ampliando os seus coñecementos da materia.
- Fomentar o uso dos xogos de vocabulario ofrecéndolles mostras e animándolles a que encontren páxinas similares.
- Realizar xogos tipo *Kahoot*
- Utilizar fichas interactivas (*Liveworksheets* o similares)
- Utilizar a aula virtual do centro

Realizar, alo menos, unha ou dúas *webquests* durante o curso (actividade didáctica de investigación guiada con recursos procedentes de Internet).

Pedirilles a realización de traballos monográficos co fin de que busquen, traten e procesen a información obtida en Internet.

Esixirlles a presentación de traballos realizados integramente a ordenador, sempre e cando sexa posible.

Traballar contidos propios da comunicación actual tales como envío e recepción de *e-mails* ou a participación nun *chat*.

17. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN DE CONVIVENCIA

Dado o enfoque comunicativo da materia e a necesaria participación do alumno en clase, o primeiro paso para aprender é lograr un ambiente respectuoso na aula. Fomentar a atención ao profesor e aos compañeiros, mostrar respecto cara ás opinións dos demais, potenciar o acordo sempre que sexa posible, axudar ao alumnado a entender que o erro é parte da aprendizaxe e non debe constituír motivo de burla, así como condenar calquera tipo de manifestación sexista ou racista, constituirá a base da convivencia e evitará a posibilidade de conflito.

O departamento contribuirá ademais ao Plan de Convivencia do centro a través de:

- O traballo en clase con textos orais e escritos que faciliten o tratamento de actitudes, valores e normas.
- A planificación de actividades de aprendizaxe cooperativa que creen un clima positivo na aula e permitan

dar resposta á diversidade do alumnado.

-A detección e comunicación á comisión de convivencia de incumprimentos das normas, condutas disruptivas, intimidacións, agresións ou acoso para levar a cabo unha intervención inmediata.

-O rigoroso cumprimento dos protocolos recollidos no Plan de Convivencia do centro.

-A elaboración de materiais didácticos graduados para a Aula de Convivencia, de modo que os alumnos que deban permanecer nela poidan seguir coa súa aprendizaxe.

-A formulación de propostas na CCP, se fose o caso, para a mellora da convivencia no centro.

18.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Como xa se fixo en cursos pasados, como actividade complementaria se propón a asistencia dos alumnos á representación dunha obra teatral en Inglés, adaptada ao seu nivel.

Tamén valorarase facer como en anos prepandemia un contacontos Inglés-Galego en colaboración do departamento de Lingua Galega proposto para o primeiro trimestre.

Como nos cursos anteriores, se colaborará coa Biblioteca, aportando material e actividades, nas exposicións e conmemoracións relacionadas con autores de fala inglesa ou ben se realizarán pequenos traballos relacionados coas celebracións típicas (Halloween) ou outras conmemoracións .

Colaborarase con outros departamentos na realización de visitas culturais.

Proposase á unha das editoriais que nos sirva os libros de texto (Burlington) que nos faciliten unha charla cultural sobre Gran Bretaña a mans dun profesor nativo. (Podería ser para o 2º trimestre)

Se a marcha do curso e o interese dos alumnos o propicia poderán realizarse outras actividades en horario de tarde de distinta índole (visionado de películas en inglés, xuntanzas para conversar en inglés, clubs de lectura de temática diversa, etc.)

Sempre se aceptarán suxestións por parte dos alumnos cando queiran facer calquera tipo de actividade fora do horario lectivo.

19.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Durante o curso así como ao remate, e a vista dos resultados académicos, revisarase e avaliarase a programación didáctica, co fin de modificar todos aqueles aspectos susceptibles de mellora. Para este fin, utilizarase unha selección de enunciados que pretenden facer un percorrido polos aspectos clave da programación e dos resultados, co fin de detectar os puntos que deben ser axustados, modificados ou mellorados.

Adxudicarase un valor positivo ou negativo (SÍ ou NON) a cada unha das afirmacións, facendo observacións acerca das posibles melloras cando proceda.

		SÍ	NON	MELLORA
1	Programáronse todos os aspectos necesarios.			
2	Os obxectivos establecidos foron coherentes con cada nivel.			
3	Conseguíronse os obxectivos previstos.			
4	A selección de contidos foi correcta e acorde coa proposta de obxectivos.			
5	A secuencia de contidos foi progresiva e adecuada ao nivel.			
6	A temporalización das unidades foi correcta.			
7	A metodoloxía utilizada axudou á consecución dos obxectivos e á adquisición das competencias.			
8	A metodoloxía utilizada permitiu atender á diversidade.			
9	As actividades de ensino-aprendizaxe foron motivadoras e variadas.			
10	As actividades de ensino-aprendizaxe foron accesibles e estaban graduadas en dificultade.			
11	O deseño das actividades de ensino-aprendizaxe facilitou a adquisición das competencias clave.			
12	O deseño das actividades de ensino-aprendizaxe propiciou o tratamento dos temas transversais.			
13	Os materiais e recursos didácticos foron suficientes, diversos e adecuados.			
14	Os criterios de avaliación estaban claramente definidos.			
15	Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe foron coherentes cos obxectivos, contidos e actividades propostas.			
16	Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe permitiron avaliar as			

	competencias clave.			
17	Os procedementos de avaliación foron variados e flexibles, e contemplaron mecanismos de recuperación.			
18	Os grados mínimos de consecución dos estándares de aprendizaxe para a obtención dunha avaliación positiva foron claros, concretos e adecuados.			
19	A atención a pendentes foi suficiente e adecuada ás súas necesidades.			
20	As actividades previstas dentro do Proxecto Lector contribuíron a mellorar a súa lectura comprensiva.			
21	As actividades previstas dentro do Plan de Integración das TICs incrementaron a súa competencia dixital.			
22	As actividades complementarias axudaron a estimular o seu interese pola materia.			
23	O número de aprobados é similar aos do curso anterior.			
24	O número de suspensos é razoable en relación aos resultados obtidos noutras materias.			
25	Hai unha porcentaxe razoable de cualificacións altas.			

19.1. ENSEÑANZA SEMIPRESENCIAL OU TELEMÁTICA

Durante este ano e como consecuencia da situación excepcional que seguimos a padecer terase en conta a posibilidade de ter que dar calse de forma telemática ou de forma semipresencial.

Adaptarase estas dúas posibilidades as instrucións das autoridades educativas que se ditén no momento que teñamos que optar por unha das dúas posibilidades.

O alumnado vai ser formado dende os primeiros días de clase no uso e control das ferramentas dixitais oficiais como AULA VIRTUAL ou Cisco Webex así como existirá a posibilidade de facer uso dos materiais dixitais gratuítos ofertados polas editoriais dos libros de texto para facer un mellor aproveitamento do estudo. No momento en que se teña que optar por unha das dúas posibilidades estudarase a posibilidade de revisar a programación e cambiar os aspectos que se necesiten, isto podería conlevar a redución dos bloques tal e como están agora mesmo. Levarase a cabo un exame das necesidades do alumnado en canto a medios dixitais nas súas casas e haberá que darlle unha solución para que ninguén pódase ver prexudicado nun

eventual peche das aulas.

A posible docencia non presencial para toda unha aula ou nivel, desenvolverase no seu curso correspondente na Aula Virtual, onde estarán os contidos a traballar, coas instrucións pertinentes, para a adquisición das diferentes competencias. A docencia online, neste suposto, coincidirá coas mesmas horas de clase establecidas no horario de cada grupo ao inicio do curso (18horario espello). No caso de que algún alumno deba estar confinado individualmente, deberá realizar as mesmas tarefas desenvolvidas na aula, das que será informado a través da Aula Virtual ou do seu profesor.

20.PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

A principios de curso, proporcionáselle a todo o alumnado información sobre a programación didáctica correspondente ao seu nivel. Especificaranse as competencias que se pretenden desenvolver, os obxectivos a acadar, os contidos a tratar e os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe correspondentes. Explicaranse tamén claramente os procedementos de avaliación e os criterios de cualificación que se van utilizar, e definiranse os mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva. Unha copia destes últimos quedará exposta no taboleiro da cada aula.

Ademais das copias gardadas no propio departamento e na Dirección, os alumnos e as súas familias poderán consultar unha copia soporte informático en calquera momento, previa petición.

21.PLAN DE AMPLIACIÓN E REFORZO

O plan de ampliación e reforzo será elaborado tan pronto as autoridades educativas publiquen no DOG as instrucións pertinentes.

Dito plan será anexado a esta programación e colgado na páxina web do centro, na sección do Departamento de Inglés.

Asinan esta programación didáctica os membros do Departamento de Inglés:

Dna. Noemí Puga Vidal

Dna. Emma García Bértoa

Dna. Paula Vilariño Trabazo

A Coruña, 21 de setembro de 2021